



GRAO EN XORNALISMO
FACULTADE DE CIENCIAS DA COMUNICACIÓN

**COLABORACIÓN COA RAG PARA A CREACIÓN DE PEZAS
AUDIOVISUAIS DESTINADAS AO FOMENTO DO USO DO
GALEGO ENTRE A MOCIDADE
UNHA PERSPECTIVA DENDE O XORNALISMO**

Alumnos: **ALCAYDE DANS, XIÁN LOIS
QUIROGA RODRÍGUEZ, PAULA**

Titora: **RODRÍGUEZ VAZQUEZ, ANA ISABEL**

XUÑO 2020

COLABORACIÓN COA RAG PARA A CREACIÓN DE PEZAS AUDIOVISUAIS DESTINADAS AO
FOMENTO DO USO DO GALEGO ENTRE A MOCIDADE

UNHA PERSPECTIVA DENDE O XORNALISMO

COLABORACIÓN CON LA RAG PARA LA CREACIÓN DE PIEZAS AUDIOVISUALES DESTINADAS AL
FOMENTO DEL USO DEL GALLEGO ENTRE LA JUVENTUD

UNA PERSPECTIVA DESDE EL PERIODISMO

COLLABORATION WITH THE RAG TO CREATE AUDIOVISUAL PIECES INTENDED TO PROMOTE THE
USE OF GALICIAN AMONG YOUTH

A PERSPECTIVE FROM JOURNALISM

A handwritten signature in blue ink, consisting of stylized, overlapping loops and lines, positioned centrally on the page.

Visto e prace da titora

ÍNDICE

1.	INTRODUCCIÓN	7
1.1	Obxecto de estudo	8
1.2	Xustificación	9
2.	CONTEXTO TEÓRICO.....	10
2.1	Comunicación e prexuízos lingüísticos.....	11
2.2	Panorámica da situación do galego: os informes da RAG e os datos estatísticos	14
2.3	Marco normativo	19
2.3.1	Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega (2004).....	19
2.3.2	Plan de Dinamización da Lingua Galega 2019/2022	19
2.3.3	Referentes audiovisuais para a promoción do galego: estudo de mercado e decisións sobre a proposta a desenvolver	20
3.	OBXECTIVOS	27
4.	MÉTODO DE TRABALLO.....	29
5.	ANÁLISES / RESULTADOS.....	31
5.1	Desenvolvemento creativo da serie.....	31
5.2	Desglose do proceso (capítulo a capítulo)	46
6.	CONCLUSIÓNS	143
7.	MEMORIA XIAN LOIS ALCAYDE	146
8.	MEMORIA PAULA QUIROGA	153
9.	BIBLIOGRAFÍA.....	169
10.	FILMOGRAFÍA	172

RESUMO

Proxecto feito en colaboración coa RAG. Elaboración en equipo dunha campaña audiovisual dividida en cinco capítulos. Cada peza está protagonizado por un personaxe público. Estes son referentes para cada un dos retrucantes, un por capítulo, no que van coñecelos para conversar ao redor das súas preocupacións. Os conflitos expostos están relacionados coa lingua. O proxecto se destinará a promocionar o emprego da lingua galega entre a mocidade, aumentar a autoestima social respecto do idioma e amosar o galego como unha lingua digna. A distribución está prevista para outono de 2020 e se fará a través das canles que a RAG considere oportunas.

Palabras clave: Lingua galega, mocidade, RAG, audiovisual, promoción.

RESUMEN

Proyecto hecho en colaboración con la RAG. Elaboración en equipo de una campaña audiovisual dividida en cinco capítulos. Cada pieza está protagonizada por un personaje público. Estos son referentes para cada uno de los acompañantes, uno por capítulo, en los que los van a conocer para conversar alrededor de sus preocupaciones. Los conflictos expuestos están relacionados con la lengua. El proyecto se destinará a promocionar el empleo de la lengua gallega entre la juventud, aumentar la autoestima social respecto del idioma y mostrar el gallego como una lengua digna. La distribución está prevista para el otoño del 2020 y se hará a través de los canales que la RAG considere oportunos.

Palabras clave: Lengua gallega, juventud, RAG, audiovisual, promoción.

ABSTRACT

Project done in collaboration with the RAG. Team development of an audiovisual campaign divided in five chapters. Each chapter is starring a public character. These are referents for each one of their companions, one per chapter, where they will meet them to talk about their concerns. The conflicts exposed are in relation with the language. The project will be destined to promote the use of galician language among youth, to increase the language social self-esteem regarding language and show galician as a worthy language. The distribution is scheduled for the fall of 2020 and will be done through the media that the RAG considers appropriate.

Keywords: Galician language, youth, RAG, audiovisual, promotion.

CONSEGUIREMOS

ARETA BOLADO AILÉN KENDELMAN NOELIA CASTRO DANIEL CELESTER ANDRÉS GOTEIRA SARA HERMO LAURA LAMONTAGNE
ALEJANDRO GUILLÁN VERO BOQUETE VÍCTOR PEREZ IRIA VEIGA ÁNGEL CARRACEDO

DIRECCIÓN, FOTOGRAFÍA, MONTAJE: PAULA QUIROGA GUION: LOIS ALCAYDE PRODUCCIÓN: MERITXELL ÁLVAREZ



1. INTRODUCCIÓN

O presente Traballo de fin de Grao (TFG) amosa o resultado dun proxecto audiovisual baixo o título de “Conseguiremos”, elaborado entre xuño de 2019 e xuño de 2020 ao abeiro dun proxecto de colaboración entre a Facultade de Ciencias da Comunicación (USC) e a Real Academia Galega (RAG), para a elaboración dunha serie de cinco capítulos breves destinados á sensibilización e promoción do galego entre a mocidade de Galicia. Un produto audiovisual que ten como protagonistas a persoas referentes das diversas ramas da cultura e creación galegas a través das que se pretende amosar a versatilidade da nosa lingua dende o máis íntimo ata o máis profesional, pasando polas inxerencias sociais e culturais da mocidade á que quere apelar e chegar a través dunha aposta estética e narrativa feita dende a mocidade para a mocidade. Amosar unha lingua que fai comunidade e coa cal chegamos ao universal dende o local, é o principal obxectivo.

1.1 Obxecto de estudo

O tema de estudo a tratar neste traballo radica no interese xornalístico e de divulgación que a lingua e a comunicación teñen na sociedade da información. A elaboración e tratamento dos aspectos visuais, gráficos e de “relato” dun contido xornalístico son eixos onde o futuro profesional da información desenvolve as súas tarefas dentro desa sociedade da información: unha sociedade que consume produtos na rede e demanda calidade audiovisual neses mesmos contidos, así como interactividade (Castells, 2002).

O obxecto de estudo neste Traballo de Fin de Grao é como chegar á mocidade galega habitante na Comunidade Autónoma de Galicia no ano 2020 cun produto audiovisual capaz de sensibilizala no uso do galego. Decídese centrar o proxecto na mocidade xa que é o nicho futuro de falantes e é tamén un dos públicos onde a Real Academia Galega quere concentrar os seus esforzos comunicativos. Este esforzo comunicativo vertébrase nun traballo práctico consistente na elaboración dunha serie de 5 pezas audiovisuais, logo dun traballo previo de documentación extraída dos estudos sociolingüísticos respecto do uso da lingua galega e o estudo de mercado doutras campañas de difusión e normalización do galego. Tratamos os estudos sociolingüísticos arredor do idioma galego dende o ano 1992 ata os nosos días -acoutando esta data nos anos 2016 e 2018 dependendo do estudo, xa que aínda non se dispón de informes avanzados con respecto ao presente inmediato deste traballo, datado no ano 2020- e as campañas previas e contemporáneas de promoción do galego.

Entendemos como “mocidade”, aquela que, legalmente, sepárase da clasificación da “infancia”, é dicir, as mozas e mozos a partir dos catorce anos de idade, ata os trinta anos de idade, na primeira década de vida “adulta”. Trátase dun estudo, pois, focalizado nas xeracións nadas a partir do ano 1990, case dez anos despois das primeiras incursións da normalización lingüística e inclusión da lingua galega nos programas de estudos académicos e coa separación temporal axeitada daqueles individuos educados e formados nos derradeiros anos do Franquismo, no Estado totalitario, época na que a lingua galega estaba perseguida e desbotada da vida pública oficial, coa consecuente perda de falantes e agrandamento dos factores sociolingüísticos herdados dende comezos do século XX (Monteagudo, Loredó e Vázquez, 2018).

1.2 Xustificación

No ano 2019 o presidente da RAG, Víctor Freixanes, expresou a súa preocupación arredor dos negativos datos de emprego da lingua galega na mocidade, incidindo nunha diagnose na que a institución destacaba o progresivo aloxamento da lingua cos seus futuros posibles falantes. Academia (RAG, 2001), co obxectivo de levar acabo a súa función de axente promotor e dinamizador do galego en Galicia¹, decidiu tender a man a un grupo de estudantes para a realización unha campaña audiovisual innovadora. No verán do ano 2019 propuxo a varios estudantes da Facultade de Ciencias da Comunicación da USC, dos graos en Xornalismo e Comunicación Audiovisual, respectivamente, a realización de varias pezas audiovisuais cunha linguaxe anovada e con propostas novas para un público novo. Para isto conformouse un equipo que acabou sendo de catro persoas, dúas polo Grao en Xornalismo e outras dúas polo Grao en Comunicación Audiovisual. Este equipo, nunha intención de levar as novas dinámicas sociais á práctica, foron conformados de xeito paritario, sendo un varón e unha muller tanto na parte dun grao como na outra e, amparado por un acordo de colaboración entre a Facultade de Ciencias da Comunicación e a Real Academia Galega, comezou a funcionar oficialmente o martes dez de setembro de 2019. Dentro dos factores de configuración deste equipo pesaron a diversidade de funcións e destrezas de cada un dos seu membros, coa parte de Xornalismo, autora deste traballo, vencellada ao “relato” e a dirección, guión, fotografía, realización e montaxe do proxecto, e a parte de Comunicación Audiovisual vencellada á da produción das pezas.

Comeza, así, a andadura deste proxecto audiovisual que finalmente se concretou na elaboración de cinco pezas cuxa exhibición formará parte da estratexia fornecida pola RAG para achegar o galego aos mozos e mozas. Porque a lingua galega atópase nunha situación “crítica” pero con datos positivos nos cales detectamos un nicho ao cal dirixímonos e apelar. Trátase dunha lingua que, paradóxicamente, perde cada ano falantes nas áreas urbanas ou próximas ás cidades mentres melloran porcentualmente as competencias bilingües da poboación. As gráficas, estudos e traballos realizados polo Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega (RAG) e os datos que cada cinco anos amosa a *Enquisa estrutural a fogares* do Instituto Galego de Estatística (IGE) dan testemuña da perda de falantes que sofre a nosa lingua dende a existencia de ditos rexistros, é dicir, dende finais do século XX ata a nosa época. O descenso porcentual e en número de falantes do galego na mocidade, que poderemos analizar máis adiante neste traballo, sinala entón o importante fincapé pendente neste grupo social: a comunicación e a divulgación. Un segmento da poboación, o da mocidade, que ten presenza nos medios de comunicación e emprega as redes sociais e as novas narrativas multimedia e transmedia como vehículos de expresión, comunicación e interacción social cotiás. Dentro da parte positiva -o “nicho” do que falamos ao comezo- os datos recollidos pola Real Academia Galega indican un país con potencial lingüístico onde, segundo as enquisas, unha maioría da poboación admite coñecer e ter capacidade para desenvolverse oralmente e na escrita do galego e máis da metade da poboación monolingüe (que emprega o castelán coma única lingua vehicular) declara ter competencias para falar en galego (Monteagudo, Loredó e Vázquez, 2018).

¹ En virtude disto, a propia RAG recolle nos seus Estatutos do ano 2001:

Artigo 1: A Real Academia Galega é unha institución científica que ten como obxectivo fundamental o estudo da cultura galega e especialmente a ilustración, defensa e promoción do idioma galego.

2. CONTEXTO TEÓRICO

2.1 Comunicación e prexuízos lingüísticos

Para a elaboración da serie audiovisual precisamos coñecer que prexuízos debemos desbotar e desmentir. Unha lingua ven acompañada de circunstancias de poder que preconfiguran a imaxe que o público ten dela: peso no poder económico, hexemonía cultural ou relevancia social, cun mapa de variables de grande extensión, complexidade e volubidade e dificultade para recoñecer e explicar os factores que máis inciden no uso e desuso dunha lingua (Monteagudo, Loredó, Vázquez, 2018). A modo de introdución -e sen desviarnos da explicación do proxecto cara teses filolóxicas- convén sinalar o estado de cousas co que nos atopamos ao abordar un proxecto que comprende a documentación arredor do uso do galego; o devalar histórico desa lingua ata o presente e unha serie de elementos que, expostos aquí de xeito extremadamente breve, condicionan aos falantes e posibles futuros falantes ante a adopción, mantemento ou rexeitamento do uso dunha lingua en particular.

Son estas circunstancias de poder antes nomeadas, entre moitas outras máis, as que provocan ao longo dos séculos unha percepción de maior influencia e “prestixio” -elemento, como vemos a continuación, carente de todo criterio científico no que a unha análise estrita da lingua en si se refire, non así no relacionado coa disciplina da sociolingüística- deste idioma no seu propio país e no seu marco internacional. En nada teñen que ver estes baremos coa medición da capacidade intrínseca dunha lingua para ser “mellor” ou “peor” ca o resto xa que, como expón o profesor Moreno Cabrera, esta división discrecional da calidade dunhas linguas sobre outras carece de todo fundamento científico:

“No tenemos conocimiento científico de ninguna característica lingüística que permita determinar si una lengua, dialecto, variedad lingüística o habla es mejor o peor (más útil, más rica, más flexible, más adecuada, más avanzada o evolucionada, etc.) que otra, ya sea parcial o totalmente”. (Moreno Cabrera, 2016, p.20)

“La propia variación tipológica de las lenguas que constatamos hoy en día es una respuesta adaptativa y no se pueden establecer preeminencias entre los tipos lingüísticos existentes actualmente y, por tanto, no se puede razonar que las lenguas de un tipo están más evolucionadas que las de otros. Ya hemos dicho que el propio cambio lingüístico y la diversidad de tipos son el resultado de mecanismos adaptativos. La flexibilidad de las lenguas en sí misma, tanto desde la perspectiva sincrónica como diacrónica, es una adaptación que se ha producido como resultado de una evolución lingüística anterior. No cabe hablar, por consiguiente, de lenguas o tipos lingüísticos mejor o peor adaptados, ni cabe tampoco decir que las lenguas más o mejor adaptadas tienden a extenderse y las menos adaptadas tienden a desaparecer. Hacerlo así nos llevaría a posturas discriminatorias basadas en criterios ideológicos”. (Moreno Cabrera, 2016, p. 27-28)

Partimos, entón, dunha base científica onde a lingua no seu *strictu sensu* é unha ferramenta disposta para o seu uso sen ter en conta os criterios sociais, económicos, políticos -de poder, en fin, elementos da sociedade que analiza, como dixemos, a sociolingüística- mais si detectamos que son eses factores de poder e influencia inherentes á sociedade os que configuran unha imaxe determinada dese idioma para os seu propios falantes e non falantes. A relevancia dun idioma, deducimos, non ten tanto que ver co idioma en si senón coa sociedade onde se emprega e o poder que esa sociedade exerza sobre outros pobos ou sobre pobos integrados dentro desa mesma unidade, isto último vai determinar a posición dunha fala dentro do grupo das linguas dominantes ou linguas minorizadas. Nunha sociedade onde, como veremos, o idioma galego nunca estivo en tan altas cotas e aprendizaxe, hai aínda xente que rexeita falalo ou non da o salto.

Esta imaxe que nós temos da lingua entende de numerosas diferenzas, como poderemos observar a continuación, entre, por exemplo, o campo e a cidade, a costa e o interior, o nivel alto, medio ou baixo de renda, a educación e a xeración ou o ano de nacemento. Esta imaxe de poder e presenza, como recalcamos, preconfigura a mente do individuo na decodificación dos estímulos e elementos do seu mundo, entre eles o idioma; Baceiredo afirma: "(...) a sociedade da imaxe que (nos) rexe límitase a absorber o mundo na súa representación, presentándoo para consumir" (2006, p.12). Unha sociedade da imaxe, pois, onde, igual que co resto de cousas do mundo no seu conxunto, impón o baremo do consumo económico como medidor do "éxito" ou "fracaso", neste caso, dunha lingua. É dicir, un criterio mercantilista que, da man do devir histórico e económico do pobo falante dunha determinada fala ou lingua -o latín no caso da Antiga Roma, lingua do Imperio Romano, ou inglés, lingua do extinto Imperio Británico, no caso do comercio internacional de hoxe (Moreno Cabrera, 2016)- xerarquiza sen base algunha unhas linguas sobre outras e fornece de cara os falantes os prexuízos que este proxecto audiovisual intenta combater a través do xornalismo, a divulgación e narración audiovisual. O feito da constante circulación e aceptación de ditos prexuízos en situacións onde conviven varias linguas prepondera a considerada "de prestixio" por riba doutras linguas non tan asentadas no intercambio económico, na expresión literaria ou, como é o caso do galego en Galicia, unha lingua cooficial sen Estado, caso que non se produce co castelán lingua cooficial con Estado.

Falamos dunha xeración -a xeración que é obxectivo de difusión neste proxecto -azoutada pola crise económica, un conxunto de adolescentes e adultos mozos nos que se produce un descenso do uso do galego se a comparamos coa xeración precedente que viviu a súa mocidade a comezos da década dos 2000. Esta nova e actual mocidade priorizou, seleccionou e acotou o seu destino en base aos designios dun sistema económico que demandaba deles un determinado concepto de "utilidade" e "benestar", o que derivou nunha serie de prexuízos que encadran ao galego dentro dun espazo "rural" e "atrasado" e ao castelán, lingua dominante en competición co galego, vencellado aos ámbitos do "progreso" e o "urbano". Este concepto, o da suposta "superioridade" ou "pragmática" dunhas linguas por riba de outras, o prexuízo da xustificación do éxito dunha lingua na súa "mellor adaptación" ou "sentido práctico":

"Pero ha de quedar claro que el hecho de que se produzca un proceso de estandarización de una variedad determinada no se debe en modo alguno a que ese dialecto sea en un sentido u otro superior o más excelso que los demás, sino a una serie de procesos extralingüísticos que tienen que ver muy a menudo con el dominio que un determinado grupo social, político cultura o económico ejerce sobre otros grupos". (Moreno Cabrera, 201, p. 72)

Esta situación é idónea para unha marxinalización do galego en ámbitos moi concretos que, como veremos desglosado no punto 2.2, acrecentan o seu tamaño a medida que nos aproximamos a franxas de idade máis mozas (salvo contadas excepcións) e as urbes:

"Tamén a situación da lingua galega mudou nestes case cen anos. O impresionante abandono do mundo rural, que durante mil anos fora o seu feudo, provocou a necesidade de facela igualmente fluída nas complexas estruturas da vida urbana. E nesta loita cultural os falantes teñen que facer fronte a vellas inercias, á moderna globalización e ó carácter unidireccional dos medios de comunicación. Os problemas son novos e a situación moi distinta da que tiñan diante os fundadores da Academia. A estas novas demandas, que están vencelladas ó porvir da lingua, deben responder tamén os traballos da Academia". (Estatutos da RAG, 2001)

É aquí onde aparece a eterna pregunta de “por que deixamos de falar galego?”. Baceiredo (2006), citando a Adorno en referencia ao feito da transmisión do relato hexemónico na configuración da mente do individuo, explica: “Lembraba Adorno que o sistema inmunízase abocando ao ostracismo a quen non comungue cos parámetros estipulados: se non entras, és un *outsider*², destinado a vagar *pola terra de ninguén*³, á marxinalidade”. É propósito deste traballo amosar unha realidade fóra da marxinalidade para o idioma decodificable, entendible e, sobretudo, identificable para o noso público obxectivo, predominando o positivo da identidade grupal dos falantes en galego na deconstrución e desbote dos prexuízos, Giddens sinalaba arredor da identidade grupal: “En contraste, as identidades colectivas amosan a similaridade con outros. Identificarse un mesmo e ser identificado por outros en calidade de membro da clase obreira, a xeito de ecoloxista ou de sociólogo profesional, pomos por caso, pode ser fonte de orgullo e solidariedade grupal ou mesmo de vergoña”. O propósito deste proxecto audiovisual aportar unha proposta práctica mediante a configuración dun produto comunicativo que, a través do subxectivo e da exposición doutras realidades, evoque á mocidade unha imaxe de desexo e vida cotiá, un relato verídico e honesto da lingua -unha “identificación- para os seus falantes e os seus posibles novos falantes (é dicir, o noso principal público obxectivo) fines ineludibles, os da honestidade e veracidade, en calquera tarefa xornalística. É esta, a da falta de identificación coa lingua por parte das máis mozas e mozos, unha das causas sinaladas como orixe da perda da lingua galega nestas xeracións e da súa falta de transmisión:

“En el mundo en el que se mueven los adolescentes, el gallego brilla por su ausencia, subraya Ponte. No hay una versión en esta lengua para Whatsapp ni para Instagram. Tampoco las radiofórmulas o los videojuegos suelen usar el idioma propio de Galicia y en plataformas como Netflix solo se ha estrenado hasta ahora una serie. El Consejo de Europa ha recriminado también al Estado su escasa presencia en la Administración central y en el sistema judicial. “La exclusión del gallego en la Administración, en la justicia y en las actividades socioeconómicas es evidente. No es un problema de demanda. Es simplemente que nos niegan toda oferta que permita el ejercicio pleno de los derechos lingüísticos”, sostiene Queremos Galego, la plataforma ciudadana integrada por 600 entidades que se formó para protestar contra el modelo escolar implantado por Feijóo”. (Vizoso, 2020)

No caso que nos atinxe, fíxose unha análise de campo previa que vai ser ampliada no transcurso deste traballo. O emprego do galego en Galicia como lingua vehicular para a vida cotiá, as interaccións sociais, o ocio, lecer e desfrute, a cultura, o comercio e finanzas e demais ámbitos da comunidade atópase, dende que existen rexistros, nunha fase acusada de descenso xeral na poboación moza. A situación actual, atendendo os numerosos informes e estudos referidos ao emprego do galego como lingua principal, é demoledora no que a número de falantes, idade dese número de falantes e zonas xeográficas se refire. Estamos a analizar e tratar a divulgación dunha lingua que perde falantes, que perde lugares de fala e que leva no seu fardel prexuízos derivados da súa situación como lingua minorizada nun estado plurilingüe. Estes prexuízos derivan, en grande parte, da propia concepción da lingua adquirida xa dende a infancia. Xa en 1984 o autor Manuel González Lorenzo alertaba dunha situación, producida xa en idade moi temperá, na que as diferenzas de territorio e nivel económico xa predispoñían ao suxeito, neste caso unha nena ou un neno, a empregar unha lingua A en determinada situacións e unha lingua B noutras.

² Cursiva no orixinal.

³ Cursiva no orixinal.

“La comunicación de una gran parte de la población gallega, especialmente la de origen rural, se produce en un doble código lingüístico. Su comunicación con familiares, amigos y vecinos se realiza en gallego, mientras que, en el contacto con amplios sectores de la industria, comercio, servicios, medios de comunicación social y, sobretudo, la escuela, se utiliza casi exclusivamente el castellano”. (González, 1984, p.7)

Esta situación descrita por González Lorenzo nos anos 80 do século pasado pervive, cos seus respectivos matices, nos galegos e galegas do ano 2020, tal e como demostran ano tras anos sucesivos informes de institucións como a Real Academia Galega (RAG), que aportamos neste traballo no punto que vén a continuación. A lingua, habilidade adquirida dende a máis tenra infancia na plasticidade cognitiva característica dos primeiros anos, vertebra a nosa maneira de entender o mundo; Moreno Cabrera (2016) afirma ao respecto “la lengua natural es la que adquirimos espontaneamente en la infancia de forma inadvertida y automática”. Neste extracto de Moreno Cabrera localizamos dúas das directrices que orientan os produtos finais deste proxecto a “espontaneidade” e o “inadvertido”. A naturalidade da lingua radicada no uso cotiá, eliminando, se se permite a coloquialidade, o “elefante no cuarto” e naturalizando o seu emprego como ferramenta de dinamización social e individual.

2.2 Panorámica da situación do galego: os informes da RAG e os datos estatísticos

Este traballo xornalístico fai un achegamento, da man dos datos numéricos e aportacións teóricas, ao estado da lingua e a imaxe desta na sociedade galega, a cal podemos extraer e deducir grazas aos análises de entidades como a propia Real Academia Galega (RAG) ou o Instituto Galego de Estatística (IGE). O “Mapa sociolingüístico de Galicia” abriu no ano 1992 unha senda de estudo e análise progresivo no tempo arredor da lingua e o seu emprego por parte das galegas e galegos; este Mapa, realizado polo Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega, artella a serie temporal co módulo de coñecemento e uso do galego da “Enquisa estrutural a fogares” do IGE (Monteagudo, Loredo e Vázquez, 2018). A sociedade galega, a trazos xerais, pasou polo que a RAG califica de 3 procesos fundamentais: a desruralización, a terciarización da economía e o avellentamento da poboación. Estes tres sucesos atacaron o “ecosistema orixinal” do galego, unha lingua que a comezos do século XX tiña de prazas fortes os ámbitos mariñeiro e rural, nas tarefas da pesca e do agro como economía dos seus falantes e, ambas tamén, as que dende os anos 60 comezan un longo proceso de declive en paralelo co despoboamento do rural e o crecemento inédito das urbes, praza forte do castelán:


“En definitiva, a sociedade galega dos anos cincuenta preservou unha alta utilización do uso oral do galego no ámbito rural. A partir desta década obsérvase como a caída da lingua galega corre parella á desaparición do mundo rural e mariñeiro, que constituía o ámbito principal da súa eproducción. Esta dinámica opera con certo retardo, dado que as xeracións socializadas nunha determinada lingua tenden a seguir utilizándoa como lingua de relación, pero deixan de transmitírllela ás xeracións seguintes, de maneira que se produce a ruptura da transmisión lingüística interxeracional. A relación entre o proceso de modernización e urbanización e a súa incidencia na substitución do galego polo castelán é moi visible desde os primeiros traballos demolingüísticos”. (Monteagudo, Loredo, Vázquez, 2018, p. 6)

Hoxe, apunta o Seminario de Sociolingüística da RAG, hai aproximadamente 1.300.000 falantes en galego, mais manexamos datos e toques de atención na opinión pública que alertan do decrecemento dos seus falantes:

“La lengua gallega está atrapada en una paradoja. Tras resistir a 40 años de marginación y desprecio durante la dictadura, encara una preocupante crisis cuatro décadas después de que la democracia le abriera las puertas de la escuela y las instituciones. Los estudios sociolingüísticos alertan de que la transmisión a los niños del que aún hoy es el idioma más hablado en Galicia se está rompiendo. “La lengua necesita una alimentación diaria para sobrevivir, y lo que ha ocurrido es que los padres han dejado de hablarles en gallego a sus hijos”, opina Pilar Ponte, profesora en secundaria con casi 20 años de experiencia y premiada por sus innovadoras iniciativas para la normalización lingüística”. (Vizoso, 2020).

Aproximadamente dous terzos da poboación galega preguntada ao respecto no 2013 polo IGE aprenderon a falar co gallego coma lingua partícipe, deles un 41% aprenderon a falar só co gallego coma lingua de aprendizaxe e só un 25% o gallego e castelán como ambas linguas vehiculares; a eiva, pois, aparece nesa acción do gallego na lingua que se vai reducindo conforme a especificación do uso na enquisa se fai máis relevante, se no eido da aprendizaxe manexamos o 41% en gallego, o 25% en ambas linguas e un 31% só en castelán, as maiorías cambian no segundo estadio, no cal se pregunta a “lingua na que se desenvolve mellor”, as porcentaxes reconfigúranse nun 34% para o gallego, un 26% para ambas linguas e un 40% para o castelán, esta vantaxe do castelán respecto do gallego acrecenta a súa vantaxe na pregunta “lingua na que fala habitualmente”, cun 31% para o gallego, un 42% para ambas linguas e un 26% para o castelán únicamente.

Gráfico 1: Lingua inicial, lingua na que se desenvolve mellor e lingua habitual. 2013 %



Fonte: Monteagudo, Loredó e Vázquez, 2018

Detectamos, en resumo, a mesma “potencialidade” da que xa dimos conta antes neste traballo: Unha grande parte da poboación coñece a lingua e ten destreza nela, máis precisa dun coñecemento de confianza para falala, para atopar acomodo nesa lingua como lingua vehicular habitual e evitar a súa perda progresiva.

Mais, no momento de poñerlle perspectiva histórica, a caída dos datos é preocupante. O Seminario de Sociolingüística da RAG recolle como, no ano 1992, un 62% da poboación tiña como única lingua materna o gallego, deixando, respectivamente, un 26% e un 11% ao castelán e a ambas linguas, avisando dun incremento do bilingüismo e unha tendencia cara a monolingüización do castelán:

“As enquisas de 2008 indicaban leves modificacións de tendencia na lingua inicial: o descenso do número de persoas que aprenderon a falar en galego seguía a producirse – un descenso correlativo a un aumento das que aprenderon a falar nas dúas linguas– ao mesmo tempo que diminuía a porcentaxe da poboación que aprendeu a falar únicamente en castelán. Esta tendencia cara á bilingüización ralentízase nos últimos resultados de 2013, en canto que a porcentaxe de persoas que aprenderon a falar en castelán recobra forzas. De feito, nas persoas menores de 65 anos (e incorporando as persoas de 5 a 15 anos) a lingua inicial maioritaria é o castelán (...) Os últimos resultados do IGE foron algo controvertidos, especialmente nos tramos de idade máis novos, ben que conforme pasa o tempo outras fontes van confirmando as tendencias e por tanto validando estes resultados (na liña doutras fontes demolingüísticas anteriores). Por exemplo, as enquisas preelectorais e postelectorais realizadas en Galicia polo CIS inclúen no seu cuestionario unha pregunta sobre a lingua inicial. A última enquisa, realizada en 2016, mostra que a lingua materna das persoas de 18 ou máis anos residentes en Galicia era o 44,7% galego, o 30,7% español e un 23,6% ambas por igual”. (Monteagudo, Loredo, Vázquez, 2018, p. 14)

Os datos do IGE que amosan a “lingua habitual” de galegas e galegos de 15 anos en adiante tamén alertan desa fenda que, dende a mocidade, se produce con respecto ao galego e cunha tendencia descendente no seu uso no tempo, con datos que en 1992 falaban dun 39% da poboación que empregaba o galego como lingua habitual e, en 2013, falaban dun 33%; co castelán como lingua habitual, en 1992 era un 11% o que o empregaba habitualmente, pasando a un 22% no 2013; en ambas linguas como linguas habituais, no ano 92 era un 30%, hoxe un 22%.


O caso da mocidade como principal segmento de perda de transmisión e uso do galego é relevante na análise do Seminario de Sociolingüística, alertando dun forte proceso de monolingüización en castelán en detrimento do galego:

“(…) máis do 75% da poboación galega de máis de 75 anos fala maioritariamente na lingua propia de Galicia, porcentaxe que diminúe ao 30% ou menos nos menores de 20 anos, é dicir, unha diferenza de 45 puntos porcentuais. Nos menores de 9 anos a diferenza aumenta a 54 puntos, ben que nestas cohortes a fiabilidade dos datos é menor. (...) os datos dos tramos comparados na serie 2003-2008 mostraban como a caída do galego está centrada no mundo adulto (isto é, de 30 a 49 anos e de 50 a 64 anos), especialmente nas persoas do tramo de mediana idade, o que se interpretou como unha desaceleración no proceso desgaleguización. Porén, destes datos esperanzadores pasamos a un proceso inverso no período de 2008-2013 onde o descenso na porcentaxe de galegofalantes está especialmente centrado na infancia (5 a 14 anos) e mais na mocidade (15 a 29 anos). Actualmente, un dos problemas fundamentais da lingua galega, produto deses cambios sociodemográficos e doutras dinámicas sociolingüísticas aquí non expresadas, é a interrupción da transmisión lingüística xunto coa perda de espazos de uso que representa a monolingüización en castelán das principais áreas urbanas galegas, lugares de maior dinamismo social, intimamente relacionados co prestixio das linguas, e, nos últimos anos, tamén do periurbano, agora en expansión”. (Monteagudo, Loredo, Vázquez, 2018 p. 24, 29).

Atendendo ás gráficas, tamén detectamos a oportunidade. Nunca como agora nos atopabamos nun momento onde o coñecemento do galego fora tan estendido pola maior parte da poboación, polo tanto, cun potencial de emprego nunca visto ata o momento. De acordo cos datos do Seminario de Sociolingüística, extraídos neste caso do Censo do 2011, un 91% dos galegos

declaran ter capacidade para falar na lingua propia, este dato, por si só elevado, adquire aínda máis relevancia en comparación con autonomías como Euskadi ou Cataluña, onde esa mesma porcentaxe pasa ao 32% e o 73%, respectivamente. '

Gráfico 2: Capacidade para falar nas linguas propias de cada territorio. Datos do Censo de 2011%




Fonte: Monteagudo, Loredó e Vázquez, 2018

Un grupo interesante que xorde dos datos é, como xa se sinalou previamente neste traballo, os potenciais novos falantes. É alí onde podemos “cruzar” a situación de castellanización da mocidade galega en paralelo ao proceso de crecemento das cidades e das áreas periféricas das mesmas:

“En definitiva, os resultados numéricos son que case un 60% de monolingües habituais en castelán declaran ter unha competencia suficiente (bastante ou moita) para falar en galego, é dicir, poden falar en galego sen dificultade (Figura 6).

Este grupo de “falantes potenciais” refírese a persoas con suficiente competencia lingüística que necesitan da motivación e do contexto idóneo para expresarse en galego de forma máis ou menos puntual ata, incluso, poder chegar a dar o paso e cambiar de lingua. Este é un claro efecto da socialización secundaria (escola) sobre as competencias na lingua minorizada. Aínda máis, a metade dos castellanfalantes declaran ter unha competencia plena, isto é, autocategorízanse na máxima puntuación da escala en todas as destrezas lingüísticas. Nunha visión diacrónica podemos observar como este perfil case chega a triplicarse desde os 90. Semella, pois, que o contexto actual promove este tipo de situacións máis que durante aqueles anos. Basicamente, o punto de partida é un número máis grande de castellanfalantes e un contexto social diferente, tras décadas de normalización lingüística. Como dixemos, resaltamos este perfil dado que nos parece de especial interese como obxecto de intervención para a planificación lingüística.” (Monteagudo, Loredó e Vázquez, 2018, p. 10)

Gráfico 3: Evolución da lingua inicial dos galegos de 15 ou máis anos en Galicia desde 1992 a 2013: Monteagudo, Loredo e Vázquez, 2018



Fonte: Monteagudo, Loredo e Vázquez, 2018

Esta competencia plena tamén vén amparada e sostida polos datos de adquisición e coñecemento do idioma desde a infancia, cunha eiva detectada na posta en práctica ou “facilidade de dominio” dese mesmo idioma:

“Ademais disto, preocupa a situación dos grupos de idade máis novos que reflicten os procesos vistos ata agora, ás veces de forma paradoxal: unha mellora continua das competencias e unha tendencia negativa do galego como lingua inicial e habitual. Con todo, neste proceso de desgaleguización continua non podemos deixar de esquecer os movementos de revitalización como o neofalantismo, un proceso cuantitativamente escaso pero cualitativamente de moita relevancia”. (Monteagudo, Loredo e Vázquez, 2018, p. 29)

Na continuidade do idioma o Seminario de Sociolingüística amosa esperanza con respecto ao grupo dos neofalantes, aqueles que conseguiron reunir a confianza de adoptar o galego como o seu idioma vehicular e que forman parte do público obxectivo do noso produto audiovisual así como tamén naqueles que están na dúbida de modificar o seu idioma habitual e tentar probar o galego en troques do castelán como lingua única. O Seminario debuxa dous grandes grupos maioritarios: os castelánfalantes de orixe castelá e os galegofalantes de orixe galega, un 28,5% e un 35,7% respectivamente. Mais, de acordo aos obxectivos desta serie audiovisual, interésannos dous nichos algo máis pequenos pero con grande influencia, estes nichos son os dos neofalantes, cun 1,85%; os “funcionais” (os que empregan ambas linguas), cun 23,5% e os desgaleguizados (aqueles educados co galego como lingua materna que adoptaron o castelán como lingua única), cun 6,75%. Temos, pois, 3 segmentos de público obxectivo, un ao que “manter e motivar”, os neofalantes; un ao que “empurrar” cara o galego mediante a sedución, os funcionais; e outro ao cal amosar outra realidade da que renegaron ou que non coñecían, os desgaleguizados, o grupo máis preocupante porque é aquel que decidiu deixar a súa lingua materna en substitución doutra.

2.3 Marco normativo

2.3.1 Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega (2004)

O plan Xeral de Normalización da Lingua Galega está activo dende a súa aprobación por unanimidade no Parlamento de Galicia en 2004. A mocidade forma parte do segundo sector deste plan dentro do cal fixa os seguintes obxectivos:

- “Asegurar a galeguización de todos os niveis do sistema educativo, tanto no ámbito docente coma no das relacións interpersoais entre os distintos membros da comunidade educativa.
- Fomentar a transmisión da lingua galega no ámbito familiar.
- Habilitar dentro da cultura xuvenil espazos de uso para o galego, a través dunha oferta de produtos de demanda masiva no eido da cultura e do ocio.
- Fomentar entre a mocidade os valores funcionais, identitarios e diferenciais da lingua galega”. (Xunta de Galicia, 2004)

2.3.2 Plan de Dinamización da Lingua Galega 2019/2022

Máis recentemente e xa dedicado en exclusiva a mocidade, cabe destacar a vixencia do Plan de Dinamización da Lingua Galega 2019/2022 por iniciativa da Secretaría Xeral de Política Lingüística. A súa función é garantir o uso, supervivencia e transmisión da lingua galega entre a mocidade a través de 39 medidas que buscan a “participación activa e o compromiso de todas as administracións, entidades públicas e organizacións sociais que interveñen no ámbito da mocidade”. Dentro do ámbito audiovisual abrangue as medidas recollidas na táboa 1.

Táboa 1: Medidas da comunicación dixital e redes sociais para o fomento do galego entre a mocidade

Medidas da comunicación dixital e redes sociais	2019	2020	2021	2022
CD.1 Potenciación das redes sociais como canle prioritaria de divulgación das campañas da Administración destinadas á mocidade e das medidas de dinamización lingüística postas en marcha no eido dixital.				
CD.2 Promoción da dispoñibilidade do galego nas interfaces dos sistemas dixitais, especialmente dos máis empregados.				
CD.3 Promoción e apoio á creatividade no desenvolvemento de novas iniciativas nas redes sociais e internet.				
CD.4 Apoio, recoñecemento e difusión dos proxectos dixitais que publican integramente en galego.				
CD.5 Fomento do uso e a creación de contidos en galego en internet, especialmente na Galipedia (Wikipedia en galego).				

Fonte: Plan de Dinamización da Lingua Galega (Xunta de Galicia, 2019)

2.3.3 Referentes audiovisuais para a promoción do galego: estudo de mercado e decisións sobre a proposta a desenvolver

Este traballo elabórase tendo en conta as iniciativas recentes coas que comparte o mesmo obxectivo; promover o emprego da lingua galega entre a mocidade. Para lograr promover o galego entre a mocidade fíxose un estudo de mercado pensando en termos de complementariedade en vez de competencia.

O formato e final, do que logo dependería o método de traballo para a elaboración das pezas resultantes, se decidiu a partir do estudo dos seguintes casos:

- 21 DÍAS CO GALEGO

Figura 1: Cartel 21 días co galego



Fonte: Xunta de Galicia, 2020

Data: 2019 - actualidade


Iniciativa: Consellería de Cultura e Turismo.

> [Ligazón](#)

Programa para impulsar a lingua galega nos estudantes con idade comprendida entre os 12 e 18 anos. Os participante comprométense a falar soamente en galego durante 21 días. Os alumnos participan nun blog no que comparten a súa experiencia.

- O GALEGO CREA AMBIENTE

Figura 2: Cartel O galego crea ambiente



Fonte: O portal da lingua galega, 2019

Data: 2018 - 2019

Iniciativa: Secretaría Xeral de Política Lingüística

> [Ligazón](#)

Nos festivais de Fest Galicia o cómico Víctor Grande fomenta o emprego da lingua galega entre a mocidade a través de entrevistas e concursos.

- O GALEGO, A MIÑA LINGUA PROPIA

Figura 3: Cartel O Galego, a miña lingua propia



Fonte: Deputación da Coruña, 2018

Data: 2018

Iniciativa: Deputación da Coruña

> [Ligazón](#)

Referentes de diversos ámbitos profesionais participaron en actividades en centros de educación secundaria da provincia da Coruña. Tamén realizaron unha campaña de difusión a través de redes como Facebook e YouTube. No proxecto participaron dous dos protagonistas das pezas deste traballo: Iria Veiga, coñecida como A Raíña Vermella, e Andrés Goteira.

- LINGUA DE NAMORAR

Figura 4: Cartel Lingua de Namorar



Fonte: Observatorio da lingua galega, 2019

Data: dende 2012 ata a actualidade

Iniciativa: Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado e mais pola Secretaría Xeral de Política Lingüística.

> [Ligazón](#)

Dirixido á mocidade de entre 14 a 35 anos para dinamizar o uso da lingua galega nas relación persoais e nas novas tecnoloxías.

Logo deste proceso exploratorio, realizouse unha análise pormenorizada dos aspectos a favor e en contra do que sería a irrupción dun novo formato cuns obxectivos semellantes aos anteriormente descritos, chegándose ás seguintes conclusións:

Táboa 2: Análise da idoneidade-oportunidade dun novo produto audiovisual para a sensibilización da mocidade no uso do galego

DEBILIDADES	AMENAZAS
<p>Equipo reducido.</p> <p>Tempo reducido, en especial no que se refire a dispoñibilidade dos convidados ás pezas.</p> <p>Falta de experiencia do equipo na elaboración deste tipo de produto.</p>	<p>Prexuízos negativos con respecto a lingua galega.</p> <p>Público acostumado a contido moi breve e dinámico.</p> <p>Diminúe o número de mozos e mozas co galego como lingua inicial e consecuentemente tamén o fan os lazos afectivos.</p> <p>Limitacións climatolóxicas. Combinadas coa escasa dispoñibilidade dos protagonistas das pezas supoñen un reto encanto a localizacións para conseguir asegurar as rodaxes</p>

OPORTUNIDADES	FORTALEZAS
<p>Escasea a oferta de este tipo de contido, tal e como indica o Plan de Normalización Lingüística.</p> <p>A xente ten competencias para falar galego maiores que nunca antes.</p> <p>Un 70,8% da mocidade opina que a presenza de galego en internet é escasa. (DOMÍNGUEZ, 2012)</p> <p>Esta a emerxer un ambiente de oportunidade para aumentar o prestixio social da lingua, como indica a existencia das iniciativas previas.</p> <p>Moitas das actividades asociativas e reivindicativas favorecen o emprego do galego entre a mocidade participante. Segundo recolle o Plan xeral de normalización da lingua galega.</p> <p>A visión do galego como símbolo de identidade propia.</p>	<p>Coñecemento do público obxectivo, xa que o equipo está formado por mozos e mozas.</p> <p>Catro mozos e mozas aparecen diante de cámara e expoñen preocupacións da súa xeración que axudan a fortalecer o vínculo co público.</p> <p>Distinción con respecto a outros produtos publicitarios. As pezas son de promoción pero escapan do formato publicitario.</p> <p>Presencia de persoeiros coñecidos como protagonistas que serven de referencia para a mocidade.</p>

Fonte: elaboración propia

Chegados a este punto, adoptouse a decisión final sobre o formato a desenvolver. As cinco pezas audiovisuais elaboradas neste TFG están feitas coa intención de contribuír aos obxectivos establecidos no Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega destacados no punto 1.1. En especial no que se refire a ofertar un produto no eido cultural e a fomentar a funcionalidade, valor identitario e diferencial da lingua galega.

A proposta tamén contempla as medidas do Plan de Dinamización da Lingua Galega. O traballo é un proxecto creativo, elaborado integramente en galego e se difundirá en parte a través das redes sociais.

Respecto aos proxectos estudados, as pezas se elaboraron recollendo dúas ideas presentes nestas campañas previas; a figura dos referentes e a participación activa do público obxectivo:

- A campaña “O galego, a miña lingua propia” reuniu a referentes sociais de profesións moi diversas, estratexia que tamén emprega este TFG para amosar a transversalidade da lingua.
- Dos outros tres casos, “21 días co galego”, “O galego crea ambiente” e “Lingua de namorar”, a figura que rescata é a da participación activa da xuventude no proxecto. Os protagonistas das pezas son mozas e mozos que teñen un conflito e buscan solucionalo a través dos referentes.

- Tamén aporta valor neste mesmo sentido o feito de que os creadores das pezas forman parte da mocidade á que vai dirixida. Son polo tanto pezas pensadas para a mocidade e feitas para a mocidade. Este é o punto diferencial con respecto aos casos analizados neste estudo de mercado.

Nunha procura de afastarse da linguaxe máis publicitaria, a linguaxe escollida ten referencias cinematográficas, Destacan as seguintes, que serán explicadas en máis detalle no apartado de análises e resultados: La sal de la tierra (Wim Wenders, Juliano Ribeiro Salgado), La mirada del silencio (Joshua Oppenheimer), Closed up (Abbas Kiarostami), Costa da morte (Lois Patiño) e Muller personaxe (Lucía Estévez).

O xénero escollido é un híbrido entre o coloquio e a entrevista. Cada peza é un relato con presentación, no e desenlace. En cada historia un retrucante, mozo ou moza, coñece ao seu referente social. Un persoeiro galego cunha bagaxe profesional á que aspiran os retrucantes. Con estes encontros os mozos e mozas expoñen os conflitos característicos da súa xeración. En cada peza se buscou o vencello entre as súas preocupacións e a lingua galega. De este xeito a respostas dos seus referentes sempre leva implícita unha mensaxe positiva respecto ao emprego do galego como lingua vehicular.

As campañas previas son mono temáticas con respecto ao galego. Con todo, esta pretende tratar o tema con naturalidade de forma que se deduza que a lingua está presente e ten relación con tódolos temas tratados sen necesidade de mencionala. Así esta proposta aposta por tratar varios temas para amosar que a lingua é inherente a todos eles.

Tamén nesa procura da transversalidade, os referentes son seleccionados de entre diversos campos; deporte, ciencia, música etc. Os parámetros de selección dos referentes foron:

- Actualidade no seu ámbito profesional. É dicir, que estean en activo e con proxección naquel ámbito no cal son referentes.
- Obra e traballo en galego. Que o galego forme parte da súa carreira de forma total ou parcial.
- Impacto nas redes sociais. Seguidores que pertencen ao noso público obxectivo.
- Habilidades expresivas. Capacidade para desenvolverse diante da cámara e interese das súas conversas.
- Paridade. Xa que estamos falando de referentes sociais é importante que haxa equidade entre o número de homes e de mulleres convidados ao programa

Segundo estes criterios, propuxéronse os seguintes nomes:

Actores /actrices

- Melania Cruz
- Isabel Risco
- Antonio Durán, “Morris”
- Martiño Rivas
- Grupo “A Panadería”

Ciencia

- Iria Veiga, coñecida nas redes sociais como A Raiña Vermella

Cinema

- Lucía Catoira Pan, directora de fotografía
- Jorge Coira, director de cinema
- Anxos Fazáns, directora de cinema
- Álvaro Gago, director de cinema
- Andrés Goteira, director de cinema
- Oliver Laxe, director de cinema
- Olga Osorio, directora de cinema
- Lois Patiño, director de cinema
- Diana Toucedo, directora de cinema

Deporte

- Ana Peleteiro, atleta
- Óscar Pereiro, ciclista
- Iván Ares, piloto de rally
- Iago Aspas, futbolista

Literatura

- Rosalía Fernández Rial, poeta
- Antía Otero, actriz e poeta galega
- Lois Pérez, profesor, músico e poeta

Música

- Lucía Aldao e María Lado
- Xabier Díaz
- Davide Salgado
- Ses
- De Vacas
- Sabela OT
- Baiuca

Humor

- Carlos Blanco

As carreiras máis vinculadas á lingua quedaron descartadas para desvincular a campaña do prexuízo de que o galego é algo exclusivo desas profesións. Tras falar coa RAG e contactar con varios dos candidatos, a serie final que se presenta neste TFG quedou conformada polos seguintes referentes e os seus respectivos retrucantes:

- Andrés Goteira. Cineasta. / Sara Hermo. Estudante do grao en cinematografía.
- “A Panadaría”. Grupo teatral. / Daniel Celester. Actor.

- “Baiuca”, Álex Casanova. Músico. / Laura Lamontagne. Cantante e compositora.
- “A Raíña Vermella”, Iria Veiga. Científica. / Ángel Carracedo. Xenetista.
- Vero Boquete. Futbolista. / Víctor Pérez. Xornalista e atleta.

Comeza aquí, pois, o proceso creativo de elaboración deste produto audiovisual, concibido cunha finalidade de sensibilización social. O proxecto puido concretarse neste TFG e desenvolverse grazas á colaboración entre a Facultade de Ciencias da Comunicación e a RAG.

3. OBXECTIVOS

O obxectivo deste proxecto é a elaboración de pezas audiovisuais que conformen unha serie para a Real Academia Galega co fin de dinamizar e concienciar arredor do uso da lingua galega entre a mocidade do país; amosar e normalizar a lingua galega a mocidade como ferramenta non só de comunicación senón de expresión e reivindicación, unha “ferramenta activa” na sociedade moderna capaz de posuír personalidade de seu, diferenciación con respecto das linguas da súa contorna máis con vocación de universalidade. A imaxe que se quere transmitir en cada un dos capítulos é a do galego como lingua vehicular posible e realizable, como lingua transmisora da herdanza cultural e histórica dun pobo e, tamén, como lingua inserida no conxunto de linguas do mundo, lingua internacional irmandada co portugués, coa lusofonía e, polo tanto, con vocación de rachar fronteiras. Este concepto, o da ruptura de barreiras, se perseguirá na concepción e realización das pezas mediante a inclusión de diversos oficios con visibilidade pública tanto polo oficio en si como polas persoas que aparecerán na pantalla. A imaxe será amosada por un referente que exprese o seu relato persoal e o relato colectivo en prol da lingua, entretecidos a través do guión. A través do idioma non só entendemos o mundo, visión demasiado simple, senón *o que está a ocorrer no mundo* as súas pulsións, movementos sociais como o feminismo e a muller na ciencia, a igualdade en dereitos LGTBI+, a reivindicación das artes, da ciencia e do progreso e, tamén, da intimidade, do máis próximo, do tecido social esencial e primario. Tocar a lingua mediante as súas posibilidades de comunicación e as súas posibilidades de relación, expresión, protesta e canle para o estado e cousas do mundo: coa lingua cambias e podes cambiar a imaxe do teu mundo, podes ser parte do relato.

Estas pezas audiovisuais estarán destinadas a unha difusión, característica que depende da propia RAG e incide e permea todas as dinámicas de traballo, xa que serán pezas audiovisuais integradas nunha serie de cinco capítulos que teñen como obxectivo a súa difusión en televisións lineais ou plataformas online que se estimen oportunas. Ademais, téñense en conta para a elaboración de contido audiovisual promocional nas vías e redes sociais que a Academia considere oportunas para a difusión do produto.

> [Ver as pezas](#)

Figura 5: Cartel anunciante das pezas.



Fonte: Elaboración propia

4. MÉTODO DE TRABAJO

As cinco pezas audiovisuais que se presentan neste traballo se elaboraron entre os meses de setembro de 2019 e xuño de 2020

A idea dunha colaboración entre a RAG e a USC para realizar esta campaña xurdiu nos meses de xullo e agosto de 2019. A comezos de setembro leváronse a cabo as reunións iniciais dos titores e alumnos coa RAG. Neste mes presentouse o contexto teórico; a documentación sobre os informes do emprego do galego e o estudo de mercado. Así mesmo se fixo unha proposta de formato e convidados para participar nas pezas.

Unha vez aprobadas as propostas seleccionouse a Andrés Goteira como convidado para o episodio piloto. Este episodio elaborouse dende o 11 de setembro ao 19 de novembro coas seguintes fases por orde cronolóxica:

- Dirección: Proposta inicial, coordinación, traballo de colaboración con guión e produción, toma de decisións.
- Guión: Documentación, entrevistas, escritura de guión, localizacións.
- Fotografía: Localizacións, memoria de arte e fotografía, probas previas a rodaxe, reserva e preparación de equipo de fotografía.
- Realización: Guión técnico, plan de rodaxe.
- Preproducción: Chamadas, permisos de rodaxe, custos de locomoción e dietas, compra de material necesario para a rodaxe, presuposto, reserva de material, dereitos de autor.
- Rodaxe: Gravación das pezas.
- Montaxe: Script, visionado e montaxe dos brutos obtidos nas rodaxes.
- Posproducción: Etalonaxe de dixital das montaxes (tratamento de cor e efectos de transicións, movemento etc.)

A partir do 13 de novembro, tras obter o visto bo da RAG, a montaxe do episodio piloto xa estaba avanzada e permitiu comprobar a efectividade do método de traballo. Dende esa data seguiuuse o mesmo procedemento para cada peza pero desta vez traballando de forma paralela en varios capítulos ao mesmo tempo.

A última gravación foi o 27 de febreiro de 2020, a rodaxe de A Panadaría. A inicio de maio as montaxes e posproducción estaban nun estado avanzado. Polo tanto, o 2 de maio empezouse a traballar no grafismo a cargo de Juan Lesta, contratado pola RAG para esta función.

A parte escrita deste TFG redactouse nos meses de maio e xuño, tamén entre os meses de setembro e abril se temos en conta os traballos achegados neste documento como son os guións e memorias.

5. ANÁLISES / RESULTADOS

5.1 Desenvolvimento creativo da serie

DIRECCIÓN E REALIZACIÓN

O traballo de dirección consistiu na supervisión das funcións para levar a bo termo o proxecto. Así como na preparación das propostas iniciais, instrucións para a súa materialización e a toma de decisións creativas e prácticas para a elaboración das pezas. Estas tarefas se levaron a cabo dende o inicio do proxecto, o 9 de setembro, ata a actualidade.

Para adquirir as competencias necesarias para este posto cursáronse diversas clases online e presenciais das cales se recolleron e aplicaron as seguintes aprendizaxes:

Cine documental. Impartido por Ken Burns:

Antes de comezar coa elaboración dunha proposta audiovisual convén ter claros dous puntos. En primeiro lugar ter claro a mensaxe que queremos transmitir, saber que temos algo que dicir. E nun segundo lugar estar dispostos a perseverar. Se sabemos quen somos, o que queremos contar e estamos comprometidos co proxecto entón podemos comezar a falar de como empezar. “Que queremos facer?” e “É boa idea?” son as seguintes cuestións a expor para elaborar as pezas de forma consciente e premeditada.

“You can find the World in a Grain of Sand. The architecture of the solar system is the architecture of the atom. And I think every artist knows that instinctively”.
(Ken Burns, 2018 Masterclass)

As pezas recollen esa idea de que un gran de area contén o DNI de todo. Podemos atopar no outro un espello de quen somos. De aí a incorporación da figura do referente en cada capítulo. En cada episodio hai un protagonista que se enfrenta a un conflito no que lle guiará o seu referente. Esta decisión parte da lección de que o único que mantén á xente mirando é un compromiso auténtico coa narración narrativa. Por este motivo decídese optar por un formato con características máis cinematográficas. E a narración narrativa consiste en conflito, en non saber como algo se vai a desenvolver. Mesmo nas narracións históricas sucede isto. As leis da narración tamén se aplican ao documental, no canto de ser exclusivamente didáctico e educativo pode empregar as ferramentas que se usan no cinema. E así tes a posibilidade de chegar á xente ao mesmo nivel que as películas o fan pero tendo a gran vantaxe de que é real. No documental sempre estás na batalla entre o que obviamente demanda a historia e o feito de que a vida humana normalmente desafía esas leis narrativas. As boas películas son aquelas que entenden as dimensións dos conflitos do personaxe e permiten que o drama externo e interno sexa complexo. Ausentes de maniqueísmo. Temos que ser capaces de tolerar a contradición; canto máis indagamos historicamente máis entendemos o complicado que é. Entendemos que algúns dos anacos que queremos encaixar no que chamamos escenas ou episodio non funcionan, é complicado. Todas as augas tranquilas teñen algún tipo de resaca. Cada heroe ten defectos nas súas fazañas. Todo vilán ten aspectos humanos. Se o entendemos podemos evitar entrar na dialéctica de caricaturizar, onde todo é unha cousa ou outra. Tentas ver máis que iso. Para evitar maniqueísmos optouse por non empregar o galego como contraposición ao castelán ou outras linguas.

Ao seleccionar cada unha das cinco historias deste proxecto non estamos interesados en contar algo que xa sabemos, senón en contar un proceso de descubrimento que experimentamos ao investigar algo que previamente non coñecemos. Ken Burns refírese a isto dicindo que ao inicio de cada documental ti lle estás ofrecendo ao espectador que te dea a man para aprender os dous ao mesmo tempo.

Escritura de guións. Impartido por Aaron Sorkin:

“Introduce intention and obstacle early. If you’re writing a movie, you have a few minutes. If it’s a TV show, you need to do it immediately. If it’s a play, you have a bit of time”. (Aaron Sorkin, 2019 Masterclass, p.5)

Cada peza comeza coa voz en off dun protagonista que expón a súa intención e os seus obstáculos de forma inmediata. Tendo en conta que as pezas son breves e que ao público lle encanta participar, debemos ter coidado de non perdelos. Deben confiar en que as persoas que están detrás do proxecto saben o que están a facer e que o seu tempo dedicado a ver os vídeos será recompensado. A este obxectivo pode axudar ter en conta os seus coñecementos e non perder o tempo escribindo algo que poida parecer increíble. É un complicado equilibrio entre informar adecuadamente á audiencia e evitar dicirlles o que xa saben. En última instancia, nunca se debe comunicar dende unha posición de superioridade respecto do público.

Para decidir como tratamos cada unha das historias. Expuxéronse as seguintes preguntas:

- Quen quere que e que lles impide obtelo?
- Cales son algúns obxectivos ou necesidades esenciais que impulsan as accións desta persoa?
- Hai algo que impida que esta persoa logre os seus obxectivos? Pensamos tanto nos obstáculos externos como nos internos, que poden manifestarse como fallas de carácter que funcionan con propósitos cruzados cos intereses desa persoa. Estes defectos humanizan aos personaxes.
- O personaxe principal debe ter un arco completamente desenvolvido, cunha presentación, no e desenlace. Por isto fixemos cinco viaxes, pequenas “road movies”. Como presentaremos as persoas á súa audiencia, quen é?
- Como dramatizar para unha audiencia as loitas internas que cada persoa está a experimentar? Que escenas demostrarían mellor os obstáculos externos que esta persoa debe superar? Estas preguntas supoñen problemas no ámbito de produción pois moitas veces aquilo que amosaría mellor o conflito non é factible en canto a tempo e presuposto.
- Por último, o arco dos personaxe necesita un final. Identificamos polo menos unha transformación que esta persoa sufrise cando finaliza cada peza. Superaron, eliminaron ou eludiron algún obstáculo? Cambiaron algo sobre si mesmos, as súas crenzas ou o seu enfoque da vida? En que cambiou esa persoa con respecto a cando a coñecemos? Como o amosaremos en cada peza? Novamente, describimos unha escenas reais que poida transmitir esa sensación de cambio ao espectador.

Unha vez contestadas estas cuestión, aplicamos as normas da Poética de Aristóteles, que tamén son a principal guía para Aaron Sorkin á hora de facer guións.

“Rules are what makes art beautiful”. (Aaron Sorkin, 2019 Masterclass, p.19)

- O drama é imitación: o drama non é unha representación fiel da realidade. Como di Sorkin; A xente non fala en forma de diálogo. A vida das persoas non se desenvolve nunha serie de escenas que conforman unha narración. O reto é plasmar os feitos sen perder a veracidade pero ao mesmo tempo enganchar ao público.
- Drama é acción: A descrición non é suficiente. O arcos dos personaxes varía a través da acción. Son os movementos os que provocan un cambio importante no transcurso da historia. Así o aplicamos nas pezas facendo que as viaxes dos protagonistas comecen en

espazos máis claustrofóbicos e rematen en lugares máis elevados e abertos, que representen ese ascenso narrativo. Tamén se apoia nos planos que son estudados para amosar cada vez máis proximidade interacción entre o protagonista e o seu referente. Grazas a isto se palpa unha evolución na súa relación, da confianza, que acaba coa intranquilidade que caracterizaba o conflito inicial.

- Amosar en vez de dicir: Unha vez rematada a voz en off inicial, que é útil para situar rápido ao espectador en peza breves. Evitamos dicirlle demasiado á audiencia. No seu lugar, o amosamos a través das acción.
- O personaxe é acción: a audiencia entende aos personaxes ao ver o que fan. Por iso sempre buscamos elementos cos que poidan interactuar e que axuden a plasmar as súas personalidades. A acción principal de cada trama neste proxecto é sempre unha viaxe. Rodeadas de pequenas acción complementarias, motivo polo que incluimos agasallos que cada protagonista regala ao seu referente.

Facer cine. Impartido por Werner Herzog:

“Our civilization doesn’t have adequate images. And i think our civilization is going to die out like dinosaurs if it does not develop an adequate language or adequate images. I see it as a very very dramatic situation. For example we have found out that there are serious problems facing our civilization. Like energy problems, environment problems or nuclear power and all this overpopulation of the world. But generally it is not understood yet that a problem of the same magnitude is that we do not have adequate image system. That’s what I am working on. A new grammar of images”. (Werner Herzog en Werner Herzog eats his shoe. Les Blank, 1980)

Herzog traballa con cinematógrafos que bailan coa cámara. O operador interactúa co entorno e coas persoas como se dunha coreografía se tratase. En vez de mirar á pantalla, miran a través dela. O máximo representante deste estilo é o cinematógrafo Christopher Doyle (cuxa carreira profesional aínda non se cruzou coa de Herzog). Esta forma de gravar aposta polo efectivismo visual fronte ás sutilezas.

“Storyboards are the instruments of the cowards.” (Werner Herzog, 2018 Masterclass)

Se algo menciona sempre Herzog é que o cine é un traballo físico. Apréndese a través da práctica. E así foi con estas pezas. Por inexperiencia e por asegurar o contido comezouse cun episodio piloto moi estudado, con cada plano detallado previamente nun storyboard. Foi a práctica o que permitiu que no último capítulo rodado, o de A Panadería, a cámara estea máis libre e solta que en ningún dos anteriores.

Hai dous características que se repiten de forma reiterativa nos personaxes da filmografía de Herzog. Son persoas cun grande impulso ou obsesión. Como é o caso de Aguirre querendo construír unha ópera no medio da selva amazónica. Así mesmo, amosa interese nos antihéroes. Ao igual que Ken Burn, escapa dos maniqueísmos.

As súas cintas retratan a personaxes que loitan contra un universo violento e indiferente. A natureza sempre é tratada coma un protagonista máis. Tamén se intentou facer así neste proxecto. Collendo como referencia a máis cineasta como é o caso do documental Costa da Morte (Lois Patiño). A lingua e a terra están intimamente relacionadas pola idiosincrasia dos lugares así se pretendeu reflexar coas localización e o tratamento de imaxe escollidos.

Películas independientes. Impartido por Mira Nair:

“There is power in the poetry of your own language, your own skin, your own story.” (Mira Nair. 2018, Masterclass)

Canto máis local é unha historia, é sorprendentemente máis universal. Esta idea está contida nas pezas deste proxecto. As mensaxes van todas nunha mesma dirección; amosar que empregar unha lingua propia non limita nin exclúe. Senón que é unha riqueza propia con valor universal.

Para Mira Nair, a clave do audiovisual é ter algo que contar. Algo que sexa distintivo e posúa peculiaridades características dos seus creadores. De forma que soamente eles podan levalas a cabo. Aquí xurde a idea de facer unha proposta de campaña distintiva. Que empregue narrativas máis características do cine e documental que da publicidade. Isto supón un reto en canto a produción e realización. Como directora de cine independente, Nair coñece as limitacións que implica ter unha produción limitada. A forma de afrontar esta situación e tendo en conta tódalas posibilidades e contratempos. Así se desenvolven plans a, b e c. Toda exploración, comunicación e resolución de problemas co equipo ten lugar semanas antes da rodaxe.

Dende dirección realizouse unha investigación de proxectos similares. Destes recolléronse dúas ideas; a figura do referente e a participación activa da xuventude. O resto da proposta deslígouse da idea tradicional de campaña á que están máis suxeitos os proxectos anteriores. Buscouse unha maior proximidade con pezas cinematográficas. O groso do proxecto ten como referencias principais [cinco cintas](#). Recolle a procura do impulso do protagonista, reforzado cunha mensaxe final, como vemos no caso de Sebastiao Salgado en *La sal de la tierra* (Wim Wenders, Juliano Ribeiro Salgado). Buscamos tamén a intimidade, esa sensación no espectador de que está vendo algo privado, como son a nai e o fillo que falan do seu respectivo marido e pai en *La mirada del silencio* (Joshua Oppenheimer), e a nai e a filla que falan en *Muller Personaxe* (Lucía Estévez). A referencia que quizais influíu máis, o falso documental dun home que quere ser director de cinema e remata coñecendo ao seu ídolo cinematográfico. Así o fai levándolle unha flores nunha moto en *Closed up* (Abbas Kiarostami). Por último, a natureza como protagonista. Que pon en perspectiva aos personaxe e a súa relación co entorno, como en *Costa da morte* (Lois Patiño).

Tras facer esta proposta de formato e referentes, dirección se encargou das seguintes funcións: Elaborar unha proposta de convidados xunto con guión, como se detallou no apartado 2.4. Creación das propostas iniciais e proceso creativo de cada peza. Traballo con guión a partir do guión inicial para chegar ao guión final que se adapte as circunstancias de produción e realización. Coordinación de equipo. Visita de localizacións para decidir se se adaptan a todo o anterior. E por último, máis orientado á realización, elaboráronse os guións técnicos e plans de rodaxe.

GUIÓN

Os traballos arredor da planificación e elaboración do guión comezaron en setembro do 2019. Acordouse levar a cabo un sistema baseado na elaboración previa de memorias de guión, esenciais para reunir a información necesaria para a escritura duns textos pensados para o audiovisual baixo a premisa dunha duración máxima de 7 minutos, a duración aproximada de cada capítulo dentro da serie, en total, 5 episodios. Nas memorias de guión realizouse un traballo de investigación previo dos participantes, do entorno onde se ía rodar e do relato vertebrador de cada capítulo mediante a documentación e a entrevista interpersoal ou telefónica coas persoas convidadas. É salientable en todo o proceso de elaboración a retroalimentación coas partes de

dirección, fotografía e montaxe, que revisaron e complementaron os guións para realizar un traballo conxunt de adaptación ao requerido no audiovisual.

Cada episodio emprega un mecanismo idéntico no tocante aos roles dos personaxes e promoción do galego mais distinto nas temáticas que se tratan en cada capítulo. En cada episodio temos, por unha banda, o que chamamos “referente” e, por outra, o “retrucante” dos que falaremos máis adiante. O diálogo entre o retrucante é o referente amósase clave para conducir o guión e expoñer a trama narrativa, o fío, que os une. Ese fío está baseado na intimidade e no oficio, o retrucante e o referente comparten inquiredanzas, oficio ou intereses e propósito homologable a todos os episodios: o galego como lingua de traballo, familiar, de relación e de desexo, o galego como lingua posible.

Este aspecto constante mais discreto da temática principal ofrece unha maneira de sedución e apelación ao espectador que non consiste na introdución reiterada de eslógans ou consignas senón na naturalidade do diálogo e a dialéctica das ideas na procura dunha solución a un conflito. Na construción do relato e do espazo está presente a figura do “influenciador”, unha persoa ou conxunto de persoas relevantes na opinión pública debido á súa profesión ou destrezas e con éxito, neste caso, entre a mocidade. No produto audiovisual, vencellamos aos nosos “influenciadores”, os nosos escollidos líderes de opinión, unha serie de características vitais con respecto da vida e da lingua que se retroalimentan entre si e dan ao público a mensaxe procurada: o positivo que é para elas e eles o emprego desa lingua, o galego, e o vital que resulta para eles como algo normalizado na súa vida e que lles abre as portas a un mundo novo, a un espazo por descubrir sedutor e fresco. Son persoas referentes en ámbitos destacados da sociedade galega con importancia para a mocidade, como son o cine, o deporte, as artes escénicas e a expresión do corpo, a música contemporánea e a ciencia, cun destacado papel da muller e dos dereitos LGTBI e a igualdade de xéneros. Inquiredanzas, movementos sociais, pulsións de progreso e avance - “identidades”, a fin e ao cabo- que poden ser vertebradas no seu uso a través da lingua, dotando a esta de propósito, obxecto, identificación de valores e, ao mesmo tempo, transversalidade e apertura, características imprescindibles para a inclusión de novos públicos.

As identidades teñen tanto aspectos constantes coma cambiantes. Eisenberg (2001) mantivo que as actividades construtoras de sentido están no cerne da identidade persoal.

As teorías da identidade din que a identidade pode ser persoal, relacional e, por outra banda, compartida e comunal. O fío que conecta identidade, identificación e separación é o poder. Young (2007: 236) escribiu: “A maneira en que os individuos se adaptan ás normas sociais inflúe no grao en que outros se identifican con eles.” (Outeiriño, M. s.d)

Estes referentes, personificación de valores a destacar e con peso na opinión pública, son acompañados en cada capítulo da serie por persoas de idade similar ao noso público obxectivo, os “retrucantes” -entre 20 e 25 anos, salvo unha excepción xustificada e explicada de xeito pormenorizado no desglose capítulo por capítulo que se ofrece máis adiante neste traballo-. Eles teñen como particularidade a súa pertenza ao mesmo campo de traballo onde se desenvolve o referente -comparten, por así decilo, “oficio”- e, aínda máis importante, posúen un conflito interno que o referente resolve en cada capítulo de xeito positivo para o galego, mediante a socialización, que é, en parte, a normalización da lingua en contextos de interacción social urbanos, rurais e de todo tipo e condición, algo sinalado pola RAG como eiva na política lingüística desenvolta ata o momento:

Pero cales son os motivos da creba da transmisión interxeracional do galego? O traballo explica que esta ruptura non é consecuencia tanto das decisións das familias, senón que

máis ben procede de "aspectos relacionados coa súa escasa presenza na socialización secundaria", nomeadamente no ámbito escolar e de maneira especial en determinados contextos semiurbanos. Sobre o papel da escola, aínda que se evidencia que a institucionalización deu avances positivos, como demostra a crecente competencia para ler e escribir en galego desde os anos noventa, sinálase tamén que co último decreto neste eido, o 79/2010, asistimos a unha reversión dos avances conseguidos. (RAG, 2020)

Ese conflito podemos subdividilo nun "conflito xeral": "empregar o galego como lingua normal cos meus compañeiros de traballo, familiares, amigos e concidadáns" e en "conflitos particulares" que axudan a desmitificar e quitar de prexuízos situacións que suceden ao redor da lingua no día a día da mocidade, como poden ser o emprego do galego no lugar de traballo, na realización dun produto cultural ou na transmisión e divulgación do coñecemento, entre outros. Estes conflitos, presentes en calquera falante, son reforzados na mocidade, época de toma de decisións e entrada ao mundo adulto, polo que a identificación o sentimento de grupo que, en consecuencia, trae a forza e a reintrodución de confianza no individuo, sons, sensacións procuradas na relación entre o retrucante e a persoa que visiona o contido, nesa identificación, nesa trasposición da persoa que visiona coa que interactúa co referente, hai unha asimilación por imitación de varón da lingua galega.

Cada capítulo, pois, ten unha temática protagonista baixo a cal subxace o interese común de defender e empregar o galego, como amosamos a continuación:

CAPÍTULO 1 – “Conseguiremos querer querenos moito máis” – Con Andrés Goteira e Sara Hermo: O cinema, a creación audiovisual en galego, a lingua na intimidade e o salto da vida estudantil á vida laboral.

CAPÍTULO 2 – “Conseguiremos reivindicar o desexo” – Con “A Panadaría” (Areta Bolado, Noelia Gómez e Ailén Kendelman) e Daniel Celester: A expresión corporal e artística, os neofalantes en galego, a igualdade e diversidade LGTBI+.

CAPÍTULO 3 – “Conseguiremos a alegría de descubrir” – Con Iria Veiga e Ángel Carracedo: O galego na ciencia e na investigación, a lingua como ferramenta de coñecemento e a posta en valor do papel da muller na ciencia.

CAPÍTULO 4 – “Conseguiremos saber ollar un novo mundo” – Con Baiuca (Alejandro Guillán) e Laura LaMontagne: a creación musical en galego e a exploración de novos ritmos e modas, a emigración na procura do futuro e acadar a vangarda dende o coñecemento da tradición.

CAPÍTULO 5 – “Conseguiremos un camiño por correr” – Con Vero Boquete e Víctor Pérez Currás: o galego no deporte e na infancia, combate á discriminación sexista e posta en valor da igualdade no deporte.

En relación ao título, optouse por unha fórmula xeral “conseguiremos”, que engloba ao resto de títulos. Cada nome de cada capítulo nace dunha frase literal que a persoa referente deu na entrevista previa e que pretenden acoller en si todo o sentido dese capítulo concreto:

CONXUNTO CHAVE INICIAL (mais) TÍTULO INICIAL

Dentro do sistema xeral de cada capítulo, xunto aos mencionados referentes, retrucantes e conflito existe tamén a presentación inicial de cada retrucante e, así mesmo, a entrega dun obsequio do retrucante ao referente. Este agasallo non está deixado ao azar, senón que quere representar unha conexión entre o que se está a contar e o personaxe en cuestión. Por poñer un exemplo, o retrucante no capítulo 3, Ángel Carracedo, agasalla a Iria, a referente, cunha lámpada de fareiro antiga, a gas. A lámpada simboliza a luz do coñecemento (ambos son científicos) e fai referencia á familia de Carracedo, de orixe fareira: o coñecemento como luz no mundo.

FOTOGRAFÍA

O traballo de fotografía consistiu en desempeñar as función de dirección de fotografía, operadora de cámara e xestión de brutos.

Hoxe, as cámaras ofrecen cada vez máis calidade sen necesidade de ser pesadas ou de gran presuposto. Isto propicia que, sobre todo en proxectos independentes, a figura do director e a do director de fotografía estean máis unidas. Ambas chegan a ser funcións realizadas pola mesma persoa. Como foi neste proxecto. Un gran exemplo é o documental *Esto no es una película* (Jafar Panahi), formato adoptado case por imposición neste caso, a imposición da censura que o leva a gravar coa cámara do móbil. Exemplos máis próximos e feitos por elección son o de *Welcome to ma maison* (Andrés Goteira), documental en proceso de rodaxe no que o director operou a cámara en gran parte das gravacións. Ou tamén unha das referencias desta campaña, a curtametraxe *Muller personaxe* (Lucía Estévez).

Dende a dirección de fotografía se traballou na linguaxe visual, ópticas, dinámica, continuidade, cor e iluminación.

A cámara empregada nas rodaxes é o modelo *Soni Alfa 7*, maioritariamente co obxectivo 25mm-70mm e tamén cun teleobxectivo 70mm–200mm e cun fixo 50mm. O formato de arquivo seleccionado é XAVC SHD, xa que o 4k supón maior peso dos arquivos que é difícil de xestionar co equipo co que se conta e non é requirido para as plataformas de distribución as que está destinado o produto final. E a frecuencia é de 25 fps, a excepción dos momentos nos que se empregou a cámara lenta e se rodou a 100 fps para despois poder retardar sen perder calidade.

- Linguaxe visual:

Piense en el encuadre como un elemento que no es sólo “imagen” sino también información. (Brown, 2008)

O punto de vista nas pezas é o do retrucante. Comezamos tódalas viaxes con cada un deles, observándoos e vendo a través dos seus ollos. Con planos subxectivos do entorno que os rodea, potenciamos a identificación do noso público obxectivo con eles. Que van a experimentar un percorrido no que estará sempre presente como fío condutor o tema da lingua e rematará cunha mensaxe explícita, que é a resposta que reciben nesa viaxe.

Figura 6: Fotograma de Conseguiremos querer querernos moitos máis



Fonte: Elaboración propia

Na linguaxe visual empregada buscouse a unidade. De forma que, incluso cando a composición fose deliberadamente pouco convencional, forme un todo completo. Tamén se tivo en conta o equilibrio visual, dando maior peso a aquilo que queremos destacar en cada momento. Así diriximos a mirada e destacamos o importante. Na maioría dos planos o peso o levaron as personaxes. Pero houbo momentos nos que interesaba recalcar, por exemplo, o espazo. Un recurso neste caso foi deixar moito aire na parte superior do plano e laterais, facendo que o entorno ocupe a maior parte da imaxe, como vemos na figura 6.

Xogamos tamén coa posición dos elementos para potenciar a mensaxe segundo cada momento, pois damos importancia ao equilibrio e a tensión visual, entendendo tensión pola repetición de elementos similares que creen patróns de organización (Brown, 2008). As veces, buscamos romper o equilibrio para salienta a información que se quere transmitir. Poñamos por exemplo cando queremos transmitir intriga e conflito e decidimos que a liña do horizonte estea torcida.

En canto ao contraste. Dada a variedade de localizacións e de épocas do ano nas que se rodou, optouse por crear imaxes pouco contrastadas, para asegurar certa uniformidade no conxunto. Isto foi acompañado dunha predilección pola subexposición fronte á sobreexposición. Dado que, ademais de que na cámara empregada é máis doado recuperar a información subexposta, non nos interesaba a estética televisiva na que todo queda á vista. Senón que optamos por compoñer coa luz, iluminando aquilo que queremos destacar, e deixando nas sombras e sen información os elementos que non aportan nada á historia. Tamén para potenciar a narración a través da imaxe, se xogou coas texturas e a profundidade de campo.

- Ópticas

As conversas procuran crear un ambiente de proximidade, que o espectador se sinta testemuña do que está sucedendo. Para transmitirlo se empregou a óptica que mellor reproduce a visión humana; o 50mm. Nesta óptica, o foco selectivo se empregou como elemento narrativo. Tivemos en conta que o estabilizador beholder DS1 é recomendable empregalo cunha focal fixa, pois cada vez que se cambia a distancia focal debe volver a calibrarse. No caso dos espazos reducidos optouse por crear encadres dentro de cadros, como no fotograma da figura 7. O mellor exemplo disto é o traballo de Won Kar Wai en *In the mood for love*. En casos excepcionais empregamos distintos obxectivos. As ópticas máis abertas se empregaron para momentos nos que é importante destacar algún elemento con respecto do entorno e centrar a atención nel. Por outro lado, os teleobxectivos foron de utilidade para conseguir momentos de máis naturalidade nos referentes e retrucantes, pois ao estar a cámara tan lonxe eran máis espontáneos. Os tele tamén se empregaron para crear sensación de cámara lenta cando se quería aportar intensidade ao momento, como o desprazamento en coche no capítulo de Sara Hermo e Andrés Goteira.

Figura 7: Fotograma de Conseguiremos reivindicar o desexo



Fonte: Elaboración propia


- Dinámica

Empregouse cámara en man acompañada do estabilizador Beholder DS1. A excepción dos terreos que imposibilitaban realizar os movementos de forma controlada, nos que se optou polo trípode.

Dende un inicio buscouse escapar da estética máis televisiva. Por este motivo empregamos movementos de cámara que sempre están xustificados. As tomas fixéronse con movementos de seguimento e descubrimento. A maior parte son acompañamentos para amosar nova información; xestos, obxectos, miradas etc. que o espectador non viu previamente e axudan a narrar a historia. Estes foron complementados con movementos *travel in* e *travel out*. Sempre premeditados, por exemplo, ao acabar un capítulo pasamos dun primeiro plano no que vemos ao protagonista a un gran plano xeral. Isto reforza a sensación de que o conflito foi resolto.

Nalgunhas escenas as regras da dinámica están deliberadamente rotas para empregar esta ruptura como ferramenta narrativa. A exemplo máis evidente é o emprego da técnica step printing, como amosan as figuras 8 e 9. É un recurso funcional para lograr un dinamismo e intensidade en momentos clave que sexa compatible cun proxecto de baixo presuposto. Foi así en Chucking Express (Won Kar Wai). Cinta pola que foi aclamado o director de fotografía Christopher Doyle, que empregou esta técnica polas limitacións que tiña a produción da cinta. Ademais do dinamismo e atmosfera que se crean, tamén ten a vantaxe de que ao rodar a menor taxa de fotogramas por segundo, a luz necesaria é menor. Polo tanto fai posible traballar con menor velocidade de obturación e por conseguinte con maior luz natural sen empregar moita iluminación artificial. Tamén, centra a atención no suxeito que se enfoca, parecendo que entramos no seu universo.

Figura 8: Fotograma de Conseguiremos un camiño que correr



Fonte: Elaboración propia

Figura 9: Fotograma de Conseguiremos a alegría de descubrir



Fonte: Elaboración propia


- Cor e iluminación.

A principal fonte de luz nas rodaxes foi a iluminación natural. Tamén se empregou un equipo de iluminación 3 leds e reflector cando as circunstancias o requirían, normalmente en tódolos interiores. Fixéronse probas de cámara previas as rodaxes en cada localización. Tamén un estudio da posición da luz en cada hora do día, o que posibilitou elaborar os plans de rodaxe en base a isto. Así, priorizouse rodar en exteriores aos amaneceres e atardeceres sempre que a dispoñibilidade dos convidados o permitise. E se deixaron os interiores para as horas de luz máis dura do día; no mediodía.

Buscáronse as cores comúns en tódalas localizacións para crear un conxunto visual homoxéneo. Estas son os tons verdosos e avermellados, que están reforzados na posproducción de cor. Ademais, cada capítulo ten a súa personalidade propia elaborada a partir de memorias individualizadas. Se traballou con cores complementarias de forma que nalgúns destacamos a dicotomía laranxa / azul e noutros verde / vermello. Para manter a imaxe de conxunto, as cores destacadas foron tratadas para ter tonalidades tendentes a cores verdosas e avermelladas. Tamén se empregaron para destacar obxectos e personaxes. Elixindo o vestiario e os obxectos previamente para que encaixasen nas paletas de cores. Podemos ver no resultado final das pezas que hai unha paridade cromática nas imaxes resultantes, a pesares de ser lugares moi heteroxéneos en épocas do ano diversas, unidade froito deste traballo previo. Como amosa a figura 10.

Tamén co fin de aprender a crear un estilo propio, se asistiu ao curso impartido por Marcos López e Adra Pallán para desenvolvemento dun estilo persoal.

Figura 10: Colage de fotogramas das cinco pezas



Fonte: Elaboración propia

Figura 11: Paleta de cores comúns aos cinco programas



Fonte: Elaboración propia

- Continuidade

As pezas están rodadas a unha soa cámara, con diálogos bastante abertos. Isto dificulta a continuidade, aínda máis cando non estamos traballando con actores Marcáronse puntos para as posicións dos convidados, pero sempre se priorizou a espontaneidade, Polo tanto se había faltas de continuidade que non provocaban unha distracción demasiado grande no espectador, se optou por evitar corrixilas. Do contrario o facer demasiadas tomas sería contraproducente para a espontaneidade e comodidade das persoas que estaban diante de cámara.

A continuidade se tivo en conta en tódalas pezas e tamén entre elas. Por iso se seguiu a mesma estrutura narrativa visual no conxunto.

MONTAXE


No mes de setembro asistíuse ao curso de Avid impartido por Gaspar Broullon. Entre outubro e novembro, tamén se melloraron as competencias para a posproducción de cor a través de tutoriais online dedicados ao programa DaVinci Resolve.

Dende montaxe se realizaron as tarefas de script, visionado dos brutos, sincronización, a montaxe en si, posproducción de cor e traballo con grafismo.

O traballo de montaxe comezou o 25 de outubro a partir dos brutos da rodaxe do episodio piloto e estendeuse ata a actualidade, a tarefa continúa activa en conxunto con grafismo e en proceso dunha mellora da posproducción de son.

A integridade do proxecto está montado nos programas Adobe Premiere Pro CC 2018 e DaVinci Resolve.

Figura 12: Montaxe da peza de A Panadaría



Fonte: Elaboración propia

As cinco pezas se elaboraron co seguinte esquema de traballo:

Tras o visionado dos brutos faise unha selección que é clasificada en carpetas. Estas son divididas en tres; secuencia 1, secuencia 2 e secuencia 3. Estrutura preconcebida dende dirección e guión. Así se fixo a montaxe de cada secuencia por separado de forma que cada unha funcionase como unidade. Unha vez xuntas, se mellorou a transición entre elas. O resultado inicial sempre foi, de forma intencionada, o dobre á duración estipulada para as pezas finais. Así, unha vez visto o conxunto, se decidiu de que partes prescindir para aportar a cada capítulo máis dinamismo e efectividade. O criterio para isto foi decidir que partes era prescindibles, fose porque estaban contando o mesmo dúas veces ou porque non contribuían á mensaxe principal que se quería transmitir.

Neste sentido, o que supuxo un maior reto para montaxe foi a gravación a unha única cámara. Cada vez que hai un cambio de plano non é que fose gravado no mesmo momento por varias cámaras, se non que se repetiu a partir de varias tomas. Isto supón que ao ser diálogos guionizados pero moi abertos non hai moita continuidade nos movementos. Se unha persoa dicía una frase ríndose e na segunda toma a dicía seria, ou nunha primeira toma estaba co brazo levantado e na seguinte non, o resultado dificultaba conseguir raccord. Nos casos en que o contido que non tiña continuidade era imprescindible para a comprensión da peza, o que se decidiu foi rompela sempre que esa ruptura non implicase que o espectador se saíse do relato. Outra alternativa tamén foi gravar algún planos a posteriori que, aínda que pouco, se fixo nalgúns casos.

PRODUCCIÓN

A tarefa de produción foi levada a cabo por Meritxell Álvarez, compañeira de Comunicación Audiovisual que presenta o seu propio TFG. Achegamos a memoria que elaborou:

“Meritxell Álvarez Aguión, como produtora e sonidista en directo do proxecto, levei a cabo diversas tarefas.

Pola parte de produción, contactei cos participantes a modo de presentación do proxecto e proposta da idea. Do mesmo xeito, concordaba o calendario, así como datas de rodaxes, entre todo o equipo e protagonistas.

Unha vez elaborado o guión, adicábame a conseguir localizacións, agasallos, equipos técnicos, etc, así como todos os requeridos por parte de guión e dirección.

Fixen como intermediaria entre directora e participantes en todas as peticións ou dúbidas que tiveran ambas partes.

Tamén tiven que conseguir os permisos necesarios para gravar mediante escritos, elaborar e levar a cabo os documentos de cesións de dereitos, tanto de imaxe como musicais, así como as fichas dos custos de locomoción, etc.

Do mesmo xeito, calendaricei e organizei todas as reunións entre alumnado e profesorado, así como cos membros da RAG. En canto a esta entidade, era eu a encargada de contactar coa mesma.

En canto ás rodaxes, levei a cabo a gravación de son en directo”.
(Meritxell Álvarez, memoria TFG para a obtención do Grao en Comunicación Audiovisual).

GRAFISMO

Os gráficos dos vídeos foron deseñados por Juan Lesta. O grafista elaborou as propostas de tipografía e cores así como uns modelos para incorporar ás montaxes cando o formato xa estaba decidido. Optamos por empregar o deseño en laranxa e azul con tipografía Alternate Gothic 2. Consideramos que estas cores se distinguen do fondo, se complementan e poden funcionar para a promoción das pezas, xa que son visualmente potentes.

Figura 13: Propostas do grafista



Fonte: Elaboración propia

5. ANÁLISES / RESULTADOS

5.2 Desglose do proceso (capítulo a capítulo)

CONSEGUIREMOS QUERER QUERERNOS MOITO MÁIS

ANDRÉS GOTEIRA E SARA HERMO



> [Ver capítulo](#)

DIRECCIÓN E REALIZACIÓN

Ademais das tarefas de dirección e realización, dende dirección se asumiron traballos de documentación e parte da produción e elaboración do guión. Isto foi para establecer unha forma de traballo como referencia a empregar no resto das pezas.

Referente: Andrés Goteira foi escollido como protagonista do episodio piloto pola súa familiaridade coas cámaras e maior flexibilidade de axenda con respecto aos outros convidados.

Mensaxe do capítulo: O natural é facelo en galego. Se canto máis particular é algo, máis universalidade alcanza, por que imos a prescindir do galego? Vemos con referentes como Goteira que unha historia universal pode contarse en galego.

Conflicto da retrucante, Sara Hermo: O seu obxectivo é facer cine en galego. Está bloqueada e non saber por onde empezar.

Agasallo: Optamos por unha avioneta de xogete. Así mentres a manexan están distraídos e son máis naturais. Ademais Andrés de pequeno quería ser piloto e tamén serve de metáfora para o programa.

Figura 14: Andrés Goteira



Fonte: Cedida

- Dispoñible dende o 24 ata o 31 de setembro, non está dende o 2 ata o 13 de outubro

Posible retrucante

1. [SARA HERMO](#)
2. [ALDARA PAGÁN](#)
3. Preguntar a Olga Osorio

4. [VALVERDE](#)

5. [ALEJANDRA SOTELA](#)

Faise a procura de retrucante por afinidade. Se chama a máis posibles retrucantes pero Sara Hermo é a seleccionada pola relación que hai entre eles.

Documentación

Filmografía:

“ DHOGS” (2016)

Longametraxe de ficción

Director, guión, montaxe e deseño.

“ Teaser-concepto Dhogs” (<https://vimeo.com/91641356>) (2014)

Dhogs é a mestura de dogs e hogs.

Dogs; animais sumisos e obedientes. Hogs; animais sucios e perversos.

WELCOME TO MA MAISON [Largo documental, en rodaxe]

STARMUCK [Guión largo de ficción, en desenvolvemento con AGADIC]

O MONSTRO, O LAGO E AS CAMPÁS [Guión largo, en desenvolvemento]

Curtas experimentais:

Director / técnico integral (2006-2010)

“A Porta” (Ofestivalón, mellor curta, mellor curta galega e mellor actor) (2010) (<https://vimeo.com/17338352>)

“Son do Silencio” (2010)

“ Dous/Días/ Din” (Mellor promo do Lugo’10) (2010)

“Ou Paquete” (Mellor curta do Curtasnarede) (2009)

“Que lle pasa a Pepe Pistola?” (Mellor curta para ou público de Curtasnarede) (2008)

“Simón” (2006)

Cita que Andrés inclúe no seu CV

Proxecta o difícil, partindo de onde aínda é fácil. Realiza o grande partindo de onde aínda é pequeno. Todo o difícil comeza sempre fácil. Todo o grande comeza sempre pequeno.
Lao Tsé

Información despois de falar con Suso López (Produtor de Gaitafilms):

- Profesor/profesora que o marcase: Vitoria de debuxo, María de historia. (Non está seguro, só coincidiu con el un ano en clases. Mañá confírmamo.)
- Andrés era dicharachero en clases, bromista. Repetiu un ano.
- Materia favorita: debuxo e todo o relacionado con arte e creatividade.
- Andrés e os seus amigos sempre eran os protagonistas dos entroidos en Meira. Cada ano traballaban en disfraces máis ocorrentes e organizaban desfiles.
- Coméntolle a Suso que a protagonista principal de Dhogs é unha muller con carácter e enérxica. Pregúntolle se cre que é un personaxe co que Andrés rende homenaxe a algunha muller da súa vida: Suso coméntame que a nai, a avoa e a irmá de Andrés sempre foron referentes para el. Ademais sempre tivo moitas amigas con carácter e iniciativa.
- A súa irmá é maior que el. Estudou belas artes e ilustrou o proxecto de Dhogs, a páxina web de Gaitafilms e agora está a traballar para ilustrar o seu próximo proxecto.
- As súas primeiras curtas grávanas en 2005 aos 21 anos por iniciativa de Andrés:
 - O primeiro titúlase Rem e está protagonizado por Andrés. Suso aclárame que era por falta de recursos e orzamento, pois ambos sabemos que Andrés evita estar diante das cámaras sempre que pode. Titúlase así pola fase rem do soño. Andrés espertaba dun pesadelo e atopábase con Suso, despois dábase conta de que estaba dentro doutro pesadelo..... ou algo así, Suso non o lembra.
 - O segundo titúlase Memoram. Suso interpreta a un enfermo dexenerativo e a trama está baseada na película Memento.
- Tanto Suso como Andrés gardan estas primeiras curtas pero non están dispoñibles online. Suso cóntame que nos seus inicios tiñan un caderno no que escribían o que aprendían despois de facer cada curta, e aclárame que eran cousas moi básicas.
- Un dos escritores predilectos de Andrés é Haruki Murakami e a película que máis veces viu é Sen perdón.
- Música: Andrés é batería dun grupo de música afeccionado en Meira.
- Adrián, Suso, Alejandro e Andrés estaban a estudar fora cando Andrés decidiu apuntarse 1 mes a clases de batería. Suso pensa que decidiu aprender a tocar

este instrumento simplemente por facer cousas cos amigos. Os catro reúnanse nun garaxe para ensaiar por divertimento. Agora continúan facéndoo no garaxe dun amigo en Meira (Alejandro non, a súa ausencia non é un tema de inimizade, simplemente non está en Meira).

- A Suso apaixónalle tocar a guitarra, cantar e compoñer. Suso coméntame que ademais de escribir e compoñer para o grupo ten cancións propias, de feito a canción que acompaña os créditos de Dhogs é súa.
- Andrés é afeccionado ao ciclismo e xogou ao fútbol varios anos. Cando pregunto a Suso de onde vén esa afección común (a el tamén lle gusta o ciclismo) dime que Andrés interesouse polo ciclismo desde pequeno. O seu pai, Pepe Goteira, é o xefe do club de ciclismo de Meira. Cando Andrés era pequeno os dous saían xuntos para percorrer roteiros en bicicleta. Suso dime que seguen facéndoo pero non tanto como antes por falta de tempo.
- Andrés apartou un pouco o ciclismo por uns anos e centrouse no fútbol (desde o instituto ata os 28 anos). Recuperou o entusiasmo pola bici hai uns anos.
- Pepe non adoitaba estar na casa porque traballou na mariña mercante ata que Andrés cumpriu 10 anos. Despois abriu unha ferraxería coa súa muller na que tamén vendían electrodomésticos e bicicletas (xa non venden bicis). Actualmente o pai de Andrés está prexubilado. Andrés traballa a media xornada na tenda coa súa nai, Emilia, desde hai anos.
- Pregunta dunha entrevista no Progreso:
 - Esa primeira longametraxe centra todo ou seu tempo?
 - Gustaríame que ocupase todo ou meu tempo, pero non che é así. Paralelamente débome a traballar non negocio familiar, que por outra parte facilítame moito as cousas, xa que me dá flexibilidade. Cando comece a rodaxe, faltarei dous meses. Terei que perdirlle permiso a Emilia, a miña nai. Así é ou conto, polas mañás atendo aos clientes, polas tarde producimos unha película.
 - Fonte: <http://elprogreso.galiciae.com/noticia/191324/andres-goteira-dhogs-fala-dá-falsa-realidade-na-que-estamos-embutidos>
- Andrés viviu un ano en Edimburgo. Ofrecéronlle traballo no Hostel no que se aloxaba, mentres traballaba comezou a pensar no guión da longametraxe que agora coñecemos como Dhogs e aos poucos días comezou a escribilo.
- Suso coméntame que o obxectivo inicial de Dhogs era expor ao espectador se é dono dos seus propios actos. A Andrés gústalle incomodar para facer pensar, esta idea inicial ha evolucionado cara a outro tipo de preguntas. (Despois de ver a película eu diría que estas preguntas son unha invitación para reflexionar sobre a violencia. Xogamos un papel activo ou pasivo? Non facemos nada para cambialo? Somos máis violentos do que proxectamos socialmente? Gardamos os comportamentos violentos ou o gusto pola violencia para dentro dos nosos fogares? Somos consumidores pasivos da espectacularización da violencia?)
- Hai uns anos Suso e Andrés organizaron o festival M de Cinema. Este xa é toda unha tradición na vila e todos os anos antes de inauguralo fan entrevistas a

Meirenses con ton cómico. Este vai ser primeiro ano que non poden organizalo por problemas de axenda.




- <https://www.youtube.com/watch?v=qDDATxNnXUs>
- Andrés segundo Suso: bo, desordenado, talentoso, cabezota, entregado ao traballo.
- Andrés segundo Adrián (amigos desde a infancia): enxeñoso.






Enlaces de interese




- [Enlace Dhogs](#)
- [CV Andrés Goteira](#)
- [Entrevista a Andres TVG 2009](#)
 - Andrés di nesta entrevista que Que lle pasa a Pepe Pistola? é a historia que máis lle gusta das que gravou. Este curto gañou o premio do público de Curtas na Rede e di que ninguén o entende, a historia reflicte dous mundos; o real e o imaxinario. (Hai que ter en conta que isto o di en 2009).
- [Páxina web](#) de Andrés Goteira
- [Páxina web](#) de la película Dhogs
- [Páxina web](#) de Gaitafilmes (produtora de Suso López, Laura Doval, Andrés Goteira e Adrián Folgueira)
- [Facebook](#) de Gaitafilmes
- [Facebook](#) persoal de Andrés Goteira
- [Twitter](#) persoal de Andrés Goteira
- [Facebook](#) persoal de Suso López
- [Club de ciclistas](#) de Meira (ao que pertence Andrés)
- [Etiquetas](#) de Andres Goteira en El Progreso



GUIÓN TÉCNICO




GUIÓN TÉCNICO - EP. PILOTO (Andrés Goteira)



S E C	PLA NO	TEM /LOC	IMAXE	ESPECIFICACIÓNS TÉCNICAS				AUDIO		TEMPO		
				ENCA DRE	ANGULA CIÓN	MOVEMENTO	NOTAS	TEXTO	SON	T. CORR	T. AC.	
SEC. 1 Interior casa												
1	1	Mañá	Paisaxe		PX	Lateral	Tripode			Música		
1	2	Mañá	Avioneta de xogete no interior dun coche		PMC		Cámara en man dende asentos diante.			Música		
1	3	Mañá	Sara no interior do coche		PMC		Cámara en man coche en movemento	Retrovisor?		Música		

1	4	Mañá	Paisaxe		PX	Seguim.	Cámara en man coche en movemento		Cando acabas de graduarte (...) (pode bloquearte) (P1)	OFF Sara		
1	5	Mañá	Sara no interior dun coche		PMC	Lateral	Cámara en man coche en movemento	Desde asento copiloto.	Para seguir adiante vou a Meira (...) Para min é exemplo de moitas cousas. (P1)	OFF Sara		
1	6	Mañá	Sara achégase ao coche e colle a avioneta.		PD		Cámara en man coche aparcado			Música Bateria Andrés		
1	7	Mañá	Sara colle a bici		PX		Tripode			Música Bateria Andrés		
1	8	Mañá	Entrada a un garaxe		PX	Frontal	Tripode			Música Bateria Andrés		

1	9	Mañá	Sara entra en plano e chama á porta e abre un home ca máscara de DHOGS		PMC		Cámara en man	Seguemento de Sara	SARA Xa sabía (...) Fas honra a túa fama. ANDRÉS Aínda que non o creas (...) SARA Asustáchesme! Aquí no garaxe, tan escuro..	Ambiente		
1	10	Mañá	Sara entra, interior do garaxe		PX		Trípode		ANDRÉS De escuro, nada. (...) Estamos gravando un novo tema. SARA Pois se te animas podes tocar algo	Ambiente		
1	11	Mañá	Andrés Goteira toca a batería		FML /PX		A cámara móvese alonxándose de Andrés			Transición Ambiente / música		

SEC.2 - Camiño													
2	1		Vídeo recurso entroido		-					ANDRÉS (off) No do Entroido haiche moita historia. (...)Eran algo así como unha avestruz xigante.	Música OFF Andrés		
2	2	Mañá	Andrés e Sara camiñan en bici cara a cámara, de lonxe.		PX	Frontal	Trípode		ANDRÉS (off) Outro ano disfrazámonos de botas xigantes. (...)levadas por un xigante invisible.	Música OFF Andrés			
2	3	Mañá	Vemos como falan, e seguen camiñando		PM	Tele? Seguem. ?	Trípode		SARA (off) Non me soaba de nada a palabra pibardos . ANDRÉS (off) É unha palabra galega inventada aquí.(...)O mesmo pasa coa lingua.	Música OFF Sara OFF Andrés			

2	4	Mañá	Andrés e Sara alónxanse da cámara (en bici)		PX	Atrás	Tripode		<p>SARA A miña igual, (...) Meu pai, a bondade. Quéroos moito.</p> <p>ANDRÉS O meu pai é moi orixinal. (...) El descubriume estas rutas.</p>	Música OFF Sara OFF Andrés		
2	5	Mañá	Vemos a Andrés e Sara falando entre as árbores		PX		Tripode		<p>SARA Para min festa grande é o San Xoán. Ten moito que ver coa miña vida.</p> <p>ANDRÉS Por que?</p>	Música Ambiente (o son que se escoitaba antes está gravado nesta escena)		
2	6	Mañá	Andrés e Sara seguen falando, achegándose a cámara lentamente		PXL /PX	Frontal	Cámara en man		<p>SARA No San Xoán saltamos o lume para deixar entrar o bo. (...) polo que tiven que cambiar para o castelán.</p> <p>ANDRÉS Chegaches a Boiro e saltaches o</p>	Música Ambiente		

									<p>lume, entón.</p> <p>SARA Aquí comecei falar galego cos meus compañeiros de instituto. (...) No cine unha acostúmase aos cambios.</p>			
2	7	Mañá	Vemos como se alonxan.		PX		Trip.			Ambiente (non escoitamos o que din)		

PLAN DE RODAXE

PLAN DE RODAXE Domingo 20/10/19

HORA	SEC	PLA	DIA DRA	LUZ INT/EXT	LOCALIZACIÓN	ACTORES	AMBIENTACIÓN/UTILERIA	OBSERV	RESUMO ESCENA
7:00:00 a. m.	/	/	/	/	Facultad CC Comunicación	/	/	Salida dende Santiago (Gaspar, Iolanda, Xian, Marcos) Meri sae dende Arzúa e Paula dende Lugo.	/
9:00:00 a. m.	/	/	/	/	Praza do Concello, Meira	/	/	Chegada e preparación do equipo de rodaxe	/
10:00:00 a.m.	/	/	/	/	Praza do Concello, Meira	/	/	Hora da quedada con Sara	/
10:15:00 a.m.	1	1, 2, 3, 4, 5, 7, 8	DIA	EXT	Arredores Meira	SARA	Avioneta, bicicleta, mochila, coche, GoPro	Sara, Gaspar e Paula. Imaxes recurso,	Sara en coche camiño a Meira
10:30:00 a.m.	/	/	/	/	Praza do Concello, Meira	/	/	O resto do equipo queda con Andrés e vaixe desprazando a localización da conversa	Probas de son para ter todo listo cando se termine a grabación das escenas do coche con Sara
11:30:00 a.m.	2	5	DÍA	EXT	Serra de Meira	SARA E ANDRÉS	Bicicletas, mochila, avioneta, GoPro	En caso de chuvias cambiar bicis por coche de Sara e grabar a conversa no interior	Sara e Andrés manteñen toda a conversa

2:30:00 p. m.	/	/	/	/	O MUIÑO, Meira	/	/	XANTAR	/
3:30:00 p.m.	2	2, 3, 4, 7, 8, 9, 10, 11	DIA	EXT	Serra de Meira	SARA E ANDRÉS	Bicicletas, mochila, avioneta	En caso de chuvias cambiar bicis por coche grabar a ambos desprazándose	Imaxes recurso para superpoñer enriba do OFF da conversa, complementadas coas imaxes que grabe Andrés coa GoPro
5:30:00 p.m.	3	1, 2, 3, 4, 5, 6	DIA	EXT	Serra de Meira	SARA E ANDRÉS	Bicicletas, mochila, avioneta, mando avioneta	En caso de chuvias pospoñer plano avioneta no ceo	Imaxes recurso para superpoñer enriba do OFF da conversa, complementadas coas imaxes que grabe Andrés coa GoPro
6:30:00 p.m.	1	9	DIA	INT	Portal Garaxe	SARA E ANDRÉS	Mochila, máscara, GoPro	Sara non sabe o da máscara, repetiremos se non funciona. Andrés graba a reacción coa GoPro	Sara entra no garaxe para encontrarse con Andrés que a sorprende
7:00:00 p.m.	1	11	DÍA	INT	Garaxe	ANDRÉS	Batería	A cámara se alonxa de Andrés	Andrés toca a batería
7:30:00 p.m.	1	10	DIA	INT	Garaxe	SARA E ANDRÉS	Mochila, batería	Na montaxe esta será a conversa do reencontro de ambos. Falan do grupo de Andrés. Importante que se entenda xa que é cineasta	Sara e Andrés conversan e Andrés se dispón a tocar a batería
7:00:00 p.m.	1	27, 28	DIA	INT	SALA CASA	AMELIA	/	INSERTO	Amelia resa o rosario mentras sus hijos hacen de las suyas

No. Planos

GUIÓN

Cabe mencionar a evolución do guión dende o primeiro borrador ata o primeiro guión definitivo, correspondente ao Capítulo 1 (piloto). Cun primeiro bosquejo demasiado longo e teatral e, tras un proceso de diálogo, corrección e adecuación ao criterios audiovisuais, a chegada a un guión que serviu de base para os seguintes 4.

PRIMEIRO BOSQUEJO DO CAPÍTULO PILOTO:

Guión do EPISODIO PILOTO - Andrés Goteira e Sara Hermo

“...”

(Gran cidade, exterior) Sara sae duns grandes almacéns, é outono e a xente vai algo abrigada. Na man leva unha bolsa de cartón, descoñecemos o que leva dentro. De vez en cando a mira. Estamos nunha cidade, no fondo hai tráfico, ruído, xente cruzando, indo e vindo. Escóitase unha voz en off, que é a da propia Sara.

SARA (off): Non sabía moi ben que escoller e isto me fixo graza. Pensei en levarlle algo como *O Principiño* pero igual era demasiado mítico. O libro está xenial, eh? Pero seguramente xa o ten. Creo que nos parecemos bastante, tampouco é que me leve tantos anos.

Sara sobe a un autobús coa bolsa no regazo. O bus arranca e desprázase pola cidade. Dentro do bus Sara atópase rodeada de pasaxeiros. Hai un último plano no que mira á cámara.

(Coche en marcha, arredores de Meira, Lugo) Sara está conducindo. Vemos a bolsa de cartón no asento traseiro. Deducimos que se está a desprazar en coche a algún lugar. De cando en vez vemos o que a rodea mentres viaxa: árbores, foresta, estamos no campo. No punto acordado, Sara aparca. Durante este proceso Sara, mentres conduce, está falando para nós.

SARA: Cando acabas de graduarte estás chea de medo, ou cando estás en proceso, coma é o meu caso. Son do 97, papamos a crise e a veces penso que somos unha xeración con medo. Agora ando a gravar un proxecto para o meu fin de grao aquí en Galicia. O medo, cando estás a piques de dar o salto, pode deixarte paralizada. Gústame Andrés porque é un exemplo do contrario, de que hai que ir cara adiante. Ten 35 anos e é un director moi recoñecido. Xa fixo varias curtas e ten a súa propia produtora.

Voltamos ver planos do exterior, algún primeiro plano dela conducindo. Está a concentrarse na estrada.

SARA: Coido que ten 3 premios Mestre Mateo por un películón: DHOGS. Por dirección, por guión e por montaxe. 3 de golpe, gañounos no 2017 cunha película rodada íntegramente en galego. En galego. Para min é un exemplo de moitas cousas.

Un último plano dela conducindo. Agora vemos a Andrés. Na man leva o mango dunha bicicleta, está levando a bicicleta cara un punto e, unha vez que ve a Sara, toca o ring ring da bicicleta e a axuda a sacar a súa do maleteiro. Sara mete a bolsa de cartón na súa mochila e abraza a Andrés.

SARA: Xa nos viramos algunha vez, non si?

Guión do EPISODIO PILOTO - Andrés Goteira e Sara Hermo
"Querer querernos moito máis"

SECUENCIA 1

1. INTRODUCCIÓN DE SARA

COCHE EN MARCHA, ARREDORES DE MEIRA - MAÑÁ

Interior dun coche, Sara está conducindo e vai falando. (No caso de non atopar un coche axeitado ou ver dificultades técnicas optariamos polo plan de Sara abrindo o maleteiro directamente).

Vemos unha avioneta de xogete no asento traseiro. Deducimos que se está a desprazar en coche a algún lugar. De cando en vez vemos o que a rodea mentres viaxa: árbores, foresta, estamos no campo. No punto acordado, Sara aparca. Durante este proceso, mentres conduce, escoitamos a voz interior de Sara.

SARA (off)

Cando acabas de graduarte ou cando estás en proceso, coma é o meu caso, estás chea de medo. Son do 97, papamos a crise e a veces penso que somos unha xeración con medo. O medo, cando estás a piques de dar o salto, (pode bloquearte).

2. INTRODUCCIÓN DE ANDRÉS

SARA (off)

Para seguir adiante vou a Meira a falar cun director de cine galego. El transmiteme moita calma porque é un exemplo do contrario, de que hai que ir cara adiante e quitarse o medo. Levámonos pouco mais de dez anos e a súa película chegoume. É moi distinto do que se leva facendo ata agora. Quero saber como unha película en galego triunfou fóra de Galicia. Para min é exemplo de moitas cousas.

Sara colle a bicicleta que garda no maleteiro e mete a avioneta na súa mochila.

GARAXE DE ANDRÉS GOTEIRA, MAÑÁ.

Sara atopa o garaxe de Andrés. Unha vez dentro, Sara recibe un susto xa que se atopa a un home coa máscara de DHOGS (semellante a un coello). Sara leva unha grande sorpresa e, de súpeto, o home misterioso quitas a máscara e


FOTOGRAFÍA

Intentamos crear en cada peza unha atmosfera que represente a personalidade dos referentes. Neste caso Goteira é un gran afeccionado ao Western. Por isto se empregaron planos característicos deste xénero para retratar a Serra de Meira. Ademais de movementos clásicos da road movie, que soe ir ligada a este xénero. Tamén nos inspiramos nunha das súas películas favoritas para a escena final; Whiplash (Damien Chazelle).

Este capítulo ten tres referencias visuais principais. Non son Western pero si lembran a este estilo; Sugar Man (Malik Bendjelloul), Paris Texas (Wim Wenders) e My Blueberry Nights (Won Kar Wai). A idea de gravar a Sara Hermo en coche camiño a coñecer a Goteira xurdiu a partir do visionado do inicio de Sugar Man. Esta evolucionou ata buscar maior similitude cunha escena de My Blueberry Nights, na que Norah Jones interpreta a Elizabeth. Jones está percorrendo a ruta 66 mentres escoitamos na súa voz en off a carta que lle escribiu ao Jeremy, interpretado por Jude Law. De aquí recollemos a idea de gravar os planos laterais dende o coche a baixa velocidade de obturación, obtendo un resultado case impresionista. Cabe destacar que o texto tamén foi de inspiración para o proxecto, pois resume moi ben a filosofía que pretende transmitir esta campaña:

Dear Jeremy,
In the last few days i have been learning how not trust people and i'm glad i failed.
Sometimes we depend on other people as a mirror to define us and tell us who we are.
And each reflection makes me like myself a little more.
Elizabeth
(Kar-Wai, 2007)

Esta peza ten dúas peculiaridade con respecto ao resto. En primeiro lugar, o emprego dun vídeo de arquivo. Consideramos xustificado incluír o tráiler de Dhogs xa que neste caso a profesión do referente é o cine e axuda incluír estas imaxes nos axuda a entender a súa visión. En segundo lugar e tamén co mesmo obxectivo, proporcionámoslle unha cámara GoPro a Andrés Goteira para que el mesmo filmase durante a rodaxe da peza e posteriormente empregar esas imaxes de recurso.



Andrés Goteira: Querer querernos moito máis

Localizacións.....	2
Aspecto visual.....	8
Referentes.....	10

LOCALIZACIÓN 1. COCHE SARA. MAÑÁ

- Secuencia 1
- Estabilizador
- Obxectivo 25/70 Sony
- Tripode para gran plano xeral lateral dende exterior
- Planos recurso

Coche de Sara Hermo. Localización exterior nas proximidades de Meira (3 Km a redonda). Punto exacto a determinar xoves día 17.



LOCALIZACIÓN 2. EXTERIOR GARAXE



- Tripode
- Sony 25/75

Garaxe no centro de Meira a 3,1 km das localizacións en exteriores.

Plano xeral frontal de Sara chegando ao exterior do garaxe e pousando a bici. O exterior do garaxe é pouco estético. Temos a 100 metros unha opción alternativa para falsealo.



LOCALIZACIÓN 2. 1. ENTRADA GARAXE



- Estabilizador
- Sony 25/75
- Plano secuencia
 - PML
 - GoPro

Seguemento de Sara na entrada ao garaxe con 50 mm mantendo unha distancia constante con respecto ao suxeito. Posibilidade de que Andrés grabe reacción de Sara ante o susto cunha GoPro



LOCALIZACIÓN 3. EXTERIORES

- Secuencia 2
- Teleobxectivo
- Trípode para planos xerais
- GoPro para Andrés por separado
- Planos recurso

Planos de Sara e Andrés montados en dúas bicis preto do Pedregal de Irimia, paseo contiguo ao nacemento do río Miño localizado a 3,1 km do garaxe.



LOCALIZACIÓN 4. PENA GAIADA.



- Secuencia 3
- Teleobxectivo
- Tripode
- Planos recurso

Planos de Sara e Andrés acercándose á pena. A pena está a 2,3 km dos camiños en bici.



ASPECTO VISUAL



CORES DOMINANTES

- Pouca saturación e contraste
- Cores presentes no entorno natural

- Para potenciar escenas ou personaxes. Exemplo da porta azul celeste, da avioneta con trazos vermellos ou a roupa.
- Cores presentes en obxectos das localizacións.
- Aproveitar para potenciar contraste azul/laranxa e verde / vermello

CORES EN SEGUNDO PLANO





CONTRASTE

Para asegurar que os programas non teñen estética dispar e manteñen certa coherencia visual. Ao ser en localizacións e datas tan diversas a baixa saturación e contraste permite que eses cambios bruscos sexan máis tenues. Ademais aseguramos as altas luces e temos máis marxe en postproducción.

ENCADRES

Premeditados e sen movementos bruscos de cámara. Xa que buscamos escapar desa linguaxe máis televisiva e publicitaria, os planos deben estar coidados en canto a composición e é preferible non abusar dos primeiros planos nin cambios de planos mentres os dous convidados conversan. Os movementos estarán xustificados por un seguimento e evitaremos abusar deles. A idea é simplificar para poder facer menos planos pero de mellor calidade.

RELACIÓN CO ENTORNO E O OBXECTO

As imaxes axudarán ao relato para potenciar a sensación de viaxe persoal e amosar a relación das personaxes co entorno que lles une a súa lingua. No caso deste episodio piloto partimos dun garaxe escuro para acabar co plano dunha avioneta no ceo, obxecto que simboliza esa viaxe e a realización persoal do referente.

SONY A7R

Formato XAVC SHD

25P (excepto 100 en escena batería)

LUT:

- Nivel de negro + 2
- Modo de color cinema
- Saturación - 4

Enfoque automático coa lente de sony, manual co resto

OBXETIVOS:

- Canon 50
- Canon 70/200
- Sony 25/70
- Adaptador obxetivos Canon

ESTABILIZADOR, FILTROS ND, TARXETAS, DISCO DURO, EQUIPO DE ILUMINACIÓN 3LEDS, REFLECTOR, GOPRO

REFERENTES



PARIS TEXAS. WIM WENDERS.

A viaxe dun personaxe perdido.

CLOSED UP. ABBAS KIAROSTAMI.

O encontro co referente.



SOLA EN LA PLAYA. HONG SANG SOO

Sara chega ao garaxe



WHIPLASH DAMIEN CHAZELLE

Andrés toca a batería a cámara lenta



Conversa íntima das personaxes. Grabar dende cerca pero mantendo a sensación de ambiente persoal. Andrés e Sara conversan mentres camiñan coas bicis ata sentarse nun prado no que voarán a avioneta ao final da conversa.

LA CÁMARA DE CLAIRE. HONG SANG SOO
(Esq)


O QUE ARDE. OLIVER LAXE (Dereita)



Conversa íntima grabada en OFF sobre vídeo das personaxes en grandes planos xerais. A relación do referente co seu entorno simbólico que o une a súa lingua.

A COSTA DA MORTE. LOIS PATIÑO.
(Esq)

EL HOTEL A ORILLAS DEL RÍO. HONG SANG SOO. (Dereita)



CONSEGUIREMOS A ALEGRÍA DE DESCUBRIR

IRIA VEIGA E ÁNGEL CARRACEDO



> [Ver capítulo](#)

DIRECCIÓN E REALIZACIÓN

Referente: Iria Veiga, coñecida como a Raíña Vermella, foi escollida como referente para facer visible a divulgación en galego así como a figura da muller na ciencia. Este é o único capítulo no que a referente é máis moza que o retrucante. Así pretendemos amosar que tamén se pode aprender das xeracións máis mozos.

Mensaxe do capítulo: Utilidade da lingua na ciencia. A divulgación da sentido a ciencia e esa divulgación ten cabida en galego, como amosa Iria Veiga.

Conflito do retrucante, Ángel Carracedo: Quere que perdure a divulgación científica en galego. Cree que as novas xeracións non herdarán o interese por comunicar en galego.

Localización: Buscou un espazo que fose escusa para unha acción, con bo son, pouco tránsito (para que non se vexa interrompida a gravación) e no que sexa posible gravar con mal tempo. A Biblioteca América foi escollida porque posibilitaba un avance da trama simbolizado na subida cara a torre. Iremos de espazos mais pechados e claustrofóbicos cara o ceo. É como unha road movie sen carreteira, unha viaxe en espazo pequeno no que se crean subespazos. Tamén se escolleu por dous elementos que favorecía a interacción de ambos co entorno; a bola do mundo da biblioteca e o olivo do xardín, inspirados nunha escena de interacción cunha árbore do documental Land of Silence and Darkness (Werner Herzog).

Agasallo: Escollemos unha lámpada de queroseno por tres motivos. Primeiro porque daba lugar a unha acción que favorece a naturalidade dos convidados. Segundo porque estaba relacionada cunha anécdota do retrucante. E en terceiro lugar pola metáfora visual que ofrece, dese ascenso e da reacción do descubrimento coa luz.

GUIÓN TÉCNICO

GUIÓN TÉCNICO - EP. 3 (Con Iria Veiga e Ángel Carracedo).

S E C	FLA NO	TEM /Loc	IMAXE	ESPECIFICACIÓNS TÉCNICAS				AUDIO		TEMPO	
				ENCA DRE	ANGULA CIÓN	MOVEMENTO	NOTAS	TEXTO	SON	T. CORR.	T. AC.
SEC. 1 Praza do Obradoiro, Santiago.											
1	1	EXT./ MAÑÁ	Peregrinos caminando pola entrada do Obradoiro.	PX					Ambiente (en diante)	3	
1	2	EXT./ MAÑÁ	Vemos a praza do obradoiro, e de lonxe, Ángel Carracedo aproxímase dende o punto de fuga cunha bolsa na man.	PX				ÁNGEL (off) Adico a miña vida á ciencia e á divulgación do que sei. Tras 41 anos de ensinanza teño medo de que isto se perda, de que ninguén recolla a testemuña de ensinar en galego o complexo de maneira sinxela.		5	
1	3	EXT./ MAÑÁ	Ángel xunto a porta do Reitorado.	PX				Como psiquiatra Iria é capaz de comunicar na nosa lingua a bioloxía máis íntima. Antes de avanzar, preciso descubrir con ela		5	

			a Ángel).									
3	3	INT./ MAÑÁ	Ángel fala.		PP					ÁNGEL Teño medo do que ocorra se non sabemos transmitir o que sabemos. O noso futuro periga se non sabemos comunicar.		7
3	4	INT./ MAÑÁ	Contraplano de Iria. (Reacción)		PP					Preocúpame ver que as novas xeracións non lle prestan atención a iso, moito menos se é en galego.		10
3	5	INT./ MAÑÁ	Ángel fala.					Mesmo que S3P3		O feito de comunicar debера ser tamén tido en conta nas facultades.		5
3	6	INT./ MAÑÁ	Iria segue ca conversa.					Mesmo que S3P4		IRIA Loitamos para normalizar o galego na medicina . Estou orgullosa de ter feito o meu traballo de fin de máster en galego. O único de toda a		4

										miña promoción.		
SEC.4 Biblioteca América												
4	1	INT./ MAÑÁ	Xusto ao globo terráqueo, Ángel atopa o libro que andaban buscando.		FX							3
4	2	INT./ MAÑÁ	Globo terráqueo, as mans deles sobre o globo.		PD							3
4	3	INT./ MAÑÁ	Ángel xunta o globo.		PM					Ángel fala de Manuel Quintáns, e de como el lle ensinou a importancia de comunicar.		5
4	4	INT./ MAÑÁ	Reacción Iria.		PM							3
4	5	INT./ MAÑÁ	Ángel xunta o globo.		PM			Mesmo que S4P3		ÁNGEL É o que fago como xenetista. Entender moitas cousas moi pequenas que forman un todo.		2

4	6	INT./ MAÑÁ	Os dous xunto ao globo. Iria fala.		PX				IRIA Sei que disfrutas das vistas do mar, neste caso aquí non hai auga mais temos outro tipo de mar. Ségueme por aquí.		2	
SEC. 5 Xardin da Biblioteca América												
5	1	EXT./ MAÑÁ	Dende o interior da biblioteca, dende dentro dos cristais, vemos como os dous camiñan polo xardín anexo á biblioteca.		PX						4	
5	2	EXT./ MAÑÁ	Dende a fonte (en PP) vemos a Ángel e Iria camiñar polo xardín.		PX			Iria explicalle a Ángel a "anécdota do Síndrome do Noroeste"	"Contra" do anterior		5	
5	3	EXT./ MAÑÁ	Iria continúa a falar.		PM			IRIA Esa comunicación é algo cotián. Nesa comunicación a lingua xoga un papel clave. Como doutora, fálolles aos meus pacientes na súa			3	

									lingua máis próxima, que é o galego.			
5	4	EXT./ MAÑÁ	Plano reacción de Ángel.		PM			IRIA Empregar outra sería crear unha distancia entre eles e eu. Falar na súa lingua fáinos máis próximos, outorga máis confianza. O día a día da medicina que coñezo é en galego.			5	
5	5	EXT./ MAÑÁ	Vemos unha das pedras que decoran o xardín, e os seus pés pasando por diante.		PMC						7	
5	6	EXT./ MAÑÁ	Vemos outra.		PMC						10	
5	7	EXT./ MAÑÁ	Outra, ca inscrición de Rosalía.								6	
SEC. 6 Torre do reitorado												
6	1	INT./ MAÑÁ	Lugar moi escuro. Acceden ás escaleiras que dan acceso á		PA						1	

			torre do Reitorado. Pechan a porta.								
6	2	INT./ MAÑÁ	Ángel saca a bolsa, e menciona que ten un agasallo pra ela, que se pode empregar para guiarse polos corredores.		PP						2
6	3	INT./ MAÑÁ	Saca o quinqué.		PD						4
6	4	INT./ MAÑÁ	Suben polas escaleiras da torre.		EX	Picado.					?
6	5	INT./ MAÑÁ	Chegan ao cumio da torre.		EX				IRIA Como muller, tamén como doutora, estás continuamente xustificándote por todo.		?
6	6	INT./ MAÑÁ	Ángel escoita.		PP				Aos homes supóñesevos o cofecemento, as mulleres estamos sempre en grao de aspirantes, temos que dar un sobreesforzo.		?
6	7	INT./ MAÑÁ	Iria segue a falar.		PP				Hai sobreesforzo por ser xoven, por ser muller e,		5

									sobretudo, por falar en galego.		
6	8	INT./ MAÑÁ	Apóianse na ventá.		PA						5
6	9	INT./ MAÑÁ	Santiago a través do cristal.		EX				IRIA No xénero, na ciencia, na lingua, temos que rachar coas fronteiras.		2
6	10	INT./ MAÑÁ	Seguen apoiados na ventá, Iria fala.		PA				Para iso precisamos o espírito da mocidade, das novas que están por vir e que teñen que medrar na alegría de descubrir.	Mesmo que S6P8	6
6	11	INT./ MAÑÁ	Xíranse e aumentan a chama do quinqué. "Iria Veiga exerce a día de hoxe como psiquiatra e divulgadora. Emprega o galego no seu día a día como doutora".		PP					Texto sobre imaxe.	
6	12	INT./ MAÑÁ	O quinqué, en contraste ca escuridade do		PD					Texto sobre imaxe.	

			redor. "Difunde e comunica en galego a nosa bioloxía máis íntima". "Temos que medrar na alegría de descubrir" Iria Veiga.								
--	--	--	---	--	--	--	--	--	--	--	--

FIN

PLAN DE RODAXE

PLAN DE RODAXE Xoves 23/01/20

HORA	SEC	PLA	DIA DRA	LUZ INT/EXT	LOCALIZACIÓN	ACTORES	AMBIENTACIÓN/UTILERIA	OBSERV	RESUMO ESCENA
7:45:00 a. m.	/	/	/	/	Facultad CC Comunicación	/	/	Transporte material (Gaspar, Meri e Paula)	/
8:00:00 a. m.	2	1,2	/	/	Biblioteca América	/	/	Chegada e preparación do equipo de rodaxe	/
9:00:00 a.m.	/	/	/	/	Biblioteca América	/	/	Hora da quedada con Iria e Carracedo	/
09:15:00 a.m.	5	2, 3, 4, 5, 7, 1	DIA	EXT	Xardín	IRIA E ÁNGEL	Bolsa	Estabilizador, 35 mm	Diálogo síndrome noroeste e recursos
09:35:00 a.m.	5	1	DIA	EXT	Biblioteca América	IRIA E ÁNGEL	Bolsa	Estabilizador, 35 mm Proba a deixar micros abertos e diálogo libre	
09:45:00 a.m.	1	1,2,3,4	DÍA	EXT	Praza do Obradoiro	ÁNGEL	Bolsa	Estabilizador, 35 mm Paula e unha persoa máis , resto preparan biblioteca América	Ángel camiño ao encontro con Iria

10:10:00 a.m.	2	3, 4, 5, 6, 7	DIA	INT	Biblioteca América	IRIA E ÁNGEL	Bolsa, Libro	Estabilizador, 35 mm , Tripode 24 mm	Momento saúdo
10:30:00 a.m.	3	1, 2, 3, 4, 5, 6	DIA	INT	Biblioteca América	IRIA E ÁNGEL	Bolsa, Libro	Estabilizador, 35 mm	Buscan o libro e conversan
10:50:00 a.m.	4	1, 2, 3, 4, 5, 6	DIA	INT	Biblioteca América	IRIA E ÁNGEL	Bolsa, Libro, Glovo	Estabilizador, 35 mm	Falan do humanismo ata que atopan o libro que da lugar a comentar a problemática de xénero
11:15:00 a.m.	1	/	DÍA	INT	Biblioteca América	ÁNGEL	/	Alguén vai buscar dous cafés para ÁNGEL E IRIA	VOZ EN OFF
11:45:00 a.m.	/	/	/	/	/	/	/	Descanso. Meri probas lámpara e Paula probas cámara torre	/
12:00:00 a.m.	6	1,2,3,4, 5,6,7,8, 9,10,11, 12	DIA	INT	Torre	IRIA E ÁNGEL	/	Iria, Ángel, Meri, Paula	Iria e Ángel observan santiago dende a torre mentres Ánge' explica o significado da lámpara que lles ilumina os rostros

No. Planos 42

GUIÓN

MEMORIA DO GUIÓN DO EPISODIO 3: IRIA VEIGA E ÁNGEL CARRACEDO.

“A alegría de descubrir”

IDEAS PREVIAS:

Guión enfocado á xente moza. O galego como lingua universal coa que coñecemos o mundo. O pilar fundamental para este guión e o despertar, o descubrir, tamén en galego. A reivindicación por unha ensinanza mellor, por unha transmisión mellor do coñecemento. Outro tema básico é a muller na ciencia galega, unha perspectiva de xénero moi interesante que nos pode amosar Iria Veiga.

- O NOSO RETRUCANTE - ÁNGEL CARRACEDO:

1. O seu conflito:

1. O médico e divulgador científico máis recoñecido e internacional de Galicia. Non atopa “relevo” na divulgación científica en galego. Preo,,,cúpase pola alta competitividade da mocidade que se esforza nun profundo individualismo mais descoida a comunicación á sociedade.
2. Outro conflito detectado é o da educación. Carracedo cuestiona o modelo educativo actual en grande maneira. Bota en falta máis humanismo, un xeito de educar que axude a entender o mundo na súa totalidade, non aillado en pequenas partes.

1. Carracedo é, entre as súas numerosas especialización, xenetista. Entende o complexo e as partes que forman ese complexo, niso hai espírito humanístico. Comparte con Iria tamén o interese polo funcionamento da nosa mente, encabeza na actualidade un grupo de investigación obre o autismo

Obstáculos: Prexuízos e descréditos contra o galego. Falta de mellora na transmisión do coñecemento, do ensino.

- 1 Esperanza: Iria e as novas xeracións que están chegando. Iria emprega o galego como lingua vehicular e forma parte das novas xeracións, comunica o coñecemento. As máis novas manifestáronse en Medicina reivindicando unha Universidade mellor e un futuro da ciencia e da medicina tamén en galego.

PROPOSTA DE LOCALIZACIÓNS:

EXTERIORES:

Aldea abandonada en Arufe, Pontevedra. As rúas, a memoria perdida, os camiños íntimos na procura do máis próximo.

Castro? Os castros en Galicia conservan petroglifos, lembran ao cerebro. Un castro é un rueiro concentrado, cheo de camiños na memoria.
Parque de Santo Domingo de Bonaval, Santiago. Antigo cemiterio. Estética interesante debido aos nichos baleirados (o cerebro, as neuronas).


INTERIORES:

Fábrica de Papel en Lousado, Ourense.
Biblioteca do Reitorado da USC e biblioteca da Facultade de Xeografía e Historia, Santiago.
ESAD Mestre Mateo, Santiago.
MUNCYT (Museo Nacional de ciencia y Tecnología), A Coruña.
CGAC (Centro Galego de Arte Contemporáneo), Santiago de Compostela.
MUPEGA (Museo Pedagógico de Galicia) Santiago. Museo con reproducións exactas de clases e aulas do século XIX e XX. Semellan pequeno platós.

LOCALIZACIÓNS EXTERIOR E INTERIOR FINAIS: Praza do Obradoiro e a biblioteca América do Reitorado, con distintos claustros e espazos ao aire libre neste último.

- O NOSO RETRUCANTE - ÁNGEL CARRACEDO

FIGURA 15: Ángel Carracedo



Fonte: Pepa Granados (Metode.es)


Fala con xente de todas partes, de Galicia, España e toda Europa. controla 5 idiomas (español, galego, portugués, inglés, francés e italiano). Ten unha ollada crítica ao futuro, por unha parte pon moi en valor a mocidade, mais incide que na súa xeración eran mais rebeldes. Crítica duramente o conformismo, a falta de forza na mocidade para protestar por un futuro mellor. Confesa que, sobre isto último, ten esperanzas postas en movementos como os do estudantado de Medicina na USC, “están protestando polo seu futuro, por cousas moi importantes”, “díxenlles: alegreime de que espertárades!” Non concibe a palabra “relevo”, ten unha visión ampla do mundo e moi humanista, “unha persoa pode non chegar a xubilarse, estar sempre activa e aportar algo á sociedade”. Confesa que o seu traballo é constante. Bota en falta máis divulgación, tamén en galego considera que non hai relevo neste campo en Galicia. Ten unha ollada moi normalizada sobre a lingua, emprégaa frecuentemente en Galicia. Admite que a divulgación, enporcentaxe co resto do seu traballo, é cousa mínima, mais di que tería que ser considerada tamén curricularmente.

Outra das súas grandes preocupacións é o futuro do ensino, do coñecemento. Cre que se ten que reverter “un sistema decimonónico” baseado na memorística e exposición, ademais dun sistema de avaliación “obsoleto”. Considera que hai falta de sensibilidade dentro do sistema educativo no eido da aprendizaxe “falta que lles fagan entender aos alumnos o mundo que lles rodea”, gústalle o modelo finés de educación. Considera que España non adica cantidade suficiente de capital ao I+D, mais sinala falta de inversión do sector privado. Pon moi en valor o capital humano, cunha ollada de xénero. Confesa que, ao igual que Iria, detecta unha falta de empurre nas mozas científicas para que sexan conscientes do seu propio vs da súa grande capacidade, a qu a que sexan conscientes da súa grande capacidade, a que acaden postos máis altos”. Di que un 76% do estudiantado de Medicina son mulleres, ademais de ser maioría nos seus equipos de investigación.

Nas súas influencias, un profesor de literatura, Manolo Quintáns “sabía transmitir a paixón e a alegría cando ensinaba”. Expónme unha fermosa metáfora, a “lanterna de Aristóteles” que poseen os ourizos de mar, “os rapaces saben o que é un ourizo mais non se lles ensina a procurar na lóxica o mundo que les rodea”

- A NOSA REFERENTE – IRIA VEIGA

FIGURA 16: Iria Veiga



Fonte: cedida

Iria lembra a Carracedo nunha anécdota relacionada cun Power Point. Carracedo foi capaz de explicar o tema científico nunha conferencia de expertos sen apoio técnico algún, só mediante o poder da oratoria, xa que o soporte técnico estaba esmna du Power Point. Foi alumna du Power Point. Foi alumna de Carracedo.

“Eu quería ser doutora dende pequena, era desas nenas incómodas que con 5 anos quería ser médicas. Era unha nena sociable eh? Gústame a medicina porque alivia a dor da xente, pode mellorar a súa vida. Vexo na medicina un método para curar. Creo que son demasiado impaciente para a investigación, gústame o traballo do día a día e ver rápido os froitos do meu traballo” Está acostumada a ver na docencia impartida na súa facultade como algo que censuraba ao galego, moi, moi elitista (asunto a tratar no guión, baixar a ciencia á terra e desbotar o elitismo, o coñecemento como algo transversal e accesible) Nos seus anos xa eran un 80% de mulleres nas aulas. Amósase preocupada pola masculinización dos cargos directivos en saúde e a feminización das tarefas auxiliares. “Na medicina conforme sobes o escalafón hai menos mulleres” “Debemos poñer en valor ás mulleres científicas” (poderíamos falar de Margarita Salas).

“O sesgo de xénero está dende o momento do nacemento. Como muller, tamén como doutora, estás continuamente xustificándote por todo. Aos homes supóñeselles o coñecemento, as mulleres estamos sempre en grao de aspirante”. Iria cóntame unha anécdota, nunca no seu lugar de traballo a chamaron “doutora Veiga”. Conta que unha vez unha paciente entrou no seu despacho, onde antes de entrar á porta propia do despacho hai unha antesala onde está o seu secretario. A muller entrou, pasou por diante do secretario, abriu a porta (cun letreiro que poñía “doutora Veiga”) e preguntoulle a Iria para pedir cita, como se Iria fose a secretaria e o administrativo (home) fose o doutor. “As mulleres temos que facer un sobre esforzo en calquera ámbito da nosa vida”. “A maternidade é a morte da investigadora” “O patriarcado chega a provocar que nós mesmas minusvaloremos a nosa propia capacidade”. “Moitos problemas veñen deses conflitos sociais, hai unha frase dun psiquiatra, non lembro agora o seu nome, que di que ‘vostede non precisa un psicólogo, precisa un sindicato’.

Considera o coñecemento como mestura de moitas áreas, mesturar ciencia e humanidades, por exemplo, quitar fronteiras. “O cerebro é o órgano que máis mola”. Explica e divulga en galego 100%, ao igual que na súa atención aos pacientes: “falo en galego sempre cos meus pacientes, de xeito natural xa que é a súa lingua natural, falar outra sería falso, sería impostar e sería unha distancia entre eles e min” “O meu TFM foi o único do meu ano en galego, dixerónme de todo”

AGASALLO: Unha lámpada tipo quinquel, de gas. O agasallo que fai Carracedo ten a súa lóxica na orixe desa lámpada, simbolizada na literatura como lámpada dos faros, neste caso particular porque a propia forma da lámpada lembra ao facho de luz dun faro. A familia de Carracedo é de orixe fareira. O faro é asimesmo símbolo de Ilustración, coñecemento e liberdade.

GUIÓN CAPÍTULO 3 - A ALEGRÍA DE DESCUBRIR

SECUENCIA 1

- CABECEIRA XERAL -

1. INTRODUCCIÓN DE ÁNGEL

LUGAR: Reitorado da USC, praza do Obradoiro, Santiago.

Exterior. Día. Ángel Carracedo entra no Reitorado da USC pasando polo Obradoiro, leva unha bolsa nos ombreiros. Observa e mira o claustro, as árbores que están no seu xardín central, a estatua de Fonseca.

ÁNGEL (off)

Adico a miña vida á xenética e a divulgación. Tras 41 anos de ensinanza penso que está en perigo comunicar a ciencia en galego. Como psiquiatra Iria é capaz de comunicar na nosa lingua os misterios da mente, preciso descubrir con ela o futuro do que máis quero.

Exterior. Día. Ángel adéntrase pola porta da biblioteca América.

CABECEIRA E TÍTULOS DO CAPÍTULO 3:

LENDAS: "A ALEGRIA DE DESCUBRIR": IRIA VEIGA E ÁNGEL CARRACEDO

SECUENCIA 2

1. INTRODUCCIÓN DE IRIA VEIGA: "DOUTORA VEIGA"

Lugar: biblioteca América

Ángel entra na biblioteca. No fondo está Iria de costas, de pé, os dous aproxímanse. Saúdanse. Ángel sinala ao seu redor, Iria explica que anda na procura dun libro en concreto: "*De que se ríe la Gioconda?*"

IRIA

Ando na procura dun exemplar bastante difícil de atopar. Este é un dos poucos sitios en Santiago onde o teñen.

SECUENCIA 3

1. INTRODUCCIÓN DO CONFLITO: A TRANSMISIÓN DO COÑECEMENTO NA MOCIDADE, A PREOCUPACIÓN POLO PLANETA

Lugar: biblioteca América

Interior. Os dous curiosean un libro dos estantes. Iria conta a anécdota do power point, nela explícase como Carracedo foi capaz de dar unha conferencia de máis dunha hora sen soporte técnico, só coa súa oratoria. Ángel comparte o seu conflito.

ÁNGEL

Teño medo do que ocorra se non sabemos transmitir o que sabemos. O noso futuro periga se non sabemos comunicar. Preocúpame ver que as novas xeracións non lle prestan atención a iso, moito menos se é en galego. O feito de comunicar debera ser tamén tido en conta nas facultades.

IRIA

Loitamos para normalizar o galego na medicina. Estou orgullosa de ter feito o meu traballo de fin de máster en galego. O único de toda a miña promoción.

SECUENCIA 4

1. A AMPLITUDE DO COÑECEMENTO: A LINGUA COMO MANEIRA DE ENTENDER O MUNDO

Lugar: biblioteca América, ao carón do globo terráqueo

Interior. Día. Ao velo, Ángel refírese a un antigo profesor seu de literatura e lingua, Manuel Quintáns. El ensinoulle esa importancia de comunicar con alegría e paixón, máis tamén da amplitude do coñecemento, do sentir humanista. Explica a historia mentres ambos manipulan o globo terráqueo. El e Iria conversan sobre a necesidade de entender o mundo, tamén da man do humanismo, do afecto.

ÁNGEL

É o que fago como xenetista. Entender moitas cousas moi pequenas que forman un todo.

Atoparon o libro que procuraba Iria, está ao carón do globo terráqueo. Iria explica o interese que ten nel: a temática de xénero na arte. Esa situación de ocultamento tamén se produce na medicina.

IRIA

Como muller, tamén como doutora, estás continuamente xustificándote por todo. Aos homes supóñesevos o coñecemento, as mulleres estamos sempre en grao de aspirantes, temos que dar un sobreesforzo. Hai sobreesforzo por ser xoven, por ser muller e, sobretodo, por falar en galego.

Iria confesa que ten unha sorpresa que sabe que lle vai gustar a Ángel. Diríxense cara a saída da biblioteca, van ao xardín.

SECUENCIA 5

1. INTRODUCCIÓN DO AGASALLO E O “SÍNDROME DO NOROESTE”

Lugar: xardín da Biblioteca América.

Exterior. Día. Vemos imaxes deles a través dos cristais que dan ao xardín. Ambos camiñan polo xardín anexo á biblioteca. Dende alí vemos o ceo e a fonte. Iria explícalle a Ángel a “anécdota do Síndrome do Noroeste” (nela mostra como foi a súa experiencia nun hospital fóra de Galicia, despois de graduarse, onde no primeiro día enfrontouse a un paciente con “respostas evasivas” e “idiosincrasia particular” que na zona acuñaron como Síndrome do Noroeste).

IRIA

Esa comunicación é algo cotián. Nesa comunicación a lingua xoga un papel clave. Como doutora, fálolles aos meus pacientes na súa lingua máis próxima, que é o galego. Empregar outra sería crear unha distancia entre eles e eu. Falar na súa lingua fáinos máis próximos, outorga máis confianza. O día a día da medicina que coñezo é en galego.

Mentres pasean observan varias pedras chantadas no xardín. Observamos as pedras, hai inscricións de autoras e autores en distintas linguas, a cámara fíxase nunha de Rosalía de Castro que di: *“Dende aquí vexo un camiño que non sei a donde vai; polo mesmo que n’o sei quixera o poder andar”*. Antes de subir, Ángel sinala a súa bolsa.

IRIA

Pouca xente que visita esta biblioteca mira cara arriba, hai un lugar aquí que ninguén coñece e ten unha das mellores vistas da cidade, teño as chaves.

ÁNGEL

Podes alumear o camiño.

SECUENCIA 6

1. RESOLUCIÓN: COMBATER AS DESIGUALDADES

Lugar: Torre do reitorado

Interior. Lugar moi escuro. Acceden ás escaleiras que dan acceso á torre do Reitorado. Aproxímanse a unha zona de sombra. Ángel descubre o agasallo: unha lámpada antiga e portátil.

Iria menciona que obxectivos como os que desexa Ángel (foron os desexados no seu Menciona que é ideal por dúas razóns, por unha parte iluminar, Iria ilumina conciencias, a lámpada de queroseno é obxecto que se empregaba para guiarse polos corredores, neste momento preciso é ideal. día pola Xeración Nós) son algo latente nas novas xeracións, tamén as que están por vir. Ángel, en contraste co pasado que acaba de invocar Iria, saca o tema da mocidade, de como nos seus proxectos cada vez hai máis xente xoven, da cal a maioría son mulleres.

Chegan ao cumio da torre, observamos o horizonte xunto a eles. Volvemos observalos. Están apoiados na ventá, vemos o día de Santiago.

IRIA

Aquí as distancias cambian, parece que non hai límites. No xénero, na ciencia, na lingua, temos que rachar coas fronteiras. para iso precisamos o espírito da mocidade, das novas que están por vir e que teñen que medrar na alegría de descubrir.

IMAXES DE PLANO XERAL, SEGUE A SOAR A MÚSICA, NA PANTALLA APARECE UN TEXTO:

"Iria Veiga exerce a día de hoxe como psiquiatra e divulgadora. Emprega o galego no seu día a día como doutora".

"Difunde e comunica en galego a bioloxía das ideas".

"Temos que medrar na alegría de descubrir"

Iria Veiga.


FUNDIDO A NEGRO

FOTOGRAFÍA

Leváronse a cabo probas previas na localización e estudos da luz en cada momento no día. A partir do resultado se estableceron as mellores horas para rodar en cada subespazo creado dentro da localización. Xa que, a pesar que ser unha única localización, creamos a ilusión dunha viaxe a partir do desenvolvemento das secuencias e a acción en pequenas división dese espazo feitas con este propósito.

Así se decidiu comezar a rodaxe pola segunda secuencia, para captar as primeiras horas de luz do día. Continuar coa primeira secuencia no interior da biblioteca a media mañá, para aproveitar a luz natural que entraba polas ventás. E por último a escena da torre, xa que rodar antes sería perigoso pola condensación do ambiente que fai que a subida sexa moi resbaladiza a esas horas.

Tamén neste capítulo, ao estar moito máis limitado encanto a tempo e recursos respecto do piloto, se incluíu por primeira vez o recurso do Step Printing. Co obxectivo de aportar maior dinamismo a introdución. Esta idea xurdía a partir da cinematografía de Christopher Doyle en Chucking Express.



A alegría de aprender

Localizacións.....	2
Aspecto visual.....	8
Referentes.....	10

LOCALIZACIÓN 3. Torre

- **Estabilizador**
- **Sony 25/75**
- **Planos recurso**

Subexpoñer interior da torre. Exterior ben exposto, Iria e Carracedo iluminados co agasallo.

Posibilidade de facer o percorrido nos "pasillos escuros" que menciona o guión na zona de acceso aos servicios. É de pedra mentres que a zona de acceso á torre é moderna, luminosa e está chea de odenadores e papeleo.



LOCALIZACIÓN 4. Obradoiro

- **Estabilizador**
- **Sony 25/75**
- **Filtro nd**
- **P**

Seguemento de Carracedo ao encontro de Iria. Plano e mirada subxectiva dos lugares que percorre e contraplanos nos que vemos a Carracedo. Comeza o vídeo coa inmersión no seu percorrido mentres escoitamos a súa voz en of, comezamos a ver detalles da persoa que fala (bolsa co agasallo, zapatos etc. ata que vemos o seu rostro cando se atopa con Iria.



ASPECTO VISUAL



CORES DOMINANTES

- Pouca saturación e contraste
- Cores presentes no entorno natural
- Para potenciar escenas ou personaxes. Exemplo da roupa de Iria.
- Cores presentes en obxectos das localizacións.
- Aproveitar para potenciar contraste verde / vermello

CORES EN SEGUNDO PLANO



CONTRASTE

Para asegurar que os programas non teñen estética dispar e manteñen certa coherencia visual. Ao ser en localizacións e datas tan diversas a baixa saturación e contraste permite que eses cambios bruscos sexan máis tenues. Ademais aseguramos as altas luces e temos máis marxe en postproducción.

ENCADRES

Premeditados e sen movementos bruscos de cámara. Xa que buscamos escapar desa linguaxe máis televisiva e publicitaria, os planos deben estar coidados en canto a composición e é preferible non abusar dos primeiros planos nin cambios de planos mentres os dous convidadas conversan. Os movementos estarán xustificádos por un seguemento e evitaremos abusar deles. A idea é simplificar para poder facer menos planos pero de mellor calidade.

RELACIÓN CO ENTORNO E O OBXECTO

As imaxes axudarán ao relato para potenciar a sensación de viaxe persoal e amosar a relación das personaxes co entorno que lles une a súa lingua. No caso deste episodio partimos das vistas da cidade a altura do chán para acabar coas mesmas vistas desde a altura, ascenso que simboliza esa viaxe e a realización persoal do referente.

SONY A7R

Formato XAVC SHD
25P (excepto 100 en escena batería)

LUT:

- Nivel de negro + 2
- Modo de color cinema
- Saturación - 4

Enfoque automático coa lente de sony, manual co resto

OBXETIVOS:

- Canon 50
- Canon 70/200
- Sony 25/70
- Adaptador obxetivos Canon

**ESTABILIZADOR, FILTROS ND,
TARXETAS, DISCO DURO, EQUIPO DE
ILUMINACIÓN 3LEDS, REFLECTOR, GOPRO**

REFERENTES



FRESAS SALVAXES. BERGMAN.

A viaxe dun personaxe perdido.



CLOSED UP. ABBAS KIAROSTAMI.

O encontro co referente.



SILENCE AND DARKNESS. WERNER HERZOG

Iria e Angel tocan o olivo



IDA. PAWEL PAWLKOWSKI

Iria e Angel nun entorno frío e pechado cos rostros iluminados polo agasallo mentres miran ao exterior



CONSEGUIREMOS SABER MIRAR UN NOVO MUNDO

BAIUCA E LAURA LAMONTAGNE



> [Ver capítulo](#)

DIRECCIÓN E REALIZACIÓN

Referente: Alejandro Guillán, coñecido como Baiuca, foi escollido como referente por traballar coa tradición galega a través da música. Facendo dela vangarda que chega ao noso público obxectivo e tamén con gran proxección internacional.

Mensaxe do capítulo: É posible difundir unha mensaxe en galego a aqueles que non son galego falantes. Se todos escoitamos música en inglés, incluídos aqueles que non entenden o idioma, por que vai a ser distinto co galego. Así é para Baiuca que nota que a súa música chega á xente de alí a onde vai.

Conflito da retruncante, Laura Lamonagne: Quere ser unha cantautora multilingüe nun mundo tendente á uniformación cultural.

Localización: Buscamos algo que encaixe coa súa música e estética. Escollemos o castelo por esas raíces tradicionais que ten a música folk e de cantautor. Así como os escritores e escritoras nos que se inspiran ambos para crear as súas letras. O mar reforza esa atmosfera mística que posúen as creacións de ambos.

Agasallo: De novo se buscou que dese lugar a unha acción, un instrumento pareceu o máis adecuado neste caso. Para seguir reforzando a relación do tema principal con Galicia e co galego, optouse polas castañolas.

GUIÓN TÉCNICO

GUIÓN TÉCNICO - EP. 4 (Con Laura Lamontagne e Baiuca).

S E C	PLA NO	TEM /LOC	IMAXE	ESPECIFICACIÓNS TÉCNICAS				AUDIO		TEMPO	
				ENCA DRE	ANGULA CIÓN	MOVEMENTO	NOTAS	TEXTO	SON	T. CORR	T. AC.
SEC. 1 Paseo dos veciños											
1	1	EXT./ MAÑÁ	Surfistas na auga, praia de Bastiagueiro.	PX			Recurso			3	
1	2	EXT./ MAÑÁ	A praia, cas árbores do paseo de fondo.	PX			Recurso			5	
1	3	EXT./ MAÑÁ	Entre as árbores que rodean ao camiño, Laura aparece.	PX						5	
1	4	EXT./ MAÑÁ	Laura camiña mirando a caixa.	PM		Seguemento		LAURA (off) Son Laura LaMontagne e son cantante. Quero vivir da música aínda que sexa difícil en galego ou noutras linguas.		3	
1	5	EXT./ MAÑÁ	Continuación do anterior (seguemento). Laura camiña mirando a caixa.	PP				Admiro a Baiuca porque tamén ten a teima de actualizar a nosa tradición.			

1	6	EXT./ MAÑÁ	Castelo de Sta. Cruz. Aparece Laura no cadro. Fárase.	PX				Preciso seguir creando sen esquecer as miñas referencias.			
1	7	EXT./ MAÑÁ	Cara de Laura.	PPP							
CABECEIRA E TÍTULOS DO CAPÍTULO 3: LENDA: "SABER MIRAR UN NOVO MUNDO": Baiuca e Laura Lamontagne.											
SEC. 2 Cafeteria Sta. Cruz											
2	1	EXT./ MAÑÁ	Alejandro sentado ollando cara o mar. O castelo de fondo.	PM						4	
2	2	EXT./ MAÑÁ	Escorzo de Alejandro. Laura entra na cafeteria.	PX						3	
2	3	EXT./ MAÑÁ	Os dous sentados á mesa.	PX						3	
2	4	EXT./ MAÑÁ	Os dous na mesa, sentados, a través do cristal.	PX						2	

SEC.3 - Ponte do castelo de Sta. Cruz											
3	1	EXT./ MAÑÁ	Xente camiñando polo paseo de Sta. Cruz.	PX			Recurso			3	
3	2	EXT./ MAÑÁ	Unha barquiña amarrada á beira do castelo.	PX			Recurso			6	
3	3	EXT./ MAÑÁ	Laura e Alejandro camiñan pola ponte, desde o lonxe.	PX						7	
3	4	EXT./ MAÑÁ	Vemos aos dous de costas. Falan e camiñan.	PM		Seguemento		ALEJANDRO Chegou un momento no que decidín ir a Madrid, quería coñecer a vida nunha grande cidade. Por sorte non temos grandes urbes. Tiña a idea de Baiuca xa na ida a Madrid. Estando fóra, atopeime.		10	
3	5	EXT./ MAÑÁ	De fronte, os dous camiñan e falan.	PM		Seguemento		Chegou un momento no que decidín facer cancións tradicionais compostas por min, falar de aquilo, tiña que ser en galego. Para min é o máis natural.		5	

3	6	EXT./ MAÑÁ	Unha torre do castelo.	PX			Recurso				
3	7	EXT./ MAÑÁ	Eles dous de costas na pasarela, ao lonxe, chegando ao castelo	PX							4
SEC. 5 - Castelo de Sta. Cruz, interior da muralla.											
4	1	EXT./ MAÑÁ	Unha das torres do castelo.	PX			Recurso				3
4	2	EXT./ MAÑÁ	Os xardíns do castelo.	PX			Recurso				3
4	3	EXT./ MAÑÁ	Laura e Alejandro pasean polo interior do castelo.	PX							5
4	4	EXT./ MAÑÁ	Laura fala.	PM							3
4	5	EXT./ MAÑÁ	Alejandro fala.	PM				ALEJANDRO Para min é o que me da a esencia. Non penso o proxecto como algo adicado só a ser escoitado en Galicia, vai para o mundo global,			2

								para todas e todos. Non é algo rebuscado, é algo natural. Gústame xogar.			
4	6	EXT./ MAÑÁ	De fronte, os dous camiñan cara a costa.	PA							2
4	7	EXT./ MAÑÁ	Desde atrás, os dous camiñan e falan.	PA				ALEJANDRO Hai que rachar cos purismos. Gústame investigar, ver as novas tendencias, saber ollar o mundo, hai que fixarse moito nos clásicos pero mirar ao futuro, ver que lle interese á xente.			4
4	8	EXT./ MAÑÁ	Chegan á porta que dá ao exterior, e pasan.	PX							5
SEC. 6 - Exterior do castelo, banco.											
6	1	EXT./ MAÑÁ	O horizonte marino, ca Coruña de fondo.	PX			Recurso				1

6	2	EXT./ MAÑÁ	Un banco de madeira, que mira cara ao mar.Laura e Alejandro chegan e sentan.	PX						2	
6	3	EXT./ MAÑÁ	Laura fala.	PP						4	
6	4	EXT./ MAÑÁ	Alejandro fala.	PP					ALEJANDRO Buscando as miñas raíces quería chegar ao mais cercano para min. Ao final un ten que buscar o que a un lle representa ou se sinte identificado, para min é o galego. A través do que herdamos temos que saber mirar un novo mundo.		?
6	5	EXT./ MAÑÁ	Os dous no banco, desde detrás.	PML							?
6	6	EXT./ MAÑÁ	Laura revela o agasallo.	PP							?
6	7	EXT./ MAÑÁ	As castañas na man de Laura.	PD							5
6	8	EXT./ MAÑÁ	Os dous no banco desde diante. Interactúan cas castañas.	PML							5

6	9	EXT./ MAÑÁ	Alejandro.	PP			Mesmo que S6P4				2
6	10	EXT./ MAÑÁ	Laura.	PP			Mesmo que S6P3				6
6	11	EXT./ MAÑÁ	Os dous desde detrás.	PML			Mesmo que S6P5	"Alejandro Guillán, Baiuca, leva o noso idioma aos ritmos do século XXI"			
6	12	EXT./ MAÑÁ	Os dous no banco.	PX			Mesmo que S6P2	"A súa música é un éxito en festivais de dentro e fóra de Galicia. Leva a tradición de man do galego ao máis vangardista"			
6	13	EXT./ MAÑÁ	O mar, cas embarcacións amarradas ao fondo.	PX			Recurso	"Temos que saber mirar un novo mundo" Alejandro Guillán, Baiuca. Músico FUNDIDO A NEGRO			

FIN

PLAN DE RODAXE

PLAN DE RODAXE 7/2/20

HORA	SEC	PLA	DIA / NOI	LUZ	LOCALIZACIÓN	ACTORES	AMBIENTACIÓN / UTILERIA	OBSERVACIÓNS	RESUMO ESCENA
				INT / EXT					
7:45:00 a. m.	/	/	/	/	Facultade de Ciencias da Comunicación	/	/	Salida dende Santiago (Gaspar, Iolanda, Paula, Brais, Marcos)	/
8:30:00 a. m.	/	/	/	/	Beira do castelo de Sta. Cruz	/	/	Chegada e preparación do equipo de rodaxe	/
9:00:00 a. m.	/	/	/	/	Beira do castelo de Sta. Cruz	/	/	Hora de quedada con Laura Lamontagne.	/
9:10:00 a. m.	1	3, 4, 5, 6, 7	DIA	EXT	Paseo dos veciños.	LAURA			Laura de camiño ao encontro con Baluca.
9:30:00 a. m.	/				Beira do castelo.	BAIUCA E LAURA		Hora de quedada con Alejandro. Chegada con Laura para rodar a Sec. 2	/
9:45:00	2	1	DIA	INT	Interior da cafetería	BAIUCA			Alejandro sentado ollando cara o mar. O castelo de fondo
9:50:00 am	2	2,3, 4	DIA	INT	Interior da cafetería	BAIUCA E LAURA			Conversa entre Alejandro e Laura na cafetería.
10:30:00	3	3, 4, 5, 7	DIA	EXT	Ponte do castelo de Sta. Cruz	BAIUCA E LAURA			Conversa no paseo do castelo

11:30 a.m.	/	/	/	/	Cafetería Sta. Cruz	/		/	Descanso para café
12:00:00 a.m.	/	/	/	/	Cafetería Sta. Cruz	/		/	Remate do descanso
12:15:00 am	4/5	/	DIA	EXT	Interior da muralla do castelo	BAIUCA E LAURA			Comezo da rodaxe da secuencia 4/5 no interior do castelo
12:20:00 a.m.	4/5	3, 4, 5, 6, 7, 8	DIA	INT	Interior da muralla do castelo	BAIUCA E LAURA			Conversa e paseo no interior da muralla.
13:20:00 p.m.	6	2, 3, 4, 5, 6, 7, 8	DIA	EXT	Beira do castelo, banco de madeira	BAIUCA E LAURA			Intervención cas castañolas e conversa.
14:30:00 p.m.	/	/	/	/					Fin de rodaxe

GUIÓN

MEMORIA DO GUIÓN DO CAPÍTULO 3 - BAIUCA E LAURA LAMONTAGNE

IDEAS PREVIAS:

Imaxes rápidas, mundo underground, trap, folk, místico e áxil. Os novos movementos musicais xogan con elementos analóxicos, fluorescentes, case como a luz dun neón. Hai melancolía, decadencia e transcendencia analóxica. Reconfigúranse significados. Grupos como Las Bistecs, Baiuca, Ladilla Rusa ou cantantes como Rosalía anovan e voltan dar significado ao profundo do “castizo”, “andaluz” ou galego, reinterpretándoo e levándoo a coordenadas propias da mocidade, do móbil, da imaxe acelerada. Na temática, unha mocidade enfrontada á precariedade, ao mercado que non admite as aspiracións.

- POSIBLES RETRUCANTES:

1. Sanny Caster. Acaba de publicar o seu primeiro LP. Música indie, lembra a Simon & Garfunkel, da súa música favorita. Podo contactar con ela a través dunha amiga en común

<https://youtu.be/AxybX3abRno>

1. Guillermo Lens Toca un estilo de música semellante ao de Baiuca, compón e sube cancións ás redes. Admira a Baiuca.

https://m.facebook.com/story.php?story_fbid=2080643308647972&id=100001069691572

1. Baiuca propónnos a Laura Lamontagne, artista nova de Lugo que experimente coa música das Cantigas de Martín Códax. O seu estilo lembra moito a Baiuca. Confirmada como retrucante.

PROPOSTA DE LOCALIZACIÓNS:

Baiuca sinala dúas, a prioritaria é a ruta do monte Xiabre (de feito este monte da nome a un tema del), outra son os muíños de vento de Catoira e arredores.

O monte Xiabre, a pesar de ser exterior, resulta moi interesante. Ademais dunhas vistas espectaculares, obsérvanse os muíños do parque eólico de Catoira e posúe un xacemento castrexo e petroglifos, danos pé a falar da conexión coa tradición, a expresión artística primeira (comunicar con imaxes). É imprescindible ir pola zona e ver as posibles localizacións (*contacto para localizar petroglifos. Asociación Umia Vivo*).

EXTERIORES:

1. Monte Xiabre
2. Muíños de vento de Catoira
3. San Cibrao, en Catoira

Costa de Dexo-Serantes. Paisaxe moi “Baiuca”, grandes cantís, calas e horizontes de herba e azul do ceo, numerosos sendeiros, interacción, co mar do fondo e as praias. https://www.turismo.gal/recurso/-/detalle/16860/costa-de-dexo?langId=es_ES&tp=1&ctre=5

FIGURA 17: Costa de Dexo



Fonte: Concello de Oleiros

FIGURA 18: Faro de Mera. Faro branco, pequeno, con camiños ao arredor.




Fonte: Concello de Oleiros

FIGURA 19: Porto de Lorbé. Porto mariñeiro, dornas e barcas de pesca.




Fonte: Turismo de Galicia

FIGURA 20: Parque natural das Trece Rosas. Parque con sendeiros que une Bastiagueiro con Santa Cruz. Acceso a calas moi interesantes



Fonte: caminandoentresenderos.com

FIGURA 21: Cala no parque das Trece Rosa



Fonte: Cintia García


INTERIORES:

FIGURA 22: Castelo de Santa Cruz. Antiga fortificación do XVIII restaurada, de acceso público, pode haber unha interacción interesante entre o exterior e o interior. Preto das localizacións exteriores propostas.



Fonte: Rodrigo Rega

FIGURA 23: A Fábrica de Oleiros. Antiga fábrica do XIX reconvertida en centro cultural, posúe un auditorio.



Fonte: Concello de Oleiros

- MÚSICA:

Sería interesante empregar as propias cancións de Baiuca e LaMontagne

1. LAMONTAGNE:

“Banharémonos nas ondas” versión de LaMontagne e Pico Amperio sobre unha cantiga de Martín Códax.

<https://youtu.be/R6289cFBqMM>

“A xustiza pola man” versión de LaMontagne sobre un famoso poema de Rosalía de Castro.

1. BAIUCA:

“Caravel”, baseada nun poema de Rosalía de Castro, sacou esta canción coa artista Nita en novembro deste 2019. <https://www.youtube.com/watch?v=sTpBDcH-sfk>

“Ilaló”, tropical, refrescante e innovadora, pode cadrar na secuencia final

<https://youtu.be/IonXsZ2AXUQ>

“Morriña”, himno xeracional, a canción máis recoñecida de baiuca, pode cadrar aínda mellor na secuencia final.

<https://youtu.be/4loRK5Awa6M>

- A NOSA RETRUCANTE - LAURA LAMONTAGNE (9/12/2019)
- O seu conflito: Non ter un futuro digno nunha época de mocidade precaria.
- Destino: adicarse ao que máis quere, cantar, a música. Vivir da súa paixón.
- Impedimentos: prexuízos ante o galego como vehículo de modernidade.
- Resolución positiva: non é a primeira que lle ocorre, outros tiveron que chegar a Galicia para seguir coñecéndose (Lorca cos “seis poemas galegos”) ou irse para darse de conta do que perdían (Rosalía de Castro cando marcha a Madrid ou, na ficción, o Adrián Solobrio de Arredor de sí, de Otero Pedrayo). Galicia é vehículo de modernidade a través do galego, como o sería a través de calquera outra lingua.

FIGURA 24: Laura LaMontagne



Fonte: papeisdaacademia.org

Unha mestura galega, beatnik e flamenca. Influenciada no musical por Baiuca, no lírico por Ginsberg. Toma o seu nome de Ray LaMontagne, cantautor. Estudou o Grao en Lingua e Literatura Inglesas na USC. Gústalle viaxar e os idiomas e participou nun coro, alí descubriu a súa vocación para a música. Escolle o monte, a montaña, como lugar onde atoparse. Ademais de compoñer, tocar e cantar, Laura escribe poesía. Publicou “La elegía de la huerta” no 2018.

En “a estación violenta”, de Anxos Fazáns, interpreta a Daniela, unha personaxe que se enfronta á precariedade e a non saber moi ben que quere facer coa súa vida (dilema de moita mocidade dos nosos días). Profesa un amor pola obra de Lorca e pola cultura andaluza, incluído o flamenco, que estuda para incorporar ás súas obras. Interese pola dinámica do desexo sexual, as relacións modernas e o sistema patriarcal.

Está interesada por Lorca dende hai 2 anos. Considérase nunha constante procura pola orixinalidade. Unha viaxe dun mes a Granada marcouna, abriulle fronteiras culturais, dende aquela está interesada non só por Lorca senón polo flamenco e Andalucía. Hai un poema de Lorca que a apaixoa: “Cuarta balada amarilla”. A cultura, arte, como algo transversal. O seu primeiro poemario xurdiu dunha necesidade de comunicar inxerencias sociais, políticas e culturais. Ao revés que Baiuca, nunca foi a un conservatorio nin nada semellante, para ela a creación é un feito impulsivo e, sobretudo, constante. Crear dálle osíxeno, quíttalle os problemas da cabeza: “saír ao escenario é combater o silencio”. Colleulle amor á poesía, a recitar, non no instituto senón nos recitais da caldeirería en Santiago, compáraos cunha das súas películas favoritas, “El club de los poetas muertos”. Considérase “rara” porque o seu interese polas cantigas de Martín Códax, que versionou e versiona con impulsos modernos naceu no bacharelato no Instituto dos Ollos Grandes de Lugo.

Moi próxima á nai, é de tradición castelanfalante. Relaciona o galego con “algo que me leva á tradición, ao íntimo, algo que sempre estivo alí de fondo, algo que aínda non se asentou”. Emprega como principal instrumento a súa voz. Dálle moita importancia á súa estética, niso e no musical Baiuca é unha grande referencia. Admite, entre risas, ter unha relación difícil coa tecnoloxía, innovar tamén supón un reto diario para ela. Considera a mestura, o cruce de culturas, un valor valiosísimo, moi necesario para que a xente teña curiosidade e “curiosidade polo que é un”. Alaba a Rosalía e o que fixo co flamenco, a innovación de levalo aos códigos e estéticas do século XXI. “Antes de escoitar La niña de los peines hai que escoitar a Rosalía, é a curiosidade que provoca o que te impulsa a ir cara atrás” “hai que escoitar o vello para aprender a facer o novo”. Conta unha anécdota persoal coa súa nai no coche, descubriu que quería cantar grazas a Carlos Gardel. Díxose a si mesma que quería cantar así, con esa paixón, con esa soltura. Fixo Erasmus en Múnic e visitar Berlín cambiouna, impresionoulle a mestura de etnias, culturas e modos de vida. Ten medo a non saber comunicar, medo a que non se lle entenda no que innova. Pertence a unha xeración con medo a uns cambios cada vez máis frecuentes, con medo ao salto, ao cambio de carreira, a ansiedade diaria. Ela mesma estivo a piques de estudar Tradución ou facer un máster en Mestrado. Agradece non telo feito, quere seguir polo camiño do canto, da música, o que lle apaixoa. Medo a non poder vivir do que un quere. Ronda na súa cabeza sacar o seu primeiro disco.

- O NOSO REFERENTE - “BAIUCA” (ALEJANDRO GUILLÁN)

FIGURA 24: Baiuca



Fonte: elmundo.es

1. Cando comezas a compoñer? Onde comeza o teu interese?
2. De onde surxe o interese e mesturar a música electrónica coa tradición?
3. Ao falar do teu álbum Solpor mencionaches que se che ocorreu estando en Madrid, nun arrinque de morriña, que, por certo, leva o nome dunha canción túa moi recoñecida. Que historia hai detrás de Solpor?
4. Hai que rachar cos purismos?
5. É a tradición unha escusa para entender o presente e o futuro?
6. Que é vangarda para tí?
7. Temos en Galicia sinais de que non perdemos o compás do tempo?
8. É Galicia un sitio propicio para innovar no eido cultural?
9. Dime un lugar en Galicia onde te sentiras cómodo, a gusto, un lugar bo para pensar.
10. Que che gustaría que che regalaran de pequeno (tanxible) que nunca tiveches?

1. Dende pequeno, na escola de música de Catoira. Era música en si mais que o lado. Tiñan en actividades extraescolares, gustábame a música en si mais que o lado. Tiña ganas de facer algo, a primeira canción que compuxen foi con 10 anos. Non cheguei a ir a un conservatorio, nin a nada regrado ou académico en exceso. Acudín a clases na zona de Catoira, preto de Vilagarcía. Toquei o clarinete, a gaita, toquei na banda de música. Gústame que non fora regrado, tiven permiso para a creatividade absoluta. Opino que hai xente moi boa que puido estudar en conservatorio, mais para min o estudo é o instrumento, non a finalidade. Comecei máis en serio aos 15 e 16 anos.
2. Buscando as miñas raíces (as raíces da modernidade) quería chegar ao mais cercano para min. Ao final un ten que buscar o que a un lle representa ou se sente identificado.
3. Chegou un momento no que decidín ir a Madrid, estando a gusto en Galicia, pero quedei sen lazos que me ataran, quería coñecer a vida nunha grande cidade. Por sorte non temos grandes urbes. Tiña a idea de Baiuca xa na ida a Madrid. Pasou un ano e foi cando me din conta de que unha cidade grande é moito máis complexa que vivir nunha vila máis pequena. Estando fóra, atopeime. Chegou un momento no que decidín facer cancións tradicionais compostas por min, falar de aquilo...

4. Hai que rachar cos purismos, a xente ten dereito a innovar. Como ouvinte sentín que non había nada que me interesara, por iso decidín dar o paso. Entendo que é un tema de idade, hai unha cercanía entre o que fago e o que a xente xoven escoita. Gústame investigar, ver as novas tendencias, saber ollar o mundo, hai que fixarse moito nos clásicos pero mirar ao futuro, ver que lle interese á xente.
5. Para min é o que me da a esencia. Non penso o proxecto como algo adicado só a ser escoitado en Galicia, vai para o mundo global, para todas e todos. Non é algo rebuscado, é algo natural.
6. Hai unha cousa que eu me aplico e que hai certos creadores que pecan diso. Non creo en sobrefilosofar ou estudar demasiado o que é o seu proxecto. Darlle demasiadas voltas ao que fan cando realmente cando me sento a crear todo iso desaparece. Eu podería entender vangarda con facer algo relacionado co mundo no que vivo, en crear algo novo, mirar a un mundo que todavía non existe.
7. Si, é un sitio propicio. Hai certos estancamentos na creación e hai marxe para refrescalos. Bótanse en falta máis medios propios que informen sobre o que está a pasar, un ecosistema cultural máis vivo e pegado ao presente.
8. Eu escoito sobretodo lanzamentos, teño unha playlist que é morriña, o 99% son cancións galegas. Teño música e moi variada.
9. Illa de Arousa. (TEN QUE PENSALO)
10. Un instrumento de música, algo orixinal.

AGASALLO: Unhas castañolas tradicionais de madeira escura. Laura simboliza a fusión, como Baiuca, de conceptos a priori lonxanos. As castañolas son un instrumento moi vencellado a dúas culturas en particular, a andaluza e a galega, tan distintas pero que comparten este nexo común. Un persoeiro que pode simbolizar este irmanamento de culturas pode ser Federico García Lorca, figura que Laura admira e que tamén foi vangardista e innovador, ademais dun andaluz namorado de Galicia, amor que demostra no seu “Seis poemas galegos”.

GUIÓN CAPÍTULO 4 - “Saber mirar un novo mundo”

SECUENCIA 1

- CABECEIRA XERAL -

2. INTRODUCCIÓN DE LAURA

LUGAR: paseo dos veciños, Oleiros.

Exterior. Día. Laura camiña e observa algo dentro dunha caixa de madeira que garda nunha bolsa. Escoitamos unha voz en off.

LAURA (off)

Son Laura LaMontagne e son cantante. Baiuca actualiza a nosa tradición. Preciso seguir creando sen esquecer as miñas raíces. Lembrando poño voz ao que está por vir.

CABECEIRA E TÍTULOS DO CAPITULO 4:
LENDA: "SABER MIRAR UN NOVO MUNDO": BAIUCA E LAURA LAMONTAGNE

SECUENCIA 2

3. INTRODUCCIÓN DO CONFLITO: O FUTURO DUNHA XERACIÓN PRECARIA

LUGAR: cafetería en Santa Cruz, Oleiros, con vistas ao castelo.

Laura chega ao encontro de Alejandro. Relembran cando tocaron xuntos en Lugo e falan da experiencia. Laura explícalle a Baiuca que planea sacar o seu primeiro LP, quere que sexa en galego. Aínda non sabe cando, mais fala da precariedade. Expónlle a Alejandro o caso dunha personaxe que interpretou para Anxos Fazáns en "A estación violenta": Daniela.

LAURA

Daniela é o exemplo de como moita xente da súa xeración emigra, atópase cun futuro nada prometedor.

BAIUCA

Ambos somos exemplo de que unha alternativa a iso é posible. tocar, compoñer, cantar na túa lingua é tamén unha maneira de contar unha historia.

Laura explícalle a Baiuca a *anécdota do coche*: descubriu que quería cantar escoitando no coche, coa súa nai, a Carlos Gardel e o tango.

SECUENCIA 3

2. SAÍR, DESCUBRIRSE FÓRA

LUGAR: ponte de acceso ao castelo de Santa Cruz, Oleiros.

Laura menciona a súa propia experiencia de saída. Redescubriuse en dous lugares, no Erasmus e en Andalucía. Alejandro fala da súa propia experiencia de descuberta, irse a Madrid. Marchar axudou a valorar Galicia, o que tiñan máis preto.

ALEJANDRO

Chegou un momento no que decidín ir a Madrid, quería coñecer a vida nunha grande cidade. Por sorte non temos grandes urbes. Tiña a idea de Baiuca xa na ida a Madrid. Estando fóra, atopeime. Chegou un momento no que decidín facer cancións tradicionais compostas por min, falar de aquilo, tiña que ser en galego. Para min é o máis natural.

Laura menciona que unha das súas fontes é outra persoa que marchou e se atopou, Rosalía de Castro, é a que lle da a letra para moito do que crea. (*Para esta parte sería bo*

contar coa peza “a xustiza pola man”, baseada nun poema de Rosalía de Castro e versionada por LaMontagne)

SECUENCIA 4

LUGAR: castelo de Santa Cruz, Oleiros.

2 AS ORIXES E O IMPULSO DA CURIOSIDADE

Ambos falan das súas orixes. Laura volve a Andalucía e fala da súa descuberta persoal de Lorca. Lorca deixouse levar pola curiosidade visitando Galicia, compuxo os “Seis Poemas Galegos”. Ambos observan a liña do horizonte. Laura admite que só se atopa ben innovando, creando, que iso lle da a vida. Rexeitou facer oposicións para seguir traballando no que máis ama. (Soa *Banharemonos nas ondas*, de Laura Lamontagne.)

SECUENCIA 5

LUGAR: castelo de Santa Cruz, vemos a liña do horizonte no mar.

1. A MESTURA E A INNOVACIÓN

Baiuca, retomando a Lorca, admite que el tamén vive desa mestura, de facer algo universal. Explica que nunca lle gustou preguntarse demasiado porque innova, senón que é algo natural, como tamén é natural para el facelo en galego.

ALEJANDRO

Para min é o que me da a esencia. Non penso o proxecto como algo adicado só a ser escoitado en Galicia, vai para o mundo global, para todas e todos. Non é algo rebuscado, é algo natural. Gústame xogar.

Laura fala das súas propias mesturas, sen deixar a Lorca fala da súa experiencia vivindo un mes sabático en Granada. Iso cambiou a súa maneira de concebir a súa música. Canta en galego, mais tamén quere beber do flamenco, explorar a música en máis idiomas.

ALEJANDRO

Hai que rachar cos purismos. Gústame investigar, ver as novas tendencias, saber ollar o mundo, hai que fixarse moito nos clásicos pero mirar ao futuro, ver que lle interese á xente.

SECUENCIA 6

LUGAR: mar de fondo, lugar do ensaio.

1. REVELACIÓN DO AGASALLO: A TRADICIÓN E O MÁIS ÍNTIMO

ALEJANDRO

Buscando as miñas raíces quería chegar ao mais cercano para min. Ao final un ten que buscar o que a un lle representa ou se sente identificado, para min é o galego. A través do que herdamos temos que saber mirar un novo mundo.

Laura procede a revelar o agasallo. Antes de darllo menciona que é como Baiuca, unha fusión de moitas cousas. Algo que empregan en Andalucía e en Galicia unha fusión, como Lorca: as castañolas.

Laura pregúntalle a Alejandro se sabe tocalas, ambos interactúan con elas e proban a tocalas, de fondo soa unha peza de Baiuca: "*Morriña*". Vemos imaxes dos dous probando as castañolas ao aire libre, con enfoque nas mans e as castañolas a replicar no medio do verde. Momento de interacción musical entre os dous coas castañolas.

IMAXES DE PLANO XERAL, SEGUE A SOAR A MÚSICA, NA PANTALLA APARECE UN TEXTO:

"Alejandro Guillán, Baiuca, leva o noso idioma aos ritmos do século XXI"

"A súa música é un éxito en festivais de dentro e fóra de Galicia. Leva a tradición de man do galego ao máis vangardista"


"Temos que saber mirar un novo mundo"

Alejandro Guillán, *Baiuca*.

Músico

FOTOGRAFÍA

Esta peza inspírouse na fotografía de *Wondering Heighs* (Andrea Arnold). Queremos lembrar o pasado, tal e como evoca este filme. Ao igual que o fai o castelo escollido como localización e a música dos convidados deste programa. Neste filme observamos a novela de Bronte a través dos ollos do seu protagonista. Nos queríamos reforzar o punto de vista de Laura Lamontagne. Como quen observa o castelo dende lonxe e cada vez se acerca máis. Unha viaxe observada a través dela. E que finaliza no mar, cunha das súas cancións acompañada polo agasallo escollido.



BAIUCA: Saber mirar un novo mundo

Localizacións.....	2
Aspecto visual.....	6
Referentes.....	8


LOCALIZACIÓN 1. PASEO

- Estabilizador
- Sony 25/75
- Planos recurso

Seguemento de Laura na chegada ao encontro con Baiuca.

Planos subxetivos do que está vendo nesa viaxe.

Planos dela observando o entorno e da bolsa na que leva o agasallo (PPP, PP, PMC, PML).



LOCALIZACIÓN 2. 1. CAFETERÍA

- Estabilizador
- Sony 25/75
- Posibilidade de iluminar
- Plano, contraplano e plano xeral
- PML

Mirada subxetiva de Laura cando se encontra con Baiuca.
Movementos de seguemento no saúdo.



LOCALIZACIÓN 2. 2. PONTE

- Estabilizador
 - Sony 25/75
- Tripode para planos con maior apertura
- 100 p para cámara lenta dos dous camiñando
- Plano e contraplano de seguemento da conversa
- Planos recurso das barcas



LOCALIZACIÓN 4. CASTELO

- Secuencia 3
- Estabilizador
- Tripode
- Planos recurso

Planos de Laura e Baiuca acercándose as pedras. Están no lateral dereito do Castelo, serven de banco con vistas ao mar. Gravamos entrega do agasallos con tripode a tres planos (PX, PP Laura e PP Baiuca).



ASPECTO VISUAL



CORES DOMINANTES

- Pouca saturación e contraste
- Cores presentes no entorno natural

- Para potenciar escenas ou personaxes.
- Cores presentes en obxectos das localizacións e vestuario.
- Aproveitar para potenciar contraste azul/laranxa.

CORES EN SEGUNDO PLANO



CONTRASTE

Para asegurar que os programas non teñen estética dispar e manteñen certa coherencia visual. Ao ser en localizacións e datas tan diversas a baixa saturación e contraste permite que eses cambios bruscos sexan máis tenues. Ademais aseguramos as altas luces e temos máis marxe en postproducción.

ENCADRES

Premeditados e sen movementos bruscos de cámara. Xa que buscamos escapar desa linguaxe máis televisiva e publicitaria, os planos deben estar coidados en canto a composición e é preferible non abusar dos primeiros planos nin cambios de planos mentres os dous convidados conversan. Os movementos estarán xustificados por un seguimento e evitaremos abusar deles. A idea é simplificar para poder facer menos planos pero de mellor calidade.

RELACIÓN CO ENTORNO E O OBXECTO

As imaxes axudarán ao relato para potenciar a sensación de viaxe persoal e amosar a relación das personaxes co entorno que lles une a súa lingua.

SONY A7R

Formato XAVC SHD
 25P (excepto 100 en escena castelo)
 LUT: Non
 Enfoque automático coa lente de sony, manual co resto

OBXETIVOS:

- Canon 50
- Canon 70/200
- Sony 25/70
- Adaptador obxetivos Canon

ESTABILIZADOR, FILTROS ND, TARXETAS, DISCO DURO, EQUIPO DE ILUMINACIÓN 3LEDS, REFLECTOR, GOPRO

REFERENTES

WHUTHERING HEIGHTS. ANDREA ARNOLD.

A mirada de Laura nesa viaxe.



CLOSED UP. ABBAS KIAROSTAMI.

O encontro co referente.

SOLA EN LA PLAYA. HONG SANG SOO

Sara chega á cafetería



EL HOTEL A ORILLAS DEL RÍO. HONG SANG SOO.

Baiuca e Laura conversan na cafetería
Co mar e o Castelo de fondo



Conversa íntima das personaxes. Grabar dende cerca pero mantendo a sensación de ambiente persoal. Baiuca e Laura con castelo ata sentarse nas rochas nas que tocarán as castañas.

LA CÁMARA DE CLAIRE. HONG SANG SOO (Esq)


O QUE ARDE. OLIVER LAXE (Dereita)



Conversa íntima grabada en OFF sobre vídeo das personaxes en grandes planos xerais. A relación do referente co seu entorno simbólico que o une a súa lingua.

A COSTA DA MORTE. LOIS PATIÑO. (Esq)

EL HOTEL A ORILLAS DEL RÍO. HONG SANG SOO. (Dereita)



CONSEGUIREMOS UN CAMIÑO POR CORRER VERO BOQUETE E VÍCTOR PEREZ



> [Ver capítulo](#)

DIRECCIÓN E REALIZACIÓN

Mensaxe do capítulo: Ter un idioma propio é un luxo. (Aquí hai un pouco do “querer querernos máis” de Andrés Goteira, cando mencionamos que se lle contamos a un estranxeiro que en Galicia temos un idioma propio se sorprende e o valora. Mentres que nos moitas veces non somos conscientes desa riqueza). As etiquetas son un paso moi inicial, unha vez que algo adquire nome ten un longo camiño por percorrer para facerse notar. No caso de fútbol, cando dicimos mundial de fútbol sobreentendemos que se trata do masculino, mentres que se queremos especificar que é o feminino necesitamos de poñerlle esa etiqueta. Vero aplica a filosofía de ver os problemas da época que nos toca vivir coma un reto e non coma un impedimento.

Vero Boquete é a protagonista desta peza porque nos permite amosar a relación dunha deportista coa súa lingua natal. Ten o valor engadido de que Boquete viviu moitos anos fora, así amosa tamén a perspectiva dun emigrante con respecto ao galego. Tamén polo ben que se desenvolve diante das cámaras. Ten un discurso estudado e elaborado para facer visible a situación das mulleres dentro do mundo do fútbol e do deporte. Así mesmo está concienciada coa situación de perda do emprego do galego e co que supón o etiquetado, que, aínda que creado moitas veces con boa intención, pode dar lugar a segregación e distinción. Como se o fútbol feminino fose un tipo de fútbol ou a literatura galega fose algún tipo de xénero. Cando son fútbol e literatura respectivamente.

Conflicto de Víctor: Levar os valores de igualdade e visibilidade que persegue moralmente como xornalista tamén ao campo do deporte. Impedimento: Queda moito por facer.

Idea de rosquillas como agasallo: Interacción coa comida, reforzar esa mensaxe de volta a casa con aquilo que o simboliza moi ben, a comida tradicional galega.

Buscouse con guión a forma de simplificar a rodaxe e preproducción desta peza xa que se confirmou a dispoñibilidade de Boquete con tan só unha semana de adianto e soamente dúas horas para rodaxe. Por este mesmo motivo, se contactou con un segundo operador de cámara para non ter que repetir tomas para contra planos, o que estende bastante o tempo de rodaxe.

GUIÓN TÉCNICO

GUIÓN TÉCNICO - EP. 5 (Con Vero Boquete e Víctor Pérez).

S E C	PLA NO	TEM /LOC	IMAXE	ESPECIFICACIÓNS TÉCNICAS				AUDIO		TEMPO	
				ENCA DRE	ANGULA CIÓN	MOVEMENTO	NOTAS	TEXTO	SON	T. CORR	T. AC.
SEC. 1 - Arredores do estadio Vero Boquete											
1	1	EXT./ MAÑÁ	Víctor pasea cara o estadio Vero Boquete por unha estrada franqueada por árbores.	PX			Teleob. Trípode			3	
1	2	EXT./ MAÑÁ	Víctor camiña, observando o entorno.	GFX	Lateral		Estabilizador			5	
1	3	EXT./ MAÑÁ	Víctor camiña, observando o entorno.	PX	Lateral		Estabilizador			5	
1	4	EXT./ MAÑÁ	Víctor en primeiro plano observando.	PP			Estabilizador			3	
1	5	EXT./ MAÑÁ	Casas abandonadas. Recurso. Escorzo de Víctor.	PX			Recurso				
1	6	EXT./ MAÑÁ	Árbores.	PX			Recurso -				
1	7	EXT./ MAÑÁ	Víctor chega á entrada do estadio. Cruza a porta.	PX			Trípode				

1	8	EXT./ MAÑÁ	Cartel do estadio, co nome Verónica Boquete.	PD			Recurso				
CABECEIRA E TÍTULOS DO CAPITULO 5: LENDA: "Un camiño por correr": Vero Boquete e Victor.											
SEC. 2 Gradas - Multicámara											
2	1.1	INT./ MAÑÁ	Víctor e Vero saúdanse nas gradas do estadio. Vemos as gradas, o baleiro e o gran espazo que temos por diante.	GPX	Frontal		Cam.1 - Tripode			4	
2	1.2	INT./ MAÑÁ	Víctor e Vero saúdanse nas gradas do estadio, dende detrás.	PX	Escorzo		Cam.2 - Tripode			3	
2	2.1	INT./ MAÑÁ	Víctor e Vero conversan sentados nas gradas. Vemos aos dous de fronte. Cúbrese a conversa principal.	PX			Cam.1 - Tripode			3	
2	2.2	INT./ MAÑÁ	A segunda cámara cubre simultaneamente os PP dos dous, incluíndo recursos de escoita.	PP			Cam.2 - Estabilizador			2	
2	5	INT./ MAÑÁ	Dende detrás, vemos como os dous conversan, co campo de fondo.	PX			Recurso - Tripode				
2	6	INT./ MAÑÁ	Opcional. Gran plano xeral desde o outro extremo do campo, con teleobxectivo.	GPX			Teleob. Recurso Tripode			3	

SEC.4 - Entrada ao campo.											
4	1	INT./ MAÑÁ	Víctor e Vero camiñan por un corredor cara o espazo aberto do estadio, o céspede. Víctor expón o seu conflito	PX	Dende detrás.	Seguemento	Plano secuencia. Estabilizador				
4	2	INT./ MAÑÁ	O contraplano do anterior, captando os PP dos dous mentres falan.	PP	Dende diante.	Seguemento	Plano secuencia. Estabilizador				
Sec.5 - Céspedo do estadio.											
5	1	EXT./ MAÑÁ	Eles dous no campo.	PX		Seguemento	Estabilizador				
5	2	EXT./ MAÑÁ	Recursos deles interactuando co balón, e xogando no campo.	PP/ PD			Estabilizador				
5	3	EXT./ MAÑÁ	Dende lonxe, eles camiñando polo campo.	GPX			Recurso				
5	4	EXT./ MAÑÁ	Dende lonxe, eles camiñando polo campo.	GPX			Recurso				

FIN

VERO BOQUETE E VÍCTOR PÉREZ “UN CAMIÑO POR CORRER”

PLAN DE RODAXE 13/2/20

HORA	SEC	PLA	DIA / NOI	LUZ	LOCALIZACIÓN	ACTORES	AMBIENTACIÓN / UTILERÍA	OBSERVACIÓNS	RESUMO ESCENA
				INT / EXT					
8:00:00 a. m.	/	/	/	/	Estadio Verónica Boquete, entrada	/	/	Chegada e preparación do equipo de rodaxe	/
9:00:00 a.m.	/	/	/	/	Estadio Verónica Boquete, entrada	/	/	Hora de quedada con Víctor Pérez.	/
9:10:00 a.m.	1	1, 2, 3, 4, 5, 6, 7,8	DIA	EXT	Paseo de entrada ao estadio.	VÍCTOR			Víctor de camiño ao encontro con Vero.
10:00:00 a.m.	/				Estadio Verónica Boquete, entrada	VERO E VÍCTOR		Hora de quedada con Vero. Chegada con Víctor para rodar a Sec. 2	/
10:10:00 a.m.	2	1,1, 1,2	DIA	INT	Gradas do estadio	VERO E VÍCTOR			Saúdo entre Víctor e Vero. Sentan a falar
10:30:00 a.m.	2	2,1, 2,2	DIA	INT	Gradas do estadio	VERO E VÍCTOR			Conversa entre Vero e Víctor nas gradas. Víctor dálle as rosquillas a Vero
11:00:00 a.m.	2	5,6	DIA	INT	Gradas do estadio	VERO E VÍCTOR			Planos de recurso conversa das gradas
12:00:00 am	4	1,2	DIA	INT	Entrada ao céspede do estadio	VERO E VÍCTOR			Planos secuencia saída ao campo.
12:20:00 a.m.	5	1,2,3,4	DIA	EXT	Céspedede do estadio.	VERO E VÍCTOR			Conversa no campo e toques co balón
13:00:00 p.m.	/	/	/	/					Fin de rodaxe

GUIÓN

MEMORIA DO GUIÓN DO EPISODIO 5 - VERO BOQUETE E VÍCTOR PÉREZ CURRÁS:

“Un camiño por correr”

IDEAS PREVIAS:

O deporte, o movemento constante, nese movemento hai mulleres que rachan barreiras que se atopan fóra do terreo de xogo con regras de igualdade, son barreiras de discriminación. O deporte en feminino, falar en galego, algo a reivindicar e algo polo que loitar. O fútbol feminino tiña pouca atención hai uns anos, agora con referentes está en auxe, pode pasar o mesmo co galego, é cuestión de vontade. De conseguir mediante esforzo non a vitoria, senón o orgullo po unha mesma, tamén na lingua.

PROPOSTA DE LOCALIZACIÓNS:

EXTERIORES E INTERIORES:

Estadio Vero Boquete en San Lázaro, Compostela.


Pistas de atletismo do campus sur da USC, ao carón do parque da Alameda.

LOCALIZACIÓN DEFINITIVA:

Estadio Vero Boquete en San Lázaro, Compostela.

- O NOSO RETRUCANTE: VÍCTOR PÉREZ CURRÁS

FIGURA 25: Víctor Pérez Currás



Fonte: A. Juncal

Practica atletismo, lanzamento de martelo e de peso, antes fixo baloncesto de forma federada nos equipos escolares, xoga ao fútbol cos seus amigos, como hobby. UNha maneira de pasalo.

Aprende a traballar en equipo, de xeito colectivo, aprender a asumir un rol, non poder ser o máis, non odes ser quen faga todo, na vida vaite tocar algo que é incómodo. Aprender a dosificarse, o equipo, que és unha peza dese equipo e sobretudo a facer relación coa xente e coller confianza rapidamente.

Na cobertura do fútbol feminino non ten que ver coa do masculino. Está a anos luz da cobertura do fútbol masculino. Mais no atletismo non existe iso, é un dos deportes máis igualitarios, non existe diferenzas entre masculino e feminino. A min a etiqueta de feminino, feminino, feminino pode ser contraproducente, poñerlle xa esa etiqueta. Non, o fútbol feminino é fútbol. Non existe literatura en galego, existe literatura escrita en galego, a lingua e un vehículo, un instrumento que te axuda a expresarte.

Calquera rapaz fixo na súa vida deporte, con maior ou menor intensidade. Entrei no atletismo con 5 anos, no 2005 xa corría. Xa a acompañaba cando á miña irmá cando ela facía atletismo. Vivín unha época na que o baloncesto tivo moita relevancia. no baloncesto eu estaba cos amigos de clase, no colexio, adestrabamos xuntos.

Ana Peleteiro ten unha personalidade fortísima, fala ben. É unha rapaza que non se corta, é do barbanza, falaba galego na casa, é de Ribeira. Non é xente saída das grandes cidades, é xente que ata os 17 seguía vivindo na súa vila, grazas á súa personalidade manteron o idioma . Non temos referentes deportistas en galego fáltannos referentes, de ahí que agora nos chamen a atención.

Son de Vigo, mais a miña familia é do morrazo, de Cangas. Meu pai traballaba no mar, 5 meses fóra e logo volvía. miña nai falaba en castelán e miña avoa falaba en galego, cando meu pai xubilouse, tiña eu 14 anos, foi cando me din conta de que falaba en galego. Alí comecei interesarme, o despertar político, tentamos todos falar máis en galego como xeración, co meu pai vou falar en galego sempre. A partir diso tamén coas miñas avoas, na familia, cos meus tíos, hai fendas xeracionais importantes, co mundo do atletismo con moitísima xente. Logo a chegada a Santiago significou aumentar moito máis as horas nas que falo galego. Traballo na diglosia! (ri).

No eido da cobertura do servizo de deportes da CRTVG é modélico, é un setrviso normalizador, de medios públicos. Traballando en deportes na redacción nun xornal falabamos en galego e contido saía en castelán. Cando levaba as redes os xornais galegos.

- A NOSA REFERENTE - VERO BOQUETE

O seu palmarés fai que Vero boquete sexa a mellor xogadora de fútbol feminino de España na actualidade, é a primeira xogadora española en obter o título de “mellor xogadora do ano” pola WPS. Delanteira e ex-capitana da selección nacional, xogou en equipos de Suecia, Rusia, Grecia ou Estados Unidos, onde se atopa na actualidade. Ten un obxectivo: recoller a testemuña e ser un exemplo ás nenas de hoxe e ás que están por vir. De pequena botaba en falta referentes femininos no fútbol tiña privación de referentes e necesidade delas, de referentes femininas. Conta unha anécdota: comezou xogar aos 5 anos, adestrada polo seu pai, que era adestrador, co seu irmán. Con eses 5 anos Vero entrenaba e practicaba cos compañeiros do equipo do seu barrio, mais as regras impedíanlle saír a pista e poder xogar oficialmente: “atopei máis barreiras fóra do deporte que dentro”. Participa na escola de fútbol que leva o seu nome, Vero Boquete, ademáis de darlle nome ao estadio de Compostela, o San Lázaro, hoxe en día “Vero Boquete-San Lázaro”, nel, conta Vero, ten moi bos recordos asistindo a partidos, forma parte da súa infancia.

Ten na cabeza os fitos de Pasadena 1999 e Francia 2019 nas vitorias do fútbol feminino. “É o momento das nenas”, “agora ser muller e futbolista gusta e comeza a ser algo respetado”.

FIGURA 26: Vero Boquete



Fonte: AFP

INICIOS: Comecei xogar porque meu irmán xogaba e meu pai era adestrador, eu quería ser igual. Dende que comecei andar xa xogaba. Había unha norma federativa que prohibía as nenas xogar cos nenos. Entrenmeunpaine o presidente do coube reclamaron e iso cambiouse. xa con 14 ou 15 anos porque eu ata os 15 crecín sen ser consciente d que o fútbol feminino era algo profesional.

APRECIACIÓN DO FÚTBOL FEMININO NA PRENSA:a debida non, medrou en comparación co que habñia antes. Estakos nunha situación completamente diferente ´E o mellor momento do fútbol feminino na historia, esoecialmente en España. Hai un boom do fútbol feminino

REFERENTES CANDO ERA PEQUENA: a brasileira Marta, anos despois fomos compañeiras de equipo, de algñuen que realmente que a nivel de idade non é moi diferente. Aquí en Galicia chegaba moito menos.

O PAI: “Meu pai e meu irmán son os culpables do meu amor a fútbol, é adestrador, adestra agora fútbol base. Na miña casa todo o que había eran balóns, xogar ao fútbol.”

“ATOPEI MÁIS BARREIRAS FÓRA DO DEPORTE QUE DENTRO”: “Atopas barreiras en todo ao teu redor. Todos os comentarios, cousas que tes que escoitar en moitos anos nas gradas, nas rúas, na escola, ninguén pensque ser futbolista profesional é algo para unha muller, as trabas que atopas por ser futbolista profesional sendo muller sn moitas, non tes as mesmas condicións...”

ESCOLA VERO BOQUETE: “Naceu hai 9 anos, organizamos diferentes actividades deportivas, campus de verán, Nadal... mesas redondas, vai todo en educar en igualdade e educar en valores”.

FUTURO, DEPOSITAR O FUTURO NAS NENAS QUE ESTÁN POR VIR: “É fundamental. Crecín sen referentes e precisos referentes, conseguir posible. Un camiño por correr”.

SOBREESFORZO: “Para ter o respeto recoñecemento parece que teñas qur facer máis, neste caso o home deportista ten máis visibilidade e parece que ten máis recoñecemento, parece que teñas que facer algo máis, no lugar onde estou a nivel profesional encóntrime moi respetada”.

NO CAMPO É UN MÁIS: “Os valores do deporte van todo en base a isto, outra cousa son os valores do máximo nivel profesional, integración, traballo en equipo... iso é unha realidade, a través do deporte pódese educar de maneira moito máis doada, transmitindo valores a través dun xogo”.

LINGUA: “Emprego o galego en Galicia normalmente, cos medios, nas miñas charlas ou visitas a centros educativos, tamén na casa (aínda que estou pouco tempo). A lingua nunca supuxo ningún problema. O meu galego non é o normalizado. Hai variedade no galego. O galego normativo na maioría dos casos non é o real. Reivindico o idioma real”.

VIVIR FÓRA: “Foi unha experiencia difícil, foi a decisión máis difícil. Estar fóra é complicado. Ao mesmo tempo disfrútalo, vivín en 7 países diferentes o tema da morriña, non? Países de fóra levannos anos de adianto, temos que coller vantaxe. nos últimos 2, 3 anos o avance foi brutal”.

FEMINISMO: “Moita xente non sabe o significado de ser feminista, cren que é o contrario de machista, que só beneficia ás mulleres, non ten nada que ver con iso, procúrase a igualdade, que non teñamos que estar falando sempre de home/muller, temos que entender que a cultura é machista, que a educación é machista, vai mudar nun tempo e que temos que cambiar”.

AGASALLO:

Un conxunto de rosquillas caseiras. A rosquilla é un alimento presente en moitas culturas do mundo, neste caso é curioso que sexa parte da gastronomía estadounidense (o “donut”), país onde reside actualmente Boquete e da galega, coa rosquilla tradicional

GUIÓN CAPÍTULO 5 – SABER OLLAR UN NOVO MUNDO

SECUENCIA 1

- CABECEIRA XERAL -

1. INTRODUCCIÓN DE VÍCTOR

LUGAR: Entrada do estadio Vero Boquete, Santiago de Compostela.

Víctor entra no estadio. Leva na man unha bolsa deportiva. Escoitamos a súa voz en off.

VÍCTOR

Chámome Víctor Pérez e son atleta e xornalista. Quero que o deporte feminino, coma o galego, non sexan lugares invisibles. Vero Boquete consegue levar o fútbol ás cotas máis altas sen perder nunca a súa lingua.

Víctor sae ao campo, pasamos dun corredor escuro a un lugar con moita luz e ceo descuberto.

CABECEIRA E TÍTULOS DO CAPÍTULO 5:

LENDAS: "UN CAMIÑO POR CORRER": VERO BOQUETE E VÍCTOR CURRÁS

1. INTRODUCCIÓN DE VERO BOQUETE

Vero recibe a Víctor na herba do estadio. Saúdanse. Víctor comenta o nome do propio estadio, as vitorias de Vero no eido internacional coa selección e como se sente Vero nestes momentos de volta uns días a Galicia, como leva estar fóra do seu lugar.

1. INTRODUCCIÓN DO CONFLITO: VISIBILIZAR O INVISIBLE

Vemos as gradas do estadio, o baleiro e o gran espazo que temos por diante. Víctor expón o seu conflito: o deporte feminino e o galego como dous lugares invisibilizados, reflexiona sobre o apartado “feminino” do deporte. Vero expón o feminismo como algo transversal.

1. “MÁIS BARREIRAS DENTRO CA FÓRA DO CAMPO”

Vero fala dos seus inicios no fútbol cando tiña 5 anos, a mesma idade que tiña Víctor cando comezou no atletismo. Vero comenta a regra do seu primeiro equipo, o do barrio, que lle impedía xogar cos rapaces. Víctor expón a súa experiencia no campo, o deporte, igual que a lingua, com igualador, como ferramenta de comunidade, de equipo.

1. A INVISIBILIDADE DO DEPORTE GALEGO E EN FEMININO

Víctor expón que o deporte feminino segue a ser unha asignatura pendente da axenda mediática galega, explica a labor normalizadora do deporte que fan os medios pñubllico, como Radio Galega, o lugar onde traballa. Vero fala da Escola Vero Boquete, o seu gran de area para visibilizar o deporte nas rapazas e rapaces galegos.

1. RESOLUCIÓN E MOSTRA DO AGASALLO

Víctor amosa o agasallo: . Víctor engade que o fútbol feminino incluso chegou a estar prohibido ata mediados do século pasado en países como Inglaterra, a FIFA prohibiu o uso dos seus campos para o fútbol feminino ate 1971.

IMAXES DE PLANO XERAL NA PANTALLA APARECE UN TEXTO:

“Vero Boquete é xogadora de fútbol, foi capitana da Selección Española de fútbol feminino e é embaixadora da UEFA para a promoción deste deporte.”

“Viviú en 7 países e segue a empregar o galego na súa terra. É unha referente para as que están por vir”.

“Un camiño por correr”.
Vero Boquete.
Xogadora de fútbol.


FUNDIDO A NEGRO

FOTOGRAFÍA

Esta foi a rodaxe máis escasa de tempo, dispoñiamos de dúas horas para gravar todo. Por isto se contratou a un segundo operador de cámara para rodar o diálogo das gradas. Así aforramos o tempo de ter que repetir varias veces os diálogos.

Buscar movemento a pesar de estar nun espazo máis reducido. Tamén se trata dunha localización máis obvia que no resto de pezas. Se intentou contrarrestar de novo coa técnica de Step Printing e creando diferentes subespazos dentro do estadio.

Este foi o único capítulo no que toda a iluminación foi natural na súa totalidade. Tamén polo tempo e para aforrar con respecto ao resto.



Vero Boquete: Un camiño por percorrer

Localizacións.....	2
Aspecto visual.....	7
Referentes.....	9

LOCALIZACIÓN 1. PASEO

- Secuencia 1
- Estabilizador
- Obxectivo 25/70 Sony
- Teleobxectivo
- Trípode (So para o para plano con teleobxectivo que está á dereita)
- Planos recurso do que observa Victor neste camiño e de Victor observando.

Intro de Victor camiñando cara o estadio Vero Boquete.




LOCALIZACIÓN 2. GRADAS

- 2 Trípodes
- Sony 25/70
- 2 Cámaras
- Teleobxectivo
- Posibilidade e iluminar con leds

Plano xeral frontal de ambos saudándose. Ao mesmo tempo rodamos contraplano cenital dende a parte de arriba das gradas.


O resto da conversa nas gradas se grava con PM e PP sempre tengo en conta que o punto de vista é o de Víctor. Facer planos detalle das rosquillas que van a estar comendo e tamén planos de escoita.



LOCALIZACIÓN 3.1 ENTRADA CAMPO

- Estabilizador
- Sony 25/70
- Plano secuencia
- FX

Seguemento de ambos na entrada ao estadio con 35 mm. Repetir a mesma toma pero en contraplano con PP de ambos.



LOCALIZACIÓN 3.2 CAMPO

- Estabilizador
- Sony 25/70
- Trípode para planos xerais antes de que comencen a xogar
- Recursos do balón no ceo, os pes, brazos, rostros etc. Múltiples planos detalle.
- Posibilidade de gravar recursos de ambos xogando coa técnica de step printing.

Víctor e Vero xogan co balón.



ASPECTO VISUAL



CORES DOMINANTES

- Pouca saturación e contraste
- Cores presentes no entorno natural
- Para potenciar escenas ou personaxes. Exemplo das cadeiras ou a roupa.
- Cores presentes en obxectos das localizacións.
- Aproveitar para potenciar contraste azul/vermello.

CORES EN SEGUNDO PLANO



CHUNGKING EXPRESS. WONG KAR WAI.

Victor e Vero xogan co balón na pista

CUMBRE BORRASCOSAS. ANDREA ARNOLD.

Gravamos a partir do punto de vista de Victor. Buscamos que o espectador se identifique co seu conflito e coa búsqueda dun referente.



Conversa íntima das personaxes. Grabar dende cerca pero mantendo a sensación de ambiente persoal. Vero e Victor conversan mentres comen as rosquillas sentados nas gradas.

LA CÁMARA DE CLAIRE. HONG SANG SOO. (Esq)

O QUE ARDE. OLIVER LAXE. (Dereita)



Grandes planos xerais con teleobxectivo. A relación do referente co seu entorno simbólico que o une a súa lingua. Victor e Vero nas gradas rodeados de moitas cadeiras, no campo vacío e grande en proporción a eles etc.

A COSTA DA MORTE. LOIS PATIÑO. (Esq)

EL HOTEL A ORILLAS DEL RÍO. HONG SANG SOO. (Dereita)



CONSEGUIREMOS REIVINDICAR O DESEXO A PANADERÍA E DANIEL CELESTER



> [Ver capítulo](#)

DIRECCIÓN E REALIZACIÓN

Mensaxe do capítulo: Reivindicar o desexo de falar en galego. Amosar que o galego para moitos é o idioma máis íntimo e co que desexan expresarse e compartir.

As referentes: O teatro é unha das profesións en Galicia nas que mais se emprega o galego e, como amosan o grupo A Panadería, pode alcanzarse un gran éxito como fixeron con Elisa e Marcela.

O retrucante: Daniel Celester: Para el o natural e falar en galego e quere facer as súas obras teatrais en galego. Impedimento: Cree que o público obxectivo para as obras en galego diminúe xa que diminúen o número de falantes.

Localización: Espazo que xunta os mundos do teatro, relixión e educación. Entorno que axuda a contar a historia de forma visual.

Agasallo: Escollemos o chocolate con churros en lembranza do banquete de voda de Elisa e Marcela e como metáfora da reivindicación do desexo. Tamén, porque favorece a interacción deles co agasallo e crea imaxes interesantes que dan dinamismo e reforzan a mensaxe. Ademais engadimos un segundo recurso, unha tea que axudou a simbolizar esa liberación.

Cabe destacar que por mor das medidas tomadas pola crise do coronavirus non puidemos gravar a voz en off de Daniel Celester. Esta queda posposta para cando as circunstancias o permitan.

GUIÓN TÉCNICO - EP. PILOTO (Andrés Goteira)

S E C	PLA NO	TEM /LOC	IMAXE	ESPECIFICACIÓNS TÉCNICAS				AUDIO		TEMPO	
				ENCA DRE	ANGULA CIÓN	MOVEMENTO	NOTAS	TEXTO	SON	T. CORR	T. AC.
SEC. 1 Rúa perpendicular a Santo André ao carón do Café Macondo na Coruña.											
1	1	EXT./ MAÑÁ	Unha rúa da Coruña. Os graffittis pintan as paredes de cores intensas con motivos da cidade.		PX						3
1	2	EXT./ MAÑÁ	A mesma rúa , acentuando o punto de fuga. Ao fondo aparece Daniel Celester, que se achega a cámara dende o fondo da rúa.		PX						5
1	3	EXT./ MAÑÁ	Seguimos a Dani mentres soa a súa voz en OFF.		FM		Seguemento	DANIEL (off) Son Daniel Celester e son actor. Mañá comezo rodar en Coruña un proxecto no que serei o protagonista.	Voz en OFF de Daniel.		5

1	4	EXT./ MAÑÁ	Vémolo sair desde outra esquina, avanza pola rúa.		PA				DANIEL (off) Temo adicarme ao que máis quero e fracasar, non ter acollida no meu idioma.	Voz en OFF de Daniel.	3	
1	5	EXT./ MAÑÁ	Segue soando a voz en off e seguimos a Daniel.		PP		Seguemento.	Mesma orientación que SIP3	DANIEL (off) Hoxe vou ensaiar co grupo A Panadaría na Coruña. Fan do desexo algo realizable.	Voz en OFF de Daniel.	5	
1	6	INT./	Vemos como Daniel se alonxa por unha das estreitas rúas da zona.		PX				DANIEL (off) Antes de seguir preciso iso, preciso recuperar a confianza no meu futuro.	Voz en OFF de Daniel.	6	
CABECEIRA												
SEC. 2 Sala de ensaio.												
2	1	INT./ MAÑÁ	O teito da estancia, pintado con frescos. Sobre el, o título do capítulo: "REIVINDICAR O DESEXO".		PX							4

2	2	INT./ MAÑÁ	As teclas do piano, aberto.		PD						Escóitase cantar ás actrices da Panadaría.	3	
2	3	INT./ MAÑÁ	Vidreira.		PD						Escóitase cantar ás actrices da Panadaría.	3	
2	4	INT./ MAÑÁ	Bancos da estancia, cas rapazas de fondo en desenfoque.		PD						Escóitase cantar ás actrices da Panadaría.	2	
2	5	INT./ MAÑÁ	O escenario, cas actrices cantando, e o retablo detrás, en segundo plano.		PX	Frontal					Escóitase cantar ás actrices da Panadaría.	4	
2	6	INT./ MAÑÁ	A porta dende dentro, ábrese e aparece Daniel.		PM						Escóitase cantar ás actrices da Panadaría.	2	
2	7	INT./ MAÑÁ	Vese o escenario de fondo e a Dani en primeiro plano, que entra e saúda ás actrices.		PA/ PX							4	

2	8	INT./ MAÑÁ	Dani agradécelles a invitación ao ensaio e elas ensínanlle o guion que van practicar.		PM					Falan.	7	
2	9	INT./ MAÑÁ	Sentan no chan.		PX						3	
2	10	INT./ MAÑÁ	Dani fala.		PP				DANIEL Vou ter o meu primeiro papel protagonista. Quérome adicar a isto máis non sei se vale a pena. Fago humor e drama en galego, é a lingua na que quero traballar. A miña dúbida é se mañá, dentro duns anos, no futuro, vou poder vivir disto, é o que máis quero no mundo.	Daniel falando.	8	
2	11	INT./ MAÑÁ	Areta fala.		PP				ARETA Por iso estás aquí. Isto que imos ensaiar fala de que é posible	Areta falando.	9	

										disfrutar e vivir co que un ama. Nós tamén queremos facer rir en galego. Eu comecei nesta lingua precisamente de nena, rindo e cantando co Xabarin Club, por exemplo.			
2	12	INT./ MAÑÁ	Vemos ás actrices ler o guion. Érguense.		PM			Vai a negro cunha delas erguéndose.			5		
SEC.3 Sala de ensaio.													
3	1	INT./ MAÑÁ	Os pés de Areta, xirando nun exercicio de quecemento.		PD						3		
3	2	INT./ MAÑÁ	Vemos ás actrices comezando os estiramientos. As figuras do retablo, imponentes tras o escenario.		PM/ PX					Comezamos a escoitar a Areta en acúsmaser.	6		

3	3	INT./ MAÑÁ	Dani estira mirando cara Areta, que fala con el.		PM				ARETA Todos tivemos ese medo, Daniel. Elisa e Marcela foron o primeiro matrimonio entre mulleres oficial en España. Lograron o que máis desexaban porque quixeron levar o dereito a ser felices ata as últimas consecuencias.	Areta falando.	7
3	4	INT./ MAÑÁ	Areta estira e fala con Dani.		PM				ARETA Gústanos porque estamos a contar en galego unha historia que fala da reivindicación do desexo, do sexo, tamén da risa, de pasalo ben. Dende o comezo soubemos que a historia de Elisa e Marcela tiña que ser unha comedia. Unha comedia musical en galego.	Areta falando.	10
3	5	INT./ MAÑÁ	Dani repara no agasallo, e menciona un descanso para		PP					Dani falando.	5

			repoñer forzas.								
3	6	INT./ MAÑÁ	Dani vai buscar a bolsa cos churros e o chocolate, e lévaa ao escenario.		EX						4
3	7	INT./ MAÑÁ	As catro séntanse no chan para tomalos.		PM						4
3	8	INT./ MAÑÁ	Os churros mollándose no chocolate.		PD						2
3	13	INT./ MAÑÁ	Comen o chocolate manchándose.		PD						2
3	14	INT./ MAÑÁ	Rin e máchanse a propósito, xogando.		PD						4
3	15	INT./ MAÑÁ	Noelia di que se vai maquillar. Erguese.		PM			Escorzo de Daniel.			5

			Dani.									
4	11	INT./ MAÑÁ	Míranse reflexados no espello.		PM			Fundido a negro.				4
SEC. 5 Sala de Ensaio.												
5	1	INT./ MAÑÁ	Dani e Noelia entran de novo na sala. Ailén está sentada preparando o piano, e Areta monta o escenario para a representación.		PX			Cámara desde a bancada.				4
5	2	INT./ MAÑÁ	Ailén pídelles axuda para abrir ben as contras da sala.		PX			Cámara desde o escenario.				5
5	3	INT./ MAÑÁ	Vidrieira co sol entrado a través.		PD							3
5	4	INT./ MAÑÁ	Sentan na bancada e comezan falar. Ailén de fronte.		PX			Dende o medio da bancada, do lado da porta.	AILÉN "Eu cheguei durmir na funda dun bombo. A miña familia de galegos mestrouse con xudeus	Ailén falando.		5

									ruso-polacos.			
5	5	INT./ MAÑÁ	Contraplano de Dani. escoita.		PM			Desde a ventá.	Son unha galega do mundo. Elisa e Marcela tamén o foron, tan avanzadas, tan libres e tan internacionais, tamén remataron na Arxentina." DANIEL E porque nacendo nun país onde se fala castelán decidiches falar galego?	Ailén e Dani falando.		7
5	6	INT./ MAÑÁ	Contraplano do anterior. Ailén fala.		PP				Mesma orientación que S5P4. AILÉN (Explica as súas razóns persoais, mais engade o noso eslógan). "Temos que reivindicar o desexo"	Ailén falando.		10
5	7	INT./ MAÑÁ	Vemos a eles de espaldas, cas compañeiras no escenario ao fondo encendendo os focos. Érguense.		PX							6

3	16	INT./ MAÑÁ	Plano de reaccion de Daniel. Dani érguese tamén.		PP			Escorzo de Noelia erguéndose.			3	
3	17	INT./ MAÑÁ	Dani érguese (Noelia está a saír da sala).		PX						4	
SEC. 4 Corredor. Baño												
4	1	INT./ MAÑÁ	Dani pecha a porta da Sala de Ensaio dende fóra. O corredor esténdese diante del. Comeza camifñar.		PM						3	
4	2	INT./ MAÑÁ	Corredor. Dani xira a esquina e aproxímase a cámara desde o fondo.		PX						3	
4	3	INT./ MAÑÁ	Seguemento de Dani ata a porta do baño. A cámara xira cando chega á porta.		PM		Seguemento				5	
4	4	INT./ MAÑÁ	Dani aparece na porta do baño. Noelia saca a		PX			Escorzo de Noelia.			3	

			maquillaxe. Vese o seu reflexo no espello.									
4	5	INT./ MAÑÁ	A billa do baño botando auga.		PD						2	
4	6	INT./ MAÑÁ	Un anaco de maquillaxe disólvese no lavabo co chorro de auga.		PD					Comezamos a escoitar a Noelia.	2	
4	7	INT./ MAÑÁ	Plano de escoita de Dani. Noelia maquillao mentres comeza falar.		PP				NOELIA No teatro amosámonos tal e como somos.	Noelia falando.	4	
4	8	INT./ MAÑÁ	Noelia fala.		PM		Contraplano do anterior.	NOELIA Esa honestidade é algo que temos que levar con nós, expresarte na túa lingua non só non ten que supoñer ningún problema, senón que é o honesto.	Noelia falando.		10	
4	9	INT./ MAÑÁ	As portas dos baños.		PD						3	
4	10	INT./ MAÑÁ	Dende a ventá, vemos como Noelia segue a falar mentres remata de maquillar a		PX						3	

SEC. 5 Sala de Ensaio.											
6	1	INT./ MAÑÁ	Foco encendéndose.		PD						1
6	2	INT./ MAÑÁ	As mans de Ailén probando o piano.		PD						2
6	3	INT./ MAÑÁ	Dani senta no chan, expectante.		PM						4
6	4	INT./ MAÑÁ	Vemos o escenario, onde as actrices comezan reproducir unha escena da obra.		PX			Escorzo de Daniel.			?
6	5	INT./ MAÑÁ	Representan a escena.		PA						?
6	6	INT./ MAÑÁ	Representan a escena.		PM					Comeza escoitarse pouco a pouco unha peza musical ("Purpurina de amor: Elisa e Marcela" de A Panadaria)	?
6	7	INT./ MAÑÁ	Seguimos vendo a escena, e a cámara desprázase cara		PX			"Areta Bolado, Noelia Castro e Ailén Kendelman obtiveron de		Segue a soar a música.	5

			atrás, entre os bancos, deixando a escena iluminada no fondo, con Dani no chan. Sobre a imaxe aparece un texto.							criticas e público pola obra súa obra de teatro Elisa e Marcela, baseada en feitos reais."	
6	8	INT./ MAÑÁ	Imaxe delas tomando os churros.		PM					"Puideron contan en galego unha historia de amor entre dúas mulleres, expresar na súa lingua, e con humor, a liberdade".	5
6	9	INT./ MAÑÁ	Dani rindo e comendo os churros.		PP						2
6	10	INT./ MAÑÁ	Imaxe do teito da Sala de Ensaio.		PX			Fundido a negro.		"Temos que reivindicar o desexo." Compañía de teatro A Panadaria. Areta Bolado Noelia Castro Ailén Kendelman	6

FIN

GUIÓN

MEMORIA DO GUIÓN DO EPISODIO 2 - A

PANADARÍA E DANIEL CELESTER: “Reivindicar o desexo”

IDEAS PREVIAS:

A liberación, a expresión, o fume. Divertirse en galego e atopar nesa diversión unha ollada cara nós mesmos: disfrutando en galego tamén procuramos entender o que somos. Tanto Areta como Dani amosan unha preocupación or facer pensar a través do teatro. Os espectáculos de A Panadaría caracterízanse por iso: por provocar e facer pensar a través da interpretación e o cambio de esquemas, ao xeito de Brecht. Hai unha preocupación por entenderse a un mesmo, a unha mesma, e iso o podemos canalizar a través do humor que cultiva Daniel. O humor tamén é combater prexuízos, como aqueles aos que se enfrontaron Elisa e Marcela, a parella de mulleres que casaron na Coruña no 1901 e que da nome ao espectáculo que catapultou á Panadaría ás portadas do teatro nacional.

PROPOSTA DE LOCALIZACIÓNS:

EXTERIORES: Monte de San Pedro, explanada Torre de Hércules praza de María Pita (A Coruña)

INTERIORES: Igrexa de San Xurxo, ático na praza de María Pita, Escola de Danza da Deputación da Coruña, Teatro Colón, Teatro Rosalía de Castro, Escola Hamlet, Instituto Eusebio da Guarda.

LOCALIZACIÓN EXTERIOR E INTERIOR FINAL: Instituto Eusebio Da Guarda.

- O NOSO RETRUCANTE - DANIEL CELESTER

FIGURA 27: Daniel Celester



Fonte: AAAG

Actor moi mozo, recién graduado na ESAD. Conta que unha das mellores experiencias da súa vida está relacionada precisamente co teatro. Deu clases de teatro a nenos pequenos, na súa maioría castelán-falantes, en galego, incentivándoos con xogos: “eu tomei a decisión de falarlles en galego porque igual ía ser unha das poucas vecen que o ían escoitar na vida” Os rapaces fixéronlle unha pregunta, “por que nos falas en galego?”. O seu gusto e amor pola interpretación nace cando se pon por vez primeira por riba das táboas: “fago teatro porque con 13 anos subín a unhas táboas”. Para el contar historias facer humor, é facer política, é útil, é, polo tanto, facer crítica e crear pensamento. “Gústame ser actor porque podo interpretar personaxes que din aquilo que non se pode contar”. Destaca moito o humor para incomodar con sentido crítico. Fai humor en galego e para el é liberador, é un desfonde, ve terapia no teatro, ve unha maneira de pasalo ben empregando o galego. Non detecta prexuízos por interpretar en galego, di que en Galicia hai, a día de hoxe, un movemento moi forte de cómicos e cómicas. Hai unha comunidade favorable á produción en galego. Para el o idioma determina o seu humor, no galego ve unha maneira de entender a diversión a través da retransca e da ironía: “vivimos nun momento estraño, estáse viciando o ambiente para producir humor” “O mal gusto tamén é un dereito”. A través do humor descubrímonos a nós como pobo, a nosa ollada particular.

- AS NOSAS REFERENTES - A PANADARÍA (ARETA, NOELIA E AILÉN)

FIGURA 28: Elenco da Panadaría



Fonte: Cedida

Areta: Nada no Porriño, municipio da área de Vigo moi castelanizado, “a primeira vez que escoitei falar galego foi na TVG” “era da xeración, e moi fan, do Xabarín Club”. O seu primeiro impulso foi claro, organizaba obras de teatro no salón de casa, onde incluso cobraba a entrada, prometía unha merenda durante a función de teatro para o público asistente. Pensa no arte e en concreto no teatro non tanto en “concienciar” activamente como si de xeito pasivo a través da comunicación, contando nas súas obras aquilo que lle preocupa, que lle parece inxusto. A historia de Elisa e Marcela é a reivindicación do disfrute, da liberdade para ser felices e tamén, dalgún xeito, do presente do colectivo LGTBI. “O teatro ten que propoñernos preguntas, tentar fomentar ese espírito crítico”, “o teatro tamén ten que ser unha festa”. “O humor é moi útil para o cambio, para transformar. A través do humor podemos chegar a lugares recuperamos o poder. O humor ten que ir para arriba”. Indica que o humor en Galicia é diferente. Pensa no seu oficio, e tamén falando de Elisa e Marcela, que o cine e o teatro teñen que expresar o desexo, o amor, o amor tamén á lingua. “Reivindicar o desexo”.

AGASALLO: O chocolate con churros, que nos permite acción, que tomaron Elisa e Marcela na Coruña no seu banquete de voda. Ademais, pode ser empregado como “excusa” de aperitivo e, polo tanto, de reunión e charla entre Daniel e as actrices.

SECUENCIA 1

- CABECEIRA XERAL -

3. INTRODUCCIÓN DE DANIEL

LUGAR: Rúa perpendicular a Santo André ao carón do Café Macondo na Coruña.

Exterior. Día. Daniel camiña por unha rúa. Soa unha voz en off. Vemos como leva unha bolsa de papel para levar, branca, da que vai comendo un churro mentres pasea.

DANIEL (off)

Son Daniel Celester e vou ter a miña propia compañía de teatro.

Temo adicarme á actuación e non ter acollida no meu idioma. Hoxe ensaio co grupo A Panadaría na Coruña a súa obra Elisa e Marcela. Elas fan do desexo algo posible.

CABECEIRA E TÍTULOS DO CAPITULO 2:

LENDAS: "REIVINDICAR O DESEXO": 'A PANADARÍA' E DANIEL CELESTER

SECUENCIA 2

3. INTRODUCCIÓN DO CONFLITO DE DANIEL: CONTAR HISTORIAS EN GALEGO A UN PÚBLICO QUE CADA VEZ O FALA MENOS

LUGAR - Sala de ensaio IES Eusebio da Guarda

Interior. As actrices da Panadaría ensaian unha escena de Elisa e Marcela diante do altar do salón de actos. Cando o vemos está cuberto por unhas cortinas de veludo. Daniel entra e contempla, de súpeto as cortinas descóbrense e vemos o altar da igrexa. As integrantes da Panadaría dánlle a benvida a Daniel.

Daniel expón o seu conflito: non ter futuro nunha crise do teatro e tamén do futuro do idioma. Areta explica que sempre é posible o cambio e a procura da esperanza. O galego tamén pode ser unha historia de amor.

Vemos imaxes delas lendo o guión, érguense para comezar ensaiar.

Antes de ensaiar, xa de pé, comezan os exercicios preparatorios. Un deles é o da respiración e masaxe corporal. Mentres os realizan Areta explícalle a Daniel que non foi o único co medo a realizarse, cóntalle como se coñeceron Elisa e Marcela.

(No caso de mal tempo. LUGAR: Terraza do Eusebio da Guarda) Daniel, a colación disto último sobre Elisa e Marcela, diríxese a desvelar o agasallo. Xustifícase con que xa que están en Coruña e non son de alí, pensou en convidalas á tradicional chocolatada coruñesa. Menciona que o chocolate con churros foi o que Elisa e Marcela tomaron tras a súa voda, fixeron unha festa. Toman os churros no chan.

ESLÓGAN: AILÉN

*(Explica as súas razóns persoais, mais engade o noso eslógan)
“Temos que reivindicar o desexo”*

Comeza o ensaio, tras uns intentos Noelia avisa de que se queren ensaiar con tempo precisan ir maquillándose, vestíndose.

SECUENCIA 3

LUGAR - Baños do IES Eusebio da Guarda

2. INTRODUCCIÓN DO CONFLITO: O TEATRO E A HONESTIDADE

Interior. Ailén estánse a maquillar de home. Daniel entra na sala e quedan observando. Noelia saca o tema do feito de maquillarse: Elisa tivo que disfrazarse de home para cumprir o desexo, a obra narra esa procura da honestidade.

Daniel explica que el tamén quere ser honesto: quere transmitir como profesor de teatro o que máis quere en galego nun ambiente onde apenas se fala. Daniel curiosea cos elementos de maquillaxe dispostos no lavabo. Daniel Celester explica que elas dúas non puideron ver realizada a súa honestidade xa que se tiveron que disfrazar. víronse obrigadas a aparentar algo que non eran. El non quere ser algo que non é, non quere impostar, para el o natural e honesto é facer teatro en galego. Mentres o di suxeita un carmín co que se pinta, ao carón de Ailén e diante do espello, o beizo inferior. A resposta de Noelia é positiva. Remata de maquillarse. Van xunto con Areta, na sala de ensaio.

SECUENCIA 4

LUGAR - Sala de ensaio.

1. INTRODUCCIÓN DO ESLÓGAN: É POSIBLE REIVINDICAR O DESEXO

Interior. Ailén está probando o piano, ela xa está caracterizada e Daniel segue cos beizos pintados. Mentres ensaia a peza, Daniel senta ao carón dela. Ailén explica que Elisa e

Marcela tiveron que fuxir a Arxentina para tentar ser libres. Arxentina é o país de orixe de Ailén. Ailén explica a súa historia: é filla de emigrantes galegos emparentados con xudeos ruso-polacos, a súa historia tamén foi a de reivindicar un futuro mellor, como o do matrimonio protagonista. Nesa emigración, falábase galego. Temos un plano delas 3 cantando a coro. Vemos como a Daniel lle quitan a pintura da boca, o mesmo ocorre con Ailén. O seguinte plano é o plano dunha boca comendo un churro.

ESLÓGAN: NOELIA

(*Explica as súas razóns persoais, mais engade o noso eslógan*)
“Temos que reivindicar o desexo”

SECUENCIA 5

LUGAR - Sala de ensaio.

1. INTRODUCCIÓN DO AGASALLO E RESOLUCIÓN POSITIVA:

Ailén menciona que o centro garda moitas sorpresas, incluído un observatorio, unha terraza, onde suben ver o mar, descansar e falar e tomar eses churros. Despois enlaza coa interpretación do que están a ensaiar.

Comeza a escena que estaba ensaiando previamente. Daena completa, as 3 xa están vestcena completa, as 3 xa están vestidas.

Vemos a Ailén sendo envolta por Noelia cunha tea elástica, de cor branca, para deseguido ver como é desenvolta. A música segue a soar e escoitamos moi de fondo o son da escena que están a reproducir.

(*“Purpurina de amor: Elisa e Marcela” de A Panadaría.*)

IMAXES DE PLANO XERAL, SEGUE A SOAR A MÚSICA, NA PANTALLA APARECE UN TEXTO:

“Areta Bolado, Noelia Castro e Ailén Kendelman obtiveron éxito de críticas e público pola obra súa obra de teatro *Elisa e Marcela*, baseada en feitos reais.”

“Puideron contan en galego unha historia de amor entre dúas mulleres, expresar na súa lingua, e con humor, a liberdade”.

“Temos que reivindicar o desexo.”
Compañía de teatro A Panadaría.

Areta Bolado

Noelia Castro

Ailén Kendelman

FUNDIDO A NEGRO

-FIN-

FOTOGRAFÍA

Este capítulo representou un reto en canto a fotografía por ter diante da pantalla a cinco persoas. Ao contar cunha única cámara é requirida unha gran precisión e control de todo o que queremos facer para non perder o raccord.

A decisión consistiu en crear tres escenas separadas. En cada unha delas, Daniel fala cunha das referentes; Ailén, Areta e Noelia. E reservarmos a xuntanza de todas para o momento da resolución final, na azotea mentres toman os churros. Nesta última escena se fixeron planos moi cerrados que aseguraban o raccord e ademais eran os mellores para focalizar a atención na mensaxe dese momento: reivindicar o desexo.

O final da tea está inspirado nunha escena de Caótica Ana (Julio Medem). Este filme non ten nada que ver coas nosas pezas nin é referencia en canto a contido. Pero si se toma como referencia visual a escena na que se quita o hiyab ao protagonista. Entendemos que é unha imaxe moi potente. Que, no noso caso, amosa a mensaxe principal do noso capítulo sen necesidade de incorporar nese momento ningún diálogo.



A PANADARÍA: REIVINDICAR O DESEXO

Localizacións..... 2

Aspecto visual..... 6

Referentes..... 8

LOCALIZACIÓN 1. SALÓN DE ACTOS



DANIEL E ARETA

- Altar resaltado con iluminación. Ambos falan do casamento de Elisa e Marcela.
- Planos detalle do que Daniel observa e detalles, brazos mans, barriga etc.
- Un plano de ambos e outro só de Areta de toda a conversa. Ambos sentados no chan e iluminados (3 puntos)

DANIEL E AILÉN


- Plano de ambos no piano e dous planos cubrindo a cada un por separado.
- Planos detalle dos pes, manos bocas etc.
- Planos con movementos e xiros co estabilizados mentres están tocando.



LOCALIZACIÓN 2. BAÑOS

DANIEL, NOELIA E AILÉN

- Planos delas dúas soas, dos tres, Noelia e Daniel
- Planos detalle da maquillaxe e rostros
- Iluminados principal e recheo
- Daniel pinta os beizos e axuda a Ailen coa tela



LOCALIZACIÓN 3. TERRAZA



DANIEL, NOELIA, ARETA, AILÉN

- Primerísimos planos dos beizos, churros, chocolate, mans, pelo de todos eles
- Iluminación natural
- Planos medios da conversa e PP da persoa que diga a frase principal

ASPECTO VISUAL



CORES DOMINANTES

- Pouca saturación e contraste
- Cores presentes no entorno natural

- Para potenciar escenas ou personaxes.
- Cores presentes en obxectos das localizacións.
- Aproveitar para potenciar contraste azul/laranxa

CORES EN SEGUNDO PLANO



CONTRASTE

Para asegurar que os programas non teñen estética dispar e manteñen certa coherencia visual. Ao ser en localizacións e datas tan diversas a baixa saturación e contraste permite que eses cambios bruscos sexan máis tenues. Ademais aseguramos as altas luces e temos máis marxe en postproducción.

ENCADRES

Premeditados e sen movementos bruscos de cámara. Xa que buscamos escapar desa linguaxe máis televisiva. Os movementos estarán xustificados por un seguimento e evitaremos abusar deles.

RELACIÓN CO ENTORNO E O OBXECTO

As imaxes axudarán ao relato para potenciar a sensación de viaxe persoal e amosar a relación das personaxes co entorno que lles une a súa lingua. Neste caso partimos dun slón escuro para acabar cos planos na azotea comendo churros, que simbolizan esa viaxe e a realización persoal do referente.

SONY A7R

- Formato XAVC SHD
- 25P
- LUT:Sen LUT
- Enfoque automático coa lente de sony, manual co resto

OBXETIVOS:

- Canon 50
- Canon 70/200
- Sony 25/70
- Adaptador obxetivos Canon


ESTABILIZADOR, FILTROS ND, TARJETAS, DISCO DURO, EQUIPO DE ILUMINACIÓN 3LEDS, REFLECTOR, GOPRO

REFERENTES



CHUNGKING EXPRESS. WONG KAR WAI.

A viaxe dun personaxe perdido.



CLOSED UP. ABBAS KIAROSTAMI.

O encontro co referente.




BLACK SWAN. DARREN ARONOFSKY

Obxectos que contan a historia
Daniel pinta os beizos

CAÓTICA ANA. JULIO MEDEM.

Areta quita a Ailén a tela que lle
oprime o peito



Conversa íntima das personaxes. Grabar dende cerca pero mantendo a sensación de ambiente persoal. Andrés e Sara conversan mentres camiñan coas bicis ata sentarse nun prado no que voarán a avioneta ao final da conversa.

LA CÁMARA DE CLAIRE. HONG SANG SOO (Esq)


O QUE ARDE. OLIVER LAXE (Dereita)



Conversa íntima grabada en OFF sobre vídeo das personaxes en grandes planos xerais. A relación do referente co seu entorno simbólico que o une a súa lingua.

A COSTA DA MORTE. LOIS PATIÑO. (Esq)

EL HOTEL A ORILLAS DEL RÍO. HONG SANG SOO. (Dereita)



6. . CONCLUSIÓNS

Para concluír imos ver cales eran os nosos obxectivos iniciais e, unha vez elaboradas as pezas, comprobar se os logramos.

En primeiro lugar, a elaboración dunha campaña audiovisual. Tras falar RAG acordamos facer cinco vídeos dunha duración de entre 6 e 7 minutos cada un. O proxecto que presentamos está conformado por cinco capítulos que se axustan a esta finalidade e están dispoñibles na seguinte ligazón:

> [Ver as pezas](#)

O segundo obxectivo é dinamizar e concienciar arredor do emprego da lingua galega entre a mocidade. Este fin poderá valorarse a partir da súa distribución. Polo momento, consideramos que é unha campaña con potencial para ser efectiva en tanto e canto logramos os seguintes obxectivos:

- Amosar a lingua galega como ferramenta de expresión e reivindicación, activa na sociedade moderna e con personalidade propia.

Decidimos que os protagonistas das pezas fosen profesionais de campos que non están ligados á lingua de forma estereotipada. Así descartamos a persoeiros relacionados coa literatura e optamos por postos que sexan de utilidade para normalizar o seu emprego interdisciplinario. Os protagonistas son do mundo do deporte (Vero Boquete e Víctor Pérez), ciencia (Iria Veiga e Ángel Carracedo), cine (Andrés Goteira e Sara Hermo), música (BAIUCA e Laura Lamontagne) e teatro (A Panadaría e Daniel Celester).

Estes protagonistas amosan a lingua como unha ferramenta de expresión, por empregala de forma útil no seu ámbito. Activa na sociedade moderna, por ser profesionais en activo con repercusión no seu campo. E con personalidade propia, por ser cada referente recoñecido pola súa carreira construída a partir dos seus trazos e personalidade propia como profesionais.

En definitiva, son profesionais que poñen en valor a lingua. Como é o exemplo de Vero Boquete, que fala no programa de como dende o exterior perciben a lingua propia como un luxo. Ou cando Areta Bolado subliña que Elisa e Marcela dicíanse “te quero”. Como remarca o capítulo de Andrés Goteira, temos que “querer querernos moito máis”. E así se intenta amosar facendo visible a riqueza que supón posuír unha lingua propia.

- Facer visible a vocación de universalidade do galego como lingua vehicular posible e realizable, como lingua transmisora da herdanza cultural e histórica dun pobo.

Retratamos a lingua galega como propia e diferenciadora pero non limitante. Así o facemos ao escoller a referentes con repercusión internacional. Moitas veces, dase o paradoxo de que, canto máis diferencia e personalidade posúe algo, máis universalidade alcanza. Como é o caso da película DHOGS, da música de BAIUCA ou das investigacións de Carracedo.

- Lingua inserida no conxunto de linguas do mundo, lingua internacional irmandada co portugués, coa lusofonía e, polo tanto, con vocación de rachar fronteiras.

Esta é unha mensaxe común en tódalas pezas, sobre todo en dúas delas; Amosamos no capítulo de A Panadaría a historia de Elisa e Marcela e tamén a de unha das integrantes do grupo, Ailen Kendelman, que fixo a mesma viaxe ca elas pero á inversa. Ailén nos conta como aprendeu a cantar en galego en Buenos Aires e alí comezou a súa relación con esta lingua. Tamén amosamos a historia de Vero Boquete que nos conta que a súa lingua nai é o galego e comezou a apreciála e valorála cando viaxou fora, vivindo en máis de sete países diferentes.

- A imaxe será amosada por un referente que exprese o seu relato persoal e o relato colectivo en prol da lingua, entretécidos a través do guión.

Os cinco referentes contaron a súa experiencia persoal que se fiou co tema da lingua de forma que confluíse sempre cara a mensaxe final. Traballamos para entender, por exemplo, que relación garda o discurso habitual de Boquete, sobre o fútbol feminino, coa lingua. E a partir desta reflexión atopamos unha crítica ás etiquetas, que tanto caracterizan a sociedade actual. E decidimos o slogan dese capítulo: Un camiño por correr. Que fai referencia a que temos en ambos mundos moito andado, pero aínda queda moito por andar. Como fixo Vero Boquete cando se deu de conta de nena de que soamente había equipos de fútbol masculinos e a partir do esforzo e dedicación conseguiu trazar un camiño ata chegar ao máximo nivel profesional dentro do fútbol.

- A través do idioma non só entendemos o que está a ocorrer no mundo, as súas pulsións, movementos sociais como o feminismo e a muller na ciencia, a igualdade en dereitos LGTBI+, a reivindicación das artes, da ciencia e do progreso e, tamén, da intimidade, do máis próximo, do tecido social esencial e primario.

Un dos obxectivos máis diferenciais marcados nesta campaña con respecto ao resto foi o de evitar falar exclusivamente da lingua de forma directa. Senón que queremos amosar que os temas que preocupan as mozas e mozos teñen relación coa lingua como subtexto. Podemos ligar os temas para atopar maior conexión con eles na mensaxe e retratar a idiosincrasia dos lugares. Alcanzamos este obxectivo descubrinto o conflito dos retrucantes e desenvolvéndoo de forma que dese lugar a unha mensaxe relacionada co idioma. É dicir, a lingua está a dar unha solución de forma indirecta ás súas preocupacións

Como terceiro obxectivo, estas pezas audiovisuais están destinadas a unha difusión. Este proceso depende da RAG que prevé a súa difusión a través televisións lineais e plataformas online. Debido á crise ocasionada dende marzo do 2020 coa emerxencia en España da COVID-19 e a declaración do Estado de Alarma, esta última parte, a da difusión e emisión, quedou aprazada pola RAG para o outono do 2020.

Consideramos que este traballo ten implicacións positivas para a RAG pois lle ofrece un produto rematado para a súa difusión. Así como ten implicacións positivas para a universidade, por dar lugar a un traballo con aplicacións prácticas e proxección máis alo do académico elaborado polo alumnado. E tamén para os alumnos, por ser unha oportunidade de aprendizaxe única que consideramos que debería ser máis habitual no ámbito universitario. Así se ofrece aos estudantes maior preparación para o ámbito laboral e implicación nos problemas sociais relacionados coa súa carreira.

7. MEMORIA XIAN LOIS ALCAYDE

MEMORIA XIÁN LOIS ALCAYDE DANS GUIONISTA

FUNCIÓNS: A miña función dentro deste TFG consistiu na elaboración dos guións e memorias de guión das 5 pezas audiovisuais que compoñen esta serie entre setembro do ano 2019 e febreiro do ano 2020, coa participación e papel activo en 4 das 5 rodaxes e a co-elaboración deste documento de Traballo de Fin de Grao (TFG) entre setembro e outubro de 2019 e marzo de 2020 e xuño de 2020. Nas rodaxes -realizadas entre outubro e febreiro de 2019 e 2020, respectivamente- fun responsable da dirección de actores e supervisión do texto en escena, polo que puiden acompañar aos convidados e convidadas na comprensión do texto e no seu repaso de temáticas a tratar, sendo o encargado de que se respectara os temas de conversa sinalados no texto e, ao mesmo tempo, dotar de certa liberdade e espontaneidade ás persoas diante da cámara para a consecución dun diálogo fluído e natural. Así mesmo, puiden presentar nas rodaxes e na súa preparación apoio loxístico de xeito puntual e estar presente en 4 das 5 revisións presenciais das localizacións escollidas, acompañando á directora do proxecto; tamén, se a situación o requería, poder dar apoio puntual na produción.

O proceso de elaboración dos guións, como se sinala no cronograma, foi de setembro de 2019 a febreiro de 2020, período no cal elaboráronse tamén as memorias de guión. O proceso de escritura é complexo de cronometrar, xa que a escritura do guión non consiste únicamente dun día senón que é unha inversión de tempo e esforzo a longo prazo, ao igual que o resto de tarefas neste proxecto. A elaboración do guión non comprende só dun proceso de recolección, interpretación e creación de contido; comprende de tempo, pausa e xornadas arredor de ideas, conceptos e informacións, descoñece, pois, de mecanismos absolutamente pechados e cuantificables no tempo, situación que se da en calquera tarefa creativa. As miñas funcións como guionista, ademais do mencionado, consistiron tamén na asistencia e participación nas reunións de grupo e no visionado e diálogo constante coa parte técnica sobre o tratamento da narrativa en cada unha das pezas.

PROCEDEMENTOS: O traballo de guionista levou consigo, na parte de redacción dos textos, un labor de documentación bibliográfica, selección de localizacións, entrevistas persoais e conversas e retroalimentación coas partes de dirección, montaxe, fotografía e todo aquilo relacionado coa parte técnica da serie. Foi preciso establecer, ademais da posta en común co resto de membros do equipo, varias entrevistas persoais ou telefónicas con retrucantes e referentes para atopar puntos en común nas súas conversas independentes, temas converxentes e diverxentes que fomentasen unha conversa con puntos e contrapuntos de opinión e certa discusión arredor de varios aspectos concretos da temática de cada capítulo. Estas entrevistas foron esenciais para coñecer aspectos persoais e algo máis íntimos das personaxes que iamos amosar e poñer diante da cámara xa que, como se puido ver ao longo deste traballo, estamos a falar dun xénero híbrido onde quenes aparecen en escena son personaxes reais que deben comportarse tal e como son, a función do guionista intervén, pois, para conducir a conversa, xustificar a presenza lóxica dos participantes nun entorno concreto, introducir de maneira xustificada para a trama certos elementos externos e introducir temas concretos onde o conflito e a resolución do conflito xogan un papel moi importante na construción do relato. Estes temas constrúen dentro de cada capítulo unha “harmonía” de contido, unha temática, que atopa sentido de unión co resto de episodios e mensaxe unitaria no conxunto da serie.

Dentro da parte de documentación bibliográfica (os textos e análises previas arredor da situación do galego na mocidade) partín dos datos aportados pola RAG para comprender o “cosmos” diante do que nos atopabamos. Unha realidade descrita ao inicio deste traballo na que o galego pérdese progresivamente na mocidade. Para isto foi precisa, ademais da consulta dos informes, a conversa fluída co presidente da RAG e coa responsable da súa comunicación para recoller os aspectos que lles interesaba salientar na serie, a súa visión persoal respecto do futuro do idioma, e a valoración dos temas a tratar na visión da RAG, que é a encargada da difusión e procura de emisión do produto. Tendo as características sociométricas e sociolingüísticas en mente, foi preciso dende guión elaborar unha mensaxe que tivera a vocación de ser anovadora e fresca, unha mensaxe baseada non tanto na repetición do eslógan senón na mostra e sedución de valores a transmitir a audiencia. Un produto, por tanto, no que o guión e a parte técnica estiveran vencellados completamente para conseguir transcender do ámbito meramente xornalístico e poder propoñer, tamén, unha proposta artística, de contido e reflexión, da man do audiovisual. Para esta tarefa foi vital a compenetración coa directora do proxecto e o traballo conxunto e de aprendizaxe para evolucionar duns guións pouco axeitados ao panorama audiovisual a uns guións máis profesionais e adaptados á súa posta en práctica na técnica. Isto non quere dicir que se prepondere unha parte sobre a outra, todo o contrario, houbo dende o comezo da andadura o consenso de que para expresar máis precisabamos concretar en menos e gañar así en tempo e calidade.

EXPERIENCIA E CAPACITACIÓN OBTIDA: Isto último lévanos á experiencia obtida, que foi, na miña visión, moi grande e valiosa. Grazas a este proxecto puíden, no plano técnico, coñecer moito máis de preto os procedementos de elaboración dun produto audiovisual coas horas que isto implica, a compenetración que se precisa entre os membros do equipo e a necesaria conversa entre eles para modificar procedementos e coñecer un cosmos, o do audiovisual, que a min me era en grande parte e, salvo experiencias previas na televisión ou no guión de documental, érame descoñecido no eido da produción dun produto pensado para ser unha serie divulgativa. Neste plano técnico, tamén valoro ter aprendido máis de preto como funcionan o resto de roles nunha rodaxe, sobretudo observando o encomiable traballo realizado en dirección, edición, montaxe e fotografía. Nas conversas coa responsable destas áreas puíden aprender e tomar contacto con tendencias en narrativas visuais, estilos, mecanismos e procedementos de traballo que, se ben podemos observar algúns de xeito teórico na carreira, puíden ver en persoa e na práctica, ademais de abrir o meu coñecemento do panorama visual a outras tradicións e tendencias relacionadas cos títulos e persoeiros tomados de referencia para a concepción da idea do produto. Este traballo conxunto entre guión e o resto de áreas técnicas é algo que valoro moi positivamente na aprendizaxe conxunta e na miña persoal, ademais de que, considero, a posta en práctica das sinerxías conxuntas axudou moito a mellorar o guión que puidera ter ofrecido en solitario. O propio procedemento de obtención de información axudou a mellorar o que xa puxen en práctica na facultade e no propio oficio de xornalista: o contacto coas fontes, a selección das preguntas, a criba e a escolla dos puntos a tratar máis adiante no guión, unha vez finalizadas a entrevista e a documentación. Estes *modus operandi* de traballo son similares noutras áreas do xornalismo que non son únicas da póla audiovisual, como poden ser a realización de reportaxes ou a confección dun produto multimedia ou un relato en varias plataformas.

No campo do plano persoal e labor propia, valoro ter aprendido a redactar dun xeito distinto ao que estaba máis acostumado, o literario, e lograr contar máis con menos, algo esencial para min na literatura e no xornalismo. Aprendín e tomei consciencia das posibilidades de hibridación entre xéneros e modalidades de relato que escapan das tradicionais e coas cales podemos chegar a un novo tipo de público, o noso, a mocidade, que demanda un traballo extra sobre o xa coñecido para apelar ás emocións, ao gusto artístico e ao íntimo, as teclas precisas para a transmisión do relato que estamos a amosar. Traballo de redacción demandoume unha adaptación persoal aos novos ciclos de traballo e tamén un cambio de perspectiva, xa que estamos a falar dun produto

pensado para ser emitido en plataformas e televisións liñais. Tiven, en resumo, que adaptar a miña maneira de redactar ao xeito audiovisual, pensar con imaxes e levar a depuración que realizamos no proceso literario -tamén no xornalístico- ao guión, o cal foi para min un reto. Isto ten relación tamén co que aprendemos como esencial cando estamos a falar dun produto xornalístico: a inexistencia da individualidade. O escritor traballa na soidade, ás veces, no illamento e na saída voluntaria. O xornalista, o guionista, equilibra esa necesaria individualidade creativa coa vontade de conversa e aprendizaxe do resto de partes que conforman o seu mundo laboral, agradezo este proxecto por ter axudado a implementar en min esa conversa.

No eido máis persoal en relación co contido a tratara nesta serie, valoro de xeito moi positivo o contacto cos distintos persoeiros retrucante e referentes da serie, os cales abríronnos novos mundos de coñecemento e oficios que ardan relación con Galicia e o coñecemento desta arredor do mundo. Nesta serie tratamos a área científica, a artística-audiovisual, a interpretativa, a igualdade de xénero, a igualdade económica, a dos valores do deporte e a musical. Nestas áreas, como xa se dixo neste mesmo traballo, queremos observar o universal dende o máis local. Dentro delas hai mesturas, hai exploracións, hai cambios e existe un conxunto de valores positivos que nos fan unha mellor sociedade, aprender a defendelos, transmitilos, comunicalos a un público e preservalos é dun valor incalculable.

En resumo, este traballo, aportoume unha capacitación no eido da escrita no audiovisual, nas destrezas do traballo en equipo e na aprendizaxe do resto de roles que conforman o equipo da serie, formándome como xornalista e ampliando o meu campo de traballo máis aló da escrita.

CRÍTICA CONSTRUTIVA RESPECTO DO PROXECTO TRABALLADO EN GRUPO:

Para un proxecto desta ambición e traballo, grande traballo investido, é precisa unha ampliación do seu persoal técnico e de guión, a conformación dun equipo máis grande. Unha das fallas constantes da dinámica de grupo era a saturación ou descompensación entre os membros do equipo, saturación debido ás dinámicas lóxicas dun proxecto audiovisual e a falta de persoal e descompensación debido a que se desdebuxaron parte das liñas de reparto inicial de tarefas e onde o peso inxente da parte técnica non estivo ben repartido e depositouse na figura de dirección e fotografía, que viu ampliada as súas tarefas co consecuente aumento de horas de traballo, inxente para unha única persoa e que precisa, no futuro, a dotación de máis persoal especializado para esa área e un equilibrio entre a carga horaria e reparto de funcións nesas tarefas, evitando así a saturación e esgotamento dunha única persoa para unha tarefa que conleva, noutros proxectos, un equipo moito máis amplo. A montaxe, preproducción, posproducción e edición das pezas audiovisuais precisan dun esforzo e horas que, por saúde e por respecto ao reparto de funcións, precisa e máis equipo humano. É necesario tamén conformar de xeito orgánico nas dinámicas de grupo días e horas de reunión para a posta en común, con prazos de entrega estipulados e acordados para evitar retrasos innecesarios e confusións.

No referente a guión, sería preciso para vindeiros proxectos a incorporación de máis persoal dentro desta área nos mesmos termos que os referidos anteriormente, xa que facilitaría a procura de documentación e xeraría un diálogo, penso que interesante, dentro da propia parte de guión que a ben seguro sería moito máis amplo que o dun individuo. Destacar, como xa se fixo antes, o excelente diálogo, conversa e supervisión con dirección neste eido xa que axudou a mellorar o guión inicial e conformar un sistema de guións moito máis adaptados a este produto.

Septiembre 2019

DOMINGO	LUNES	MARTES	MIÉRCOLES	JUEVES	VIERNES	SÁBADO
1	2	3	4	5	6	7
8	9	10 Reunión RAG-USC	11	12	13	14
15	16	17 Reunión RAG-USC	18	19	20	21
22	23	24 Reunión RAG-USC	25 Reunión Técnica e de Guión	26	27 Entrevistas a Sara Hermo e Andrés Goteira	28
29 Elaboración 1º guión	30 Reunión RAG-USC	1	2	3	4	5
6	7	NOTAS				

Octubre 2019

DOMINGO	LUNES	MARTES	MIÉRCOLES	JUEVES	VIERNES	SÁBADO
29	30	1 Reunión titora TFG	2 Revisión de guión e	3 Revisión de guión con Sara Hermo	4	5
6	7	8 Chamada a Sara Her	9 Chamada a Areta Bolado e Daniel Celester	10	11	12
13	14	15	16 Chamada a Areta Bolado e Daniel Celester	17	18	19
20	21 Reunión en Meira, Lugo	22	23	24	25	26
27	28 Chamada a Areta Bolado e Daniel Celester	29	30 Elaboración guión Cap. 2	31	1	2
3	4	NOTAS				

Noviembre 2019

DOMINGO	LUNES	MARTES	MIÉRCOLES	JUEVES	VIERNES	SÁBADO
27	28	29	30	31	1	2
3	4	5 Chamada Iria Veiga	6 Chamada Areta Bola	7 Entrevista Iria Veiga	8	9 Elaboración briefing Cap.2
10	11 Chamada Baiuca	12	13	14	15	16
17	18	19	20	21	22	23
24	25 Chamada Ángel Carr Reunión RAG-USC	26	27 Elaboración briefing	28 Visita localizaciós Cap.2 - A Coruña	29	30
1	2	NOTAS				

Diciembre 2019

DOMINGO	LUNES	MARTES	MIÉRCOLES	JUEVES	VIERNES	SÁBADO
1	2	3	4	5	6	7
8	9 Entrevista a Laura Lamontagne	10	11 Elaboración briefing Cap. 3	12	13 Elaboración guión Cap.3	14
15	16	17	18	19	20	21
22	23	24	25	26	27	28
29	30	31	1	2	3	4
5	6	NOTAS				

Enero 2020

DOMINGO	LUNES	MARTES	MIÉRCOLES	JUEVES	VIERNES	SÁBADO
29	30	31	1	2	3	4
5	6	7	8	9	10	11
12	13	14	15	16	17 Reunión guión Iria Veiga	18
19 Localización rodaxe e Reunión guión Daniel Celester	20	21	22	23 RODAXE CAP 9	24 Reunión guión Laure Chamada Víctor Pérez	25
26	27	28	29 Reunión equipo técn	30 Reunión TFG	31 Localización rodaxe	1 Elaboración guión C
2	3	NOTAS				

Febrero 2020

DOMINGO	LUNES	MARTES	MIÉRCOLES	JUEVES	VIERNES	SÁBADO
26	27	28	29	30	31	1
2	3 Reunión RAG-USC	4	5	6	7	8
9	10	11	12 Reunión guión e equ	13 RODAXE CAP 9	14	15
16	17	18	19	20	21	22
23	24	25	26	27 RODAXE CAP 9	28	29
1	2	NOTAS				

8. MEMORIA PAULA QUIROGA

MEMORIA PAULA QUIROGA
DIRECTORA, REALIZADORA, DIRECTORA DE FOTOGRAFÍA E POSPRODUTORA

FUNCIÓN E TAREFAS DESEMPEÑADAS

Dediquei un total de 894 horas as tarefas de dirección, realización, dirección de fotografía, operadora de cámara, montaxe e posproducción. Ademais da co-elaboración deste documento de TFG. Estas foron as función asumidas en cada unha destas tarefas:

- Dirección

A dirección levou consigo unha labor de desenvolvemento das propostas iniciais da campaña e de cada peza. Para materializar as propostas asumíuse a toma de decisións creativas e prácticas durante os procesos de preproducción, rodaxe e posproducción. Ademais dunha coordinación e supervisión das función de guión e produción para levar a bo termo o proxecto.

Dende dirección se analizaron as campañas recentes orientadas á promoción da lingua galega. A partir deste estudo propúxose un formato e un conxunto de referentes audiovisuais para ter en conta na elaboración da campaña. Unha vez aprobada esta proposta pola RAG, se elaborou un listado de posibles convidados xunto con guión.

No episodio piloto se asumiron tarefas de documentación, guión e produción para establecer un modo de traballo a seguir nas seguintes pezas. Dirección elaborou un documento con información sobre o convidado que se complementou facendo tamén dúas entrevistas a Andrés Goteira e Suso López. A partir desta información se traballou con guión para elaborar un guión de forma conxunta. No que atinxe a produción, dende dirección se asumiron as tarefas de reserva de localizacións, conseguir os obxectos necesarios para a rodaxe (bicicletas, máscara de DHOGS, avionetas etc.) e xestión de chamadas e contactos (Club de Aeromodelismo, Andrés Goteira, posibles retrucantes, propietario do garaxe e Suso López).

Nas catro pezas restantes, dende dirección organizáronse as reunións de coordinación do proxecto. Tamén se traballou con guión a partir do guión inicial para chegar a un guión final que se adaptase as circunstancias de produción e realización. É dicir, a partir do guión presentado nun inicio se facían reunións conxuntas de guión e dirección a partir das cales se elaboraban novas versión ata chegar a unha definitiva que se adaptase as circunstancias de cada rodaxe.

Polo tanto, dende dirección se estaba ao tanto do traballo de cada un dos compañeiros e asegurouse a coordinación entre “departamentos”. Con este fin tamén se levou a cabo a visita de localizacións para decidir se se adaptaban a todo o anterior.

- Realización

A realización consistiu na adaptación dos guións literarios á linguaxe audiovisual. Para isto elaborei un guión técnico en cada unha das pezas. Ademais dun plan de rodaxe para cada gravación.

- Dirección de fotografía
Dende a dirección de fotografía se decidiu o aspecto visual das pezas. Así como as decisións técnicas e artísticas para transmitir visualmente as ideas contidas no guión técnico. Todo isto esta reflexado nas memorias de fotografía.
- Operadora de cámara
A operación da cámara consistiu en realizar probas previas á rodaxe, pedir e xestionar o equipo, operar a cámara durante as catros rodaxes e tamén na gravación de planos recurso. No capítulo “Conseguiremos saber ollar un novo mundo” non operei a cámara por motivos médicos.
- Montaxe
A montaxe levou consigo unha labor de xestión e visión de brutos, Script, sincronización e montaxe das pezas.
- Posproducción
A labor de posproducción consistiu na etalonaxe das pezas para lograr unha uniformidade no conxunto do proxecto.

PROCEDEMENTOS EMPREGADOS

- Dirección
Para desempeñar a tarefa de dirección asistín aos seguintes cursos online: Cine documental (Impartido por Ken Burn), Escritura de guións (Impartido por Aaron Sorkin), Facer cine (Impartido por Werner Herzog) e Películas independientes (Impartido por Mira Nair).

O procedemento consistiu en organizar reunións periódicas (con cada membro do equipo e conxuntas), para transmitir a idea inicial de cada peza, asegurar a coordinación do grupo e traballar de forma conxunta cos compañeiros para levar a bo termo o proxecto.
- Realización
Dende o guión técnico se buscou a linguaxe audiovisual adecuada para transmitir a mensaxe de cada peza. Unha vez que estaba clara esta mensaxe, dende realización se facía un visionado de referencias audiovisuais para optar pola fórmula que asegurase un resultado. Por exemplo, para facer a escena do inicio da peza de Andrés Goteira busquei escenas cinematográficas nas que teñamos un protagonista en coche coa súa voz en off por enriba. Neste proceso atopo os exemplos de Sugar Man e My Blueberry Nights. Collo como referencia a segunda para medir canto debería durar cada plano, cantos planos debería de haber e cal debería ser a extensión da voz en off para que todo funcione visualmente. No procedemento tamén se tivo en conta o tempo dispoñible para cada rodaxe e que gravábamos a unha soa cámara. Isto implicou por exemplo que o guión técnico de Andrés Goteira sexa moito máis extenso que o de Vero Boquete, pois no primeiro dispoñiamos de 12 horas de rodaxe e no segundo de 2 horas. É dicir, canto menos tempo menos planos posibles.

- Dirección de fotografía
Para desempeñar a dirección de fotografía lin e empreguei como referencia principal o libro Teoría e práctica. La creación de imáxenes para directores de fotografía, directores y operadores de vídeo. (Blain Brown 2008). Tamén asistín a un curso impartido por Adra Pallán e Marcos López para o desenvolvemento dun estilo persoal.

En base a este manual tomei as decisión respecto a linguaxe audiovisual, ópticas, dinámica, continuidade, cor e iluminación. Para isto formei parte activa da procura de localizacións e, unha vez decididas, elaborei memorias fotográficas personalizadas para cada unha delas. Tamén vin múltiples filmes para ter como referencia á hora de elaborar as pezas.

- Operadora de cámara
O procedemento para esta tarefa consistiu na consulta de tutoriais para o manexo da cámara e o estabilizador, a prácticas previa ás rodaxes e o manexo do material de iluminación e fotografía durante as gravacións.
- Montaxe
Para mellorar as miñas competencias asistín a un curso de Avid presencial impartido por Gaspar Broullón.

A montaxe levou consigo a elaboración dos script posterior ás rodaxes (xa que faltou persoal para facelo durante as gravacións) e o visionado dos brutos ao mesmo tempo. A partir disto se fixo a xestión dos brutos que consistiu na división destes en tres carpetas por cada capítulo; secuencia 1, secuencia 2 e secuencia 3. A partir destas se crearon subcarpetas: vídeo, son, BSO, recursos e grafismo. A isto hai que engadir a xestión en canto a copias en varios discos duros de forma periódica, mínimo unha vez á semana, para evitar a súa perda ou deterioro.

Unha vez feitos estes procedementos de xestión, en montaxe se decidiu o contido que era procedente descartar xa que non aportaba nada á mensaxe principal, distraía ou era información que estaba repetida. Para isto faise unha montaxe esqueleto, co dobre de duración da que queremos que teña finalmente, e a partir deste se vai reducindo. Nesta redución se teñen en conta o contido, as transición e o dinamismo da peza. Unha vez está a peza de 6 / 7 minutos, aplícanse os efectos de reencadre, movemento, transición etc. que se consideren necesarios para mellorar a peza.

- Posproducción
En posproducción se levou a cabo a etalonaxe para igualar a cor, luminosidade e contraste das pezas. Para isto se seguiron as guías xa indicadas en fotografía. Neste caso tamén consultei tutoriais online para aprender a empregar Davinci Resolve, a traballar con nodos e entender á orde de edición adecuada.
Na figura 29 temos un exemplo do antes e despois de aplicar etalonaxe. Neste caso concreto, se aumentou o contraste entre altas e baixas luces e se balancearon as altas luces cara tons azulados e as baixas cara avermellados. Tamén se reforzou o contraste entre complementarios (verde / vermello). Ademais se aumentaron as altas luces no primeiro plano para aportar maior profundidade á imaxe. Entre outras cousas, tamén se engadiu unha máscara de seguimento no coche, para destácalo e manter un balance de brancos adecuado neste elemento.

Figura 29: A esquerda, fotograma bruto do proxecto. A dereita, o mesmo con etalonaxe.



Fonte: Elaboración propia.

EXPERIENCIA E CAPACIDADE OBTIDA

Estudo xornalismo porque entendo o cinema como unha forma de facer preguntas e o xornalismo como a carreira para aprender a facelas. Unha das primeiras cousas que nos ensinan na carreira é que a obxectividade non existe. As distintas formas de ver me intrigan. Quero especializarme en dirección de fotografía porque a miña maneira de expresar estes interrogantes é a través da mirada e a miña paixón é o cinema. Neste proxecto adquirín experiencia para traballos futuros no ámbito audiovisual. De feito estou participando en proxectos nos que entrei grazas a presentar unha páxina web na que se pode ver un [reel](#) que contén varias das imaxes deste TFG.

Neste TFG aprendín a...:

- Elaborar unha proposta de campaña de promoción.
- Interrelacionar historias e conceptos para atopar un fío condutor, neste caso a lingua e a súa promoción.
- Manexar un estabilizador Beholder DS1.
- Manexar a cámara Sony Alpha 7.
- Facer plans de rodaxe e conseguir que se cumpran.
- Facer guións para un formato audiovisual
- Operar a cámara con moita máis lixeireza, confianza e axilidade da que tiña a inicio de curso. Creo que isto se nota na diferenza entre a primeira e a última peza rodada, a da Panadaría. En especial na escena dos churros.
- Elaborar unha xustificación de custos e locomoción.
- Montar en AVID, Premiere Pro CC e Davinci Resolve.
- Etalonar.
- Dar un pasiño máis cara o desenvolvemento dun estilo persoal.

CRÍTICA CONSTRUTIVA

Entendo que esta foi unha oportunidade única para nos como estudantes. Considero que debería percorrerse un camiño cara a súa xeneralización de forma que tódolos estudantes teñan acceso a unha experiencia similar ao longo da súa carreira. Pola miña escasa experiencia persoal pero tamén polas palabras de tódolos profesionais do xornalismo e do audiovisual cos que teño falado, creo que a forma máis efectiva de aprendizaxe é a práctica. Así o foi para min nesta experiencia e creo que tamén para os meus compañeiros.

Esta traballo ten aplicación reais, ao igual que as prácticas en empresa. Pero conta ademais cun valor engadido; nos permitiu ser donos do proxecto encanto a propostas e toma de decisión en

todo momento. Esta liberdade non se da no caso das prácticas en empresa por causa da inexperiencia do alumnado.

É evidente que non temos gran percorrido no audiovisual e que se volvésemos a facer o proxecto o faríamos doutro xeito. Pero isto é positivo xa que implica que aprendemos no proceso. Ter maior capacidade de decisión tamén implica equivocarse máis e por conseguinte aprender en maior medida. Ademais, non foi un salto en paracaídas, xa que contamos coa axuda de Ana Isabel Rodríguez, Gaspar Broullon, Martín Vaz, Iolanda Casal e Víctor Freixanes. Así como dos profesionais que participaron; o operador de cámara que participou no programa de Vero Boquete, Álvaro Liste, e o grafista, Juan Lesta. E non debe faltar a mención especial aos técnicos; Reyes Abad, M. Manuela Boullosa e Manuel Fidalgo, que nos socorreron en moitas das dificultades técnicas.

Se tivese a oportunidade de facer de novo o proxecto, isto é o que cambiaría segundo o que aprendín nesta experiencia:

O primeiro que cambiaría sería unha das decisións da fase inicial do proxecto. Os convidados aos programas son persoas coñecidas e polo tanto con axendas complicadas. A pesar de ser conscientes disto quixemos telo todo e facer un formato complexo. Isto implicou dificultades que eran predicibles e que afectaron á calidade do produto final. Por exemplo, nos cambiaban as datas de rodaxe a última hora ou dispoñían soamente de dúas horas, cando os programas estaban concibidos para rodaxes dun mínimo de cinco. Creo que se nota a diferenza entre as pezas as que se dedicou menos tempo, como foron a de Boquete e a de Baiuca, e as que dedicamos máis, que foi o caso da de Goteira e A Panadaría. Isto podería solucionarse de tres xeitos. O primeiro é optar por persoas menos coñecidas e con horarios máis flexibles, o segundo é facer un formato máis sinxelo e o terceiro sería manter o formato e os protagonistas pero contar cun maior equipo técnico e persoal.

Ademais do tempo dedicado a cada peza, tamén influíu no resultado a experiencia adquirida ao longo do ano. Considero que se percibe na peza de A Panadaría, que foi a última que rodamos. En tempo de rodaxe foi menor que noutras. Sen embargo, no resultado non se aprecia que tivemos a metade de tempo para rodar que no capítulo de Andrés Goteira. Isto é por un conxunto de aprendizaxes que so se poden dar coa práctica (comunicación máis eficaz cos compañeiros, axilidade coa cámara, velocidade a hora de facer montaxe etc.).

Dúas aprendizaxes máis técnicas; nunca poñer acento ou maiúscula aos arquivos cos que vas a editar e non etalonar antes de ter a montaxe terminada. Dende logo se volvese a facer o proxecto e non cometese estes erros aforraría moito tempo.

Considero que contando co anterior o resultado sería un traballo mellorado. As pezas finais teñen moitos defectos de principiante pero tamén a frescura dos que fan algo por primeira vez e con ilusión.

Setembro 2019

DOMINGO	LUNES	MARTES	MIÉRCOLES	JUEVES	VIERNES	SÁBADO	
1	2	3 Proposta provisional entrevistados 1 hora	4	5	6	7	
8	9	10 Xuntanza 2 horas	11 Chamada Andrés Goteira 30 minutos	12 Búsqueda de retruncante para Andrés Goteira 1 hora	13 Búsqueda de retruncante para Andrés Goteira 1 hora	14 Chamada Aldara Pagán 15 minutos	
15 Documentación Andrés Goteira 2 horas	16	17 Xuntanza sobre as bases do TFG 1 hora	18	19 Campañas de dinamización lingüística 2 horas	20	21	
22 Búsqueda referentes audiovisuais 8h	23 Descarga e montaxe proposta referentes 3h	24 Xuntanza RAG proposta referentes 2 horas Plantexamento estrutura guión e formato 1h	25 Xuntanza Equipo técnico 2 h e planificación guión alumnos 4h	26 Chamada primeira entrevista previa Andrés Goteira 1h Manual Sony 1h	27 Búsqueda posibles avionetas 2h	28	
29	30 Reunión Alumnos Guión 4h Cambio formato guión e modificacións 2h	1	2	3	4	5	
6	7	NOTAS Curso Avid 16h					Cronograma Setembro 2019 A mocidade e a lingua Paula Quiroga

Outubro 2019

DOMINGO	LUNES	MARTES	MIÉRCOLES	JUEVES	VIERNES	SÁBADO
29	30	1	2	3	4	5
		Reunión guión con Ana Isabel 1h	Guión técnico 3h Reunión coa RAG 2h	Reunión con Sara Hermo 2h	Localizacións 6h Búsqueda e pedido avionetas 1h	Probas cámara 2h
6	7	8	9	10	11	12
Reunión con Martín 30 min Elaboración avance 30 minutos	Reunión alumnos xornalismo 1:30h	Reunión guión técnico 2h	Reunión alumnos problemas produción 2h	Chamada Andrés 30 min (bicis, máscara) Chamada Suso 30 min (música, recursos entroido)	Reunión para ensinar guión técnico a Martín e Gaspar 1.30 h	Memoria foto e arte episodio piloto 8 h
13	14	15	16	17	18	19
	Proba material 2,30h Avionetas/contabilidade 30min	Actualización seguementos 30 m Manual beholder ds1 2h	Probas Meira 12 h Montaxe probas 1 h	Dev Material 30m Problemas ruido 2h Probas cámara, GoPro, Steady, carga baterías 2h 30 m Plan de rodaxe 2h 30 m	Rodaxe planos coche 7h Montaxe planos coche e xestión 1.30 h Xestión problemas rodaxe 1h	Baterías, comprobación material, compra tarxetas sd e limpeza cristais 5h Localizacións documento 30m Planificación planos 2h
20	21	22	23	24	25	26
Rodaxe 14h Visionado brutos 1h		Reunión alumnos solicitude TFG 2h	Reunión alumnos conclusións rodaxe 1h Tutoriais Avid 4h	Música CC 5h Tutoriais e probas DaVinci 6h	Reunión montaxe 3.30 h Probas Montaxe 5h	Rodaxe recursos avioneta 4h Probas Montaxe 4h
27	28	29	30	31	1	2
Actualización avances semana 30 min Probas montaxe 5 h	Reunión montaxe e Script 5h Script 2h Tutorial Avid 2h	Montaxe AVID 12 h	Montaxe AVID 12 h	Montaxe AVID 12 h		
3	4	NOTAS				

Cronograma Outubro 2019 A mocidade e a lingua Paula Quiroga

Novembro 2019

DOMINGO	LUNES	MARTES	MIÉRCOLES	JUEVES	VIERNES	SÁBADO
27	28	29	30	31	1	2
					Montaxe Avid 12 h	Montaxe premiere 10 h
3	4	5	6	7	8	9
Montaxe premiere 10 h	Montaxe Avid e premiere 12 h	Montaxe Avid e premiere 12 h	Montaxe Avid e premiere 12 h	Montaxe Avid e premiere 12 h	Montaxe Avid e premiere 12 h	Premiere, cor e manchas 12h
10	11	12	13	14	15	16
Premiere, cor e manchas 12h	Gaspar 1h Martín 1h Premiere 8h	Reunión guión 2h Montaxe cor 12h	Montaxe cor 6h Guión docu e ideas 6h	Montaxe cor 8h	Reu/mont 2h Cor, granulado 10h	Cor, granulado 4h
17	18	19	20	21	22	23
Actualizacións semanais e cronograma 2h	Guión 5h Probas cámara 800d 5h	Anaisa Guión 1h Montaxe 2h	Reunión RAG 2H Estudio guión 4h	Localizacións 12h Fotos 3h	Meri 15 m localizacións 5h referencias foto	Cronogramas 2h
24	25	26	27	28	29	30

1	2	NOTAS				
Cronograma Outubro 2019 A mocidade e a lingua Paula Quiroga						

Decembro 2019

DOMINGO	LUNES	MARTES	MIÉRCOLES	JUEVES	VIERNES	SÁBADO
29	30	1	2	3	4 Probas foto Coruña Eusebio da Garda 6h	5
6 Tutoriais estabilizador 2h	7	8	9 Reunión con Marcos 2h	10	11	12
13	14 Probas estabilizador 1h	15	16 Visita de localizacións bibliotecas con Xian e Marcos 2h	17 Probas foto Biblioteca América 3h	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27	28	29	30	31	1	2
3	4	NOTAS				
Cronograma Decembro 2019 A mocidade e a lingua Paula Quiroga						

Xaneiro 2020

DOMINGO	LUNES	MARTES	MIÉRCOLES	JUEVES	VIERNES	SÁBADO
29	30	31	1	2	3	4
5	6	7	8 Reunión preparación de rodaxe día 23 con Meri e Marcos 2h	9 Revisión Guión 2h	10	11 Locomoción, calendario, organización e guión 2.30 h
12	13	14 Reunión directora Biblioteca América e reunión guión Anaisa 5h	15 Memoria foto 6h	16 Material foto 30 min	17 Guión técnico, reunión Iria Veiga e reunión Xian 3h	18 Localización Oleiros 12h
19	20 Reunión con Meri e Marcos 2h Visionado referentes 6h	21 Plan de rodaxe 2h	22 Reunión con Meri, estabilizador e preparación material 8h	23 Rodaxe Iria Veiga 8h	24 Visionado material 1h Organización brutos 1h	25 Probas intro e cor 3h BSO 2.30h
26	27 Memoria foto Baiuca, visionado 2 3h	28 Script, reunión Anaisa, xestión micros e TFG 3h	29 Agasallo Vero e xestións Xian 1h	30 Montaxe Iria 6h	31 Localización Vero Boquete con Xian e Marcos 2h	1
2	3	NOTAS				
Cronograma Xaneiro 2020 A mocidade e a lingua Paula Quiroga						

Febreiro 2020

DOMINGO	LUNES	MARTES	MIÉRCOLES	JUEVES	VIERNES	SÁBADO
26	27	28	29	30	31	1
2	3 Reunión RAG 2h Sicro brutos Iria 2h	4 Preparación material foto para Brais e Marcos 1h	5 Memoria foto Vero Boquete 2h	6 Xestión rodaxe e visionado referentes 4h	7	8
9	10	11	12	13 Rodaxe Vero 6h	14	15
16	17	18	19	20	21 Gravación recursos Vero 6h	22 Probas intro Vero 3h
23 Memoria foto A Panadería 5h	24 Visionado referentes 4h Cortar tela A Panadería 2h	25	26 Revisión guión, off Víctor, preparación foto, reunión precia a rodaxe 12h	27 Rodaxe A Panadería, xestión brutos e BSO 12h	28	29
1	2	NOTAS				
Cronograma Febreiro 2020 A mocidade e a lingua Paula Quiroga						

Marzo 2020

DOMINGO	LUNES	MARTES	MIÉRCOLES	JUEVES	VIERNES	SÁBADO
1	2	3	4	5	6	7
	Contabilidade, material, reunión con Meri e montaxe 8h	Nomes programa 4h	Música e montaxe Iria 5h	Postpo cor Iria 8h	Postpo cor Iria 5h	
8	9	10	11	12	13	14
Script Vero Organización brutos e son Carracedo 9h	Montaxe Vero 10h	Montaxe Vero 12h	Cor Vero 12h		Cor Vero 12h	
15	16	17	18	19	20	21
Cor Iria e Son 15h	Corección cor Vero 12h	Cambios montaxe Carracedo 5h			Reunión TFG Skype con tutores 1h	
22	23	24	25	26	27	28
	Procesado, exportado e subida 3h	Cambios Vero 8h				
29	30	31	1	2	3	4
		Script e visionado A Panadería 2h				
5	6	NOTAS				

Cronograma Marzo 2020 A mocidade e a lingua Paula Quiroga

Abril 2020

DOMINGO	LUNES	MARTES	MIÉRCOLES	JUEVES	VIERNES	SÁBADO
29	30	31	1	2	3 Sincro brutos A Panadería 3h	4
5 Sincro brutos A Panadería 1h	6	7 Visionado 2 Brutos A Panadería 3h	8 Reducción duración das pezas 2h	9 Reducción duración das pezas 2h	10	11
12	13	14	15	16	17	18 Montaxe A Panadería 2h
19	20 Montaxe A Panadería 2h	21	22 Corrección montaxe A Panadería 5h	23 Cor A Panadería 5h 45 min	24	25
26	27	28 Minutado grafismo 2h	29	30	1	2
3	4	NOTAS				
Cronograma Abril 2020 A mocidade e a lingua Paula Quiroga						

Maio 2020

DOMINGO	LUNES	MARTES	MIÉRCOLES	JUEVES	VIERNES	SÁBADO
26	27	28	29	30	1	2 Visionado referencias grafismo 1h
3	4 Reunión grafismo 2h	5	6 Son Iria 3h	7 Son Iria 1h	8	9
10	11 Son Vero Boquete 2h	12	13	14	15 Visionado primeiras probas de grafismo e resposta 30 min	16
17	18 Procesado, exportado e subida últimas versións 5h	19	20 Descarga e tutoriais After effects 3h	21 Probas fluxo de traballo grafismo 2h	22 Reunión TFG, paso a limpo cronogramas 5h	23 Documentación TFG 6h
24 Documentación TFG 8h	25 Revisión parte Xian Efectos transición grafismo 3h 30 min	26 Estudo de mercado 2h	27	28 Reunión con Xian 3h Preparación docu para Anaisa 1h	29 Reunión TFG con Anaisa 2h	30 Estudo de mercado e metodoloxía 2h
31 Unión documentos e correccións 6h	1	NOTAS				
Cronograma Maio 2020 A mocidade e a lingua Paula Quiroga						

Xunio 2020

DOMINGO	LUNES	MARTES	MIÉRCOLES	JUEVES	VIERNES	SÁBADO
31	1 Captura memorias de foto 5h	2 Captura guións técnicos e plans de rodaxe 3h	3 Probas grafismo intros 3h	4	5	6 Montaxe grafismo intros 2h
7	8 Montaxe grafismo nomes 3h	9 Redacción TFG 5h	10	11 Redacción TFG 4h	12 Captura cronogramas 1h	13 Redacción TFG 3h
14	15 Redacción TFG 10h	16 Redacción TFG 8h	17 Redacción TFG 6h	18 Redacción TFG 9h	19 Redacción TFG 9h	20 Redacción TFG 8h
21	22	23	24	25	26	27
28	29	30	1	2	3	4

5 6 NOTAS

Cronograma Xunio 2020 A mocidade e a lingua Paula Quiroga

9. BIBLIOGRAFÍA

- Baceiredo, Rebeca (2006). O suxeito posmoderno. Galaxia.
- Blank, L. (Dirección). (1980). Werner Herzog eats his shoe [Película].
- Brown, B. (2008). Teoría y práctica. La creación de imágenes para directores de fotografía, directores y operadores de cámara. Barcelona: Ediciones Omega.
- Burns, Ken (2018). Masterclass.
- Castells, Manuel. (2002). La Era de la Información. Vol. I: La Sociedad Red. México, Distrito Federal: Siglo XXI Editores.
- Deputación da Coruña. (17 de setembro de 2018). O galego, a miña lingua propia. Obtenido de dacoruna.gal: <https://www.dacoruna.gal/normalizacion-linguistica/o-galego-miña-lingua-propia/#>
- Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado . (4 de maio de 2020). Lingua de namorar. Obtenido de xuventude.net: <http://xuventude.xunta.es/linguadenamorar>
- Domínguez, L. A. (2012). Mocidade, lingua e redes sociais. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- Deputación da Coruña. (17 de setembro de 2018). O galego, a miña lingua propia. Obtenido de dacoruna.gal: <https://www.dacoruna.gal/normalizacion-linguistica/o-galego-miña-lingua-propia/#>
- Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado . (4 de maio de 2020). Lingua de namorar. Obtenido de xuventude.net: <http://xuventude.xunta.es/linguadenamorar>
- Domínguez, L. A. (2012). Mocidade, lingua e redes sociais. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- Giddens, A. (ano??). Identidade (s.d). Recuperado de: <http://teoriasdacomunicacion.com>
- González Lorenzo, Manuel (1984). Bilingüismo en Galicia, problemas y alternativas. Servizo de publicacións da USC
- Herzog, Werner (2019). Masterclass.
- Monteagudo, H., Loredó, X. e Vázquez, M (2018). Lingua e sociedade en Galicia. Resumo de resultados. 1992 - 2016. Real Academia Galega (RAG). <http://publicacions.academia.gal/index.php/rag/catalog/view/327/328/1053-1>
- Moreno Cabrera, Juan Carlos (2016). La dignidad e igualdad de las lenguas: Crítica de la discriminación lingüística (Alianza Eeditorial, 2ª Edición)
- Nair, M (2018). Masterclass.
- Outeiriño, Manuel (s.d) Sobre a identificación. teoriasdacomunicacion.com
- RAG (2001). Estatutos da Real Academia Galega. <https://academia.gal/estatutos>

RAG (2020). A RAG alerta no Día da lingua materna da creba da transmisión lingüística interxeracional. Recuperado de https://academia.gal/inicio/-/asset_publisher/m2gF/content/a-rag-alerta-no-dia-da-lingua-materna-da-creba-da-transmission-linguistica-interxeracional

Secretaría Xeral de Política Lingüística. (1 de xullo de 2019). O galego crea ambiente. Obtenido de O portal da lingua galega: https://www.lingua.gal/o-galego/promovelo/rede-de-dinamizacion-linguistica/programas/_/contido_0131/

Secretaría Xeral de Política Lingüística. (1 de xullo de 2019). O galego crea ambiente. Obtenido de O portal da lingua galega: https://www.lingua.gal/o-galego/promovelo/rede-de-dinamizacion-linguistica/programas/_/contido_0131/

Sorkin, Aaron (2019) Masterclass.

Vizoso, S. (23/05/2020). Alerta lingüística en Galicia: los niños y jóvenes pierden el gallego. El País. Recuperado de https://elpais.com/sociedad/2019/12/25/actualidad/1577298134_836789.html

Xunta de Galicia. (21 de setembro de 2004). Plan xeral de normalización da lingua galega. Obtido de O portal da lingua galega: https://www.lingua.gal/a-secretaria-xeral/plans-e-actuacions/_/contido_0001/plan-xeral-normalizacion-lingua-galega

Xunta de Galicia. (3 de xullo de 2019). Plan de dinamización da lingua galega na mocidade. Obtido de O portal da lingua galega: https://www.lingua.gal/a-secretaria-xeral/plans-e-actuacions/_/contido_0003/plan-dinamizacion-lingua-galega-mocidade

Xunta de Galicia. (11 de maio de 2020). 21 días co galego. Obtenido de [xunta.gal: https://blogs.xunta.gal/21diascogalegoemais/](https://blogs.xunta.gal/21diascogalegoemais/)

10. FILMOGRAFÍA

Arnold, A. (Dirección). (2012) Whutering Heights [Película].

Aronofsky, D. (Dirección). (2010) Black Swan [Película].

Bendjelloul, M. (Dirección). (2013) Searching for Sugar Man [Documental].

Bergman, I. (Dirección). (1957) Fresas Salvajes. [Película].

Chazelle, D. (Dirección). (2014) Whiplash. [Película].

Estévez, L. (Dirección). (2018) Muller personaxe [Curtametraxe].

Erice, V. (Dirección). (1983) El Sur [Película].

Goteira, A. (Dirección). (2016) DHOGS [Película].

Herzog, W. (Dirección). (1971) Silence and Darkness [Documental].

Kar-Wai, W. (Dirección). (1994) Chucking Express [Película].

Kar-Wai, W. (Dirección). (1995) Fallen Angels [Película].

Kar-Wai, W. (Dirección). (2000) In the mood for love [Película].

Kar-Wai, W. (Dirección). (2007). My Blueberry Nights [Película].

Kiarostami, A. (Dirección). (1990) Close - Up [Película].

Laxe, O. (Dirección). (2019) O que arde Oliver. [Película].

Les Blank (Dirección). (1980) Werner Herzog eats his shoe [Documental].

Medem, J. (Dirección). (2007) Caótica Ana [Película].

Oppenheimer, Joshua. (Dirección). (2014) The look of silence [Documental].

Panahi, J. (Dirección). (2011) In Film Nist [Documental].

Patiño, L. (Dirección). (2013) Costa da morte [Documental].

Pawlkowski, P. (Dirección). (2013) Ida [Película].

Sang Soo, H. (Dirección). (2018) Gangbyeon Hotel. [Película].

Sang Soo, H. (Dirección). (2017) La cámara de Claire. [Película].

Sang Soo, H. (Dirección). (2017) Sola en la Playa [Película].

Wenders, W. (Dirección). (1984) Paris Texas [Película].

Wenders, W. e Ribeiro Salgado, J. (Dirección). (2014) The Salt of the Earth [Documental].

CONSEGUIREMOS

ARETA BOLADO AILÉN KENDELMAN NOELIA CASTRO DANIEL CELESTER ANDRÉS GOTEIRA SARA HERMO LAURA LAMONTAGNE
ALEJANDRO GUILLÁN VERO BOQUETE VÍCTOR PEREZ IRIA VEIGA ÁNGEL CARRACEDO

DIRECCIÓN, FOTOGRAFÍA, MONTAJE PAULA QUIROGA GUION LOIS ALCAYDE PRODUCCIÓN MERITXELL ÁLVAREZ

